

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 13

SESION ORDINARIA (agosto) 4 DE SETEMBRO DE 2014

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, M^a Olga
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Velo Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luis
Araújo Pereira, Marcos.
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTEN

Beiro Diz, Pablo (Partido Popular)
Bernárdez de Dios, Antonio (Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e nove minutos do día catro de setembro do ano dous mil catorce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Alonso Suárez, Alvarez Pérez, Araújo Pereira, Cendón Alonso, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Velo Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da

Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno do Concello número 13, sesión ordinaria convocada para o día de hoxe ás nove horas, orde do día en poder das señoras e señores concelleiros, constátase quórum, ábrese sesión pública, iniciamos coa orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1(127).- ACTAS ANTERIORES: (SESIÓN ORDINARIA DO 30.06.2014).

Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do 30 de xuño de 2014.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1(128).- PROPOSTA DE ACORDO DE IRMANAMENTO DA CIDADE DE VIGO COA CIDADE DE CELAYA (ESTADO DE GUANAJUATO NOS ESTADOS UNIDOS MEXICANOS). EXPTE. 967/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 29 de agosto de 2014 o xefe de RRPP e Protocolo formula a seguinte proposta:

“O irmanamento de cidades é un concepto polo que pobos ou cidades de distintas zonas xeográficas e políticas emparéllanse para fomentar o contacto humano e os enlaces culturais e sociais. É hábito irmanarse con cidades no estranxeiro de

características similares, como é o caso de Celaya (México)

Non existindo lexislación aplicable, os irmanamentos rexeranse polos acordos que as Corporacións adopten, previos os contactos dos seus representantes municipais , fixando nos mesmos o obxectivo común .

Por isto,

Establecidos os contactos cos representantes municipais de Celaya (México) (xuntos no presente expediente), procederá o acordo do Pleno da Corporación , previa remisión a Comisión de Cultura

Unha vez ditaminado por esta remitirase ó Pleno da Excma. Corporación

Posteriormente, determinaranse as datas do Irmanamento incluíndo necesariamente nos mesmos a firma sinatura protocolaria.

Por todo isto ó Pleno da Excma Corporación propónse adopte o acordo seguinte...”

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 1 de setembro de 2014, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

DEBATE:

SRA. VELOSO RÍOS: Nós queremos intervir fundamentalmente para preguntar a orixe desta proposta de irmanamento coa cidade de Celaya, xa presentamos a pregunta nas comisións informativas onde se trouxo este asunto como urxente, fora da orde do día, e polo tanto nese momento non puidéramos consultalo expediente, visto o expediente tampouco atopamos a xustificación, cal é orixe desta decisión, de onde sae, con que obxectivo, cal é o motivo para realizar este irmanamento e sobre todo con que obxectivo. Gustaríanos que por parte do Goberno se nos clarexase porque en principio non é que teñamos ningún problema pero si que nos gustaría que se ampliase un pouco mais a información porque non expediente non consta unha información detallada sobre este asunto.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: A nós agrádanos enormemente que se deran conta da importancia que ten para Vigo alianzas cos Estados Unidos mexicanos, este país dende hai tempo está en boca de todos, pero non só no sector do automoción, moi importante e estratéxico para Vigo, senón tamén no sector naval, da agricultura sobre todo na parte de transformación, e nese sentido temos que apoiar calquera sector, iniciativa que sirva para potenciar máis aínda a nosa actividade económica, sobre todo tal como vimos recentemente, coa problemática xurdida en torno ao sector naval e como se está recuperando gracias a estas alianzas estratéxicas. Gustaríanos que este tipo de actos, de manifestacións non só se quedaran no Pleno, senón que fora algo continuo no tempo e que se manifestara desa forma, cun apoio unánime por parte de todos cara este tipo de alianzas estratéxicas que redundan nunha mellora económica para Vigo.

PRESIDENCIA: Por dar información ao Grupo do Bloque Nacionalista Galego que o solicita, este irmanamento xorde dunha transmisión de intención de empresarios vigueses e traballadores vigueses afincados en Celaya, Celaya é unha grande cidade produtora de automóviles, produce en torno a dous millóns de automóviles anuais, o mercado é Estado Unidos fundamentalmente, e un número significativo de empresarios vigueses/as está neste momento cooperando con esas fábricas de automóviles a través da industria da automoción e diferentes accións industrias. Un número significativo de vigueses/as traballan neste momento alí, e a través dalgún destes empresarios iniciamos os contactos co Goberno Municipal de Celaya, descubrimos que temos un número importante de sinerxias que seguramente poderemos desenvolver, pola súa parte dende ámbitos empresariais vigueses montouse unha misión de empresarios e traballadores de Celaya que ao longo deste mes van vir a Vigo, desenvolvemento dese proceso de cooperación na fabricación de automóviles, e atendendo a esas peticións parecíanos interesante facer ese irmanamento, pola coincidencia na forma de entender a industria nos lugares.

Por outra banda, non competimos directamente, os mercados automobilistas de Vigo e de Celaya son absolutamente dispares e sen embargo eles si teñen un enorme interese no contacto coa industria de automoción viguesas, que lle chamábamos antigamente industria auxiliar de automóbil e parece significativo e

relevante ter este irmanamento. Eles estannos a propoñer que nalgún momento do mes de novembro, decembro haxa un emisión de Vigo que viaxe a Celaya, veremos se o Concello acepta ou non, pero parece unha idea razoable con empresarios vigueses que viaxen alí. Polo tanto, isto é o que substancia ese irmanamento, creo que hai unha coincidencia moi interesante e que sen dúbida será beneficioso para a cidade de Vigo que se leve adiante.

Por esta razón o sometemos a votación, comparto integramente a opinión do Partido Popular neste punto.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

“Recollendo o sentir das Cidades de Vigo e Celaya (México) e, co gallo de favorecer os intercambio sociais e culturais de ámbalas dúas cidades, e co respecto os principios da Carta de Cidades irmanadas, declarar solemnemente o irmanamento das Cidades de Vigo e Celaya (México) a fin de desenvolver o respecto mutuo a comprensión e a colaboración. “

3.2(129).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL (1). EXPTE. 942/1101

ANTECEDENTES.- Con data 21 de xullo de 2014 a directora de ingresos, presenta proposta de Modificación da Ordenanza Fiscal Xeral que figura na parte dispositiva deste acordo.

Por escrito de data do 24 de xullo, a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

En data de 30 de xullo a Xunta de Goberno Local prestou a súa conformidade ao proxecto da Modificación da Ordenanza Fiscal Xeral, co texto proposto pola Directora de Ingresos no seu informe do 21 de xullo.

Con data 1 de maio, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Conforme sinala o artigo 90.1 do Regulamento Orgánico do Pleno de data 15 de outubro, o secretario xeral do Pleno remitiu aos voceiros dos grupos políticos municipais o texto do proxecto ao obxecto da presentación de emendas.

Dentro do prazo establecido non se presentaron emendas, segundo certificación do secretario xeral do Pleno de data 14 de agosto.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión ordinaria do 1 de setembro, ditaminou aprobar a proposta formulada pola directora de Ingresos con data 21 de xullo de 2014, co texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

DEBATE:

PRESIDENCIA: Como é habitual propoñemos que se faga unha intervención única dende os puntos 3.2 ata 3.13, ámbolos inclusive, que son todos aqueles que teñen que ver coas Ordenanzas Fiscais, se os grupos aceptan esta forma de debate propoñería que fixéramos intervencións de dez minutos, dez minutos e unha resposta de cinco minutos por parte do Goberno.

SRA. SILVA REGO: Traemos a este Pleno a aprobación inicial das Ordenanzas Fiscais para 2015, unha vez máis o Goberno Municipal presenta un Plan de Ingresos que ten en conta a situación de crise que padece o nos país e a dificultade da situación económica das familias.

Son unhas ordenanzas que van permitir un ano máis alixeirar a carga fiscal das viguesas/es, de forma moi especial as dos colectivos máis desfavorecidos e máis danados pola consecuencia da crise e dos recortes. Este non é un esforzo novo por parte do Goberno Municipal, dende que comezou a crise e con elas as duras condicións económicas que sofre a cidadanía, temos desenvolvido unha política fiscal social, nos anos 2008, 2009, 2010 e 2011 mantendo inalterada a carga fiscal para a xeneralidade dos contribuíntes. Nos anos 2013 e 2014 cando as

consecuencias da crise máis afectaban á economía da nosa veciñanza, decidimos conxelar a totalidade dos bonos do transporte público urbano así como a taxa de auga e saneamento. Pero non quedamos aí, no ano 2014 conxelamos a totalidade dos impostos, taxas e prezos públicos, a nosa xente o está a pasar moi mal, produto do desemprego, da perda de poder adquisitivo, dos baixos salarios, dos recortes en servizos sociais, dos copagos en sanidade, dos recortes en materia educativa e decidimos aliviar a súas dificultades económicas con esta conxelación de tódolos tributos no 2014.

Este relato que teño feito ata o de agora, sería suficiente para valorar de forma moi salientable a sensibilidade deste goberno, cos padecementos que vive a cidadanía, diminuíndo a presión fiscal sobre os nosos veciños. Fixemos máis, o máis importante, puxemos en marcha o sistema máis completo de bonificacións para as familias con máis dificultades, familias numerosas, monoparentais, parados de longa duración, discapacitados, vítimas de violencia de xénero, taxa de axuda no fogar no que o 22% non paga nada e o restante 78%, paga só o 15% do custe, as escolas infantís nas que están exentos de pago o 45% dos usuarios e tantas e tantas outras medidas de apoio a quen peor o está pasando. Ademais aprobamos aprazamentos e fraccionamentos con carácter excepcional para persoas sen ingresos durante seis meses ou máis, desempregados de longa duración e persoas con renda inferior a dúas veces o IPREM.

Tamén hai que destacar a decisión de apoiar a economía da cidade coa taxa cero de terrazas e coa taxa cero de licencias de actividades, que teñen permitido manter moitos negocios que senón estarían pechados e moitos empregos que de non tomar estas medidas pasarían a engrosar a lista do paro.

Tamén, amparados na lei, bonificamos o 95% do ICIO, imposto de construción, para a colocación de ascensores no barrio de Coia, onde decenas de persoas maiores tiñan que vivir enclaustradas nas súas casas por ter mobilidade reducida e carecer as súas vivendas de ascensores.

Mentres nós facíamos isto, o resto das administracións aumentaban a carga fiscal, facíao o Estado, a Xunta de Galicia e o conxunto dos concellos, de feito o Concello de Vigo ten unha das menores cargas fiscais de Galicia, e da gran maioría dos concellos do Estado, e non o digo eu, son datos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e agora neste Pleno imos dar un paso máis, unha mostra

máis do esforzo que temos feito dende que chegamos ao Goberno. As ordenanzas que hoxe sometemos á aprobación contemplan unha redución do 1,4% no tipo impositivo do IBI e no da recollida de lixo. Tamén se reduce o imposto de vehículos de tracción mecánica nun 2% nos de menor cilindrada e nun 1% nos vehículos entre doce e 15,99 cabalos fiscais.

En termos reais a redución destes impostos ascende ao 3,23%, estou segura de que esta importante redución fiscal non se vai producir en ningún outro lugar e falo con coñecemento de causa, sei que no resto das grandes cidades de Galicia non se vai producir esta importante redución fiscal. O resto dos impostos e taxas se conxelan o que significa en termos reais unha redución do 1,8%.

Estas Ordenanzas, por outra parte, seguen apoiando aos que máis precisan da acción do público, se incrementa o número de persoas que poden gozar da bonificación do 90% no IBI e na recollida de lixo, haberá máis persoas que se poidan beneficiar. Por primeira vez establécese no IBI unha segunda bonificación para aquelas familias numerosas nos que o ingreso bruto percápita estea entre 6.158 e 7.868 euros. Incrementábase o número de persoas que poden acceder á exención nas escolas infantís e polo tanto un maior número de nenas/os vigueses/as terán un acceso totalmente gratuíto ás escolas infantís municipais.

A presión fiscal diminúe para os discapacitados, para as vítimas de violencia de xénero, para as familias monoparentais, para os desempregados con cargas familiares, para os maiores de 65 anos, para as persoas que viven soas ou para os dependentes, faise na maioría dos tributos.

Por último, introdúcese o pagamento dos tributos do padrón periódico en dez mensualidades dende febreiro a novembro, sen garantía nin xuros de demora, isto vai facilitar o pagamento á cidadanía, xa o tiñamos en marcha para as persoas con máis dificultades, agora se xeneraliza. Non menos importante é o esforzo que se está a facer para impedir o fraude fiscal, tamén neste senso somos un exemplo a seguir, temos traballado a reo para eliminar as bolsas de fraude, ningún outro goberno o tiña feito. Tamén quero sinalar que se ten feito un enorme traballo para facilitar os tramites á cidadanía, para isto temos contado e queroo recoñecer, co bo traballo realizado pola responsable e polos funcionarios da área e de Tributos. Mellorouse de forma salientable a atención personalizada e telemática, porque entendemos que tanto o goberno como os funcionarios somos servidores públicos

que temos a obriga de dispensar un trato óptimo aos cidadáns.

Por todo o exposto, creo que estas son as Ordenanzas Fiscais máis sociais da historia deste Concello, votalas en contra ten moi difícil explicación porque en definitiva estamos propoñendo unha importante rebaixa fiscal, a máis importante do conxunto das administracións, pero ademais tamén cunha profunda sensibilidade sociais, xa que os que máis se benefician son os que máis dificultades están a sufrir.

Estou convencida e o quero repetir que non hai ningunha outra administración que teña feito máis esforzo para aliviar a carga fiscal da cidadanía e conseguir con iso que as familias non teñan unha dificultade engadida ás moitas que xa sofren, e todo iso sen restar ningún euro as prestacións sociais, ás axudas ás persoas máis necesitadas, á creación de emprego, comedores escolares, á construción de garderías, axudas aos dependentes, atención as mulleres vítimas de violencia de xénero, ás axudas ao fogar, á teleasistencia, a atención á cultura, ao deporte, á recuperación do noso patrimonio histórico e medio ambiental, á humanización, dignificación e embelecemento e saneamento de toda a cidade e tantos e tantos proxectos que ven aumentadas as súas partidas en cada Orzamento, rebaixas fiscais pero aumentos dos servizos que se lle prestan á cidadanía. Si señores concelleiros parece un milagre pero non o é, é unha cuestión de traballo, de planificación, de compromiso e de boa xestión.

Finalizo dicindo que a política de ingresos deste Concello son un exemplo a seguir, no ano 2015 a cidadanía volverá a contar con políticas de ingresos pensadas e deseñadas pensando nas persoas. E non quero acabar sen poñer en valor que con estas Ordenanzas cumprimos coa acordo Orzamentario que acadamos co Grupo Municipal do Partido Popular, somos un Goberno serio que cumpre a súa palabra, neste caso coa satisfacción de que permite manter a nosa liña política de reducir a carga fiscal de tódolos vigueses/as e en especial dos colectivos máis desfavorecidos. Espero, polo tanto, que estas Ordenanzas de claro contido social poidan ser aprobadas por unanimidade, se non fora así os que as voten en contra terán que dar moitas explicacións e dende logo, argumentos racionais e de política social non poderán aducir porque simplemente non existen, os feitos no caso do Goberno Local, avalan o noso discurso, espero que os discursos de outros que se teñen a decisión de votar en contra, avalen tamén os seus feitos, e xa lle digo que

non, non hai ningún outro goberno municipal con esta política fiscal social tan avanzada.

SRA. VELOSO RÍOS: Na nosa quenda imos dar explicacións efectivamente, pero nós damos explicacións á cidadanía, non lle damos explicacións a vostede Sra. Silva, imos dar explicacións á cidadanía da nosa posición como fixemos sempre, igual que vostedes van ter que dar explicacións á cidadanía deste pacto co Partido Popular e desta aplicación da política fiscal do Partido Popular tamén no Concello de Vigo.

Esta proposta que nos traen de Ordenanzas Fiscais é precisamente a aplicación das políticas fiscais do Partido Popular, que fan e propoñen rebaixas fiscais lineais e nada progresivas nun momento de crise no que é necesario garantir servizos públicos, recursos e apoios para as familias que máis o necesitan na nosa cidade, que a presión fiscal se rebaixe ás familias que máis o necesitan na nosa cidade, e non aplicar un sistema fiscal que é o que está a aplicar o Partido Popular no Goberno do Estado e no Goberno da Xunta de Galicia, tamén neste Concello cun fin igual que o acordo orzamentario puramente partidista e electoralista, esas son as explicacións que cada un dos grupos que estamos aquí imos ter que dar, pero explicacións á cidadanía non a vostedes, Sra. Silva.

Vostede acaba de explicarnos esta proposta e esquécese dunhas cantas cousas, nós insistimos na proposta que fixemos o ano pasado de establecer un sistema fiscal neste Concello que fose progresivo e este non o é, porque vostedes manteñen os prezos das escolas infantís, conxelan os prezos das escolas infantís, vaise pagar o mesmo esta ano que o ano pasado, mentres que rebaixan os impostos aos vehículos de luxo nesta cidade, esa é a realidade, isto non é progresivo, non é defender ás familias que máis o precisan porque vostedes non están rebaixando a taxa do lixo, nin a taxa por licencias e actividades aos pequenos comercios da cidade e non están aumentando as taxas do lixo ou as taxas de licencias e actividades as grandes superficies comerciais, como por exemplo, estaba propoñendo o Bloque Nacionalista Galego para as Ordenanzas deste ano, as que se aprobaron por certo bastante tarde, precisamente por ese traballo que tiñan que facer de pacto entre o Partido Popular e o Partido Socialista, para conseguir recursos para esta cidade e que o sistema fiscal permitise unha redistribución dos recursos desta cidade.

Vostedes non están buscando recursos nas empresas que pagan o imposto de actividades económicas na nosa cidade, que quero lembrar que é un imposto que pagan aquelas empresas con cifras de negocio superiores a un millón de euros, pero manteñen os prezos das escolas deportivas municipais, manteñen os prezos das educacións especiais neste concello. Esa é realidade, é que vostedes non están aplicando medidas que si realmente se adaptarían ás necesidades desta cidade nun momento de crise como o que estamos a atravesando agora mesmo.

Eu quero lembrar as propostas que vostedes xa non quixeron sequera debater, que non quixeron aceptar, non quixeron estudar para as Ordenanzas deste ano no que estamos agora mesmo, e que propoñía o Bloque Nacionalista Galego. Nós propoñíamos por exemplo, que se lle cobrase o imposto de bens inmobles á Igrexa e se bonificase á Universidade, nós propoñíamos que se actualizase o imposto de actividades económicas para as grandes empresas, nós propoñíamos unha rebaixa da taxa do lixo e da taxa licencias de actividades económicas para os pequenos comercios da cidade e que se actualizase a taxa do lixo e a taxa para as licencias para as grandes superficies, nós propoñíamos unha serie de cousas que a vostedes non lle interesaron e que agora seguen sen aplicar, pero iso si neste mesmo momento aplican vostedes unhas rebaixas que non teñen nada que ver coa renda, coa situación económica das persoas que as pagan. Voulle poñer un exemplo a ver se o entendemos así, un vehículo de luxo poñamos por exemplo un BMW, 520 touring que teña dous cilindros, que poida chegar a custar máis de 50.000 euros, vai ver rebaixado o imposto de vehículos, ou por exemplo un BMW Z4 roadster, pois agora poderase vender como un vehículo exclusivo e que agora pagará menos impostos neste Concello que o ano pasado, pero iso si, neste Concello non se pode poñer en marcha un bono-bus para as persoas desempregadas, ou non se mantén nos Orzamentos un bono-taxi para as persoas con discapacidade que ata agora tiñan o bono-taxi para poder desprazarse. Esas son as políticas que aplica o Partido Popular en Madrid e en Santiago de Compostela e son as políticas fiscais que están aplicando vostedes neste Concello e evidentemente esta redución de impostos que non se ve compensada de ningunha maneira, vai supoñer unha redución dos gastos neste Concello porque vai supoñer unha redución dos ingresos neste Concello. E a redución dos gastos en que se vai plasmar? Vaise plasmar en que para os Orzamentos do ano que ven, de novo vansen reducir os cartos que se

dediquen ós servizos sociais, que xa se reduciron neste Orzamento nun 1,2 millón de euros. Vanse reducir os cartos adicados á promoción do emprego que xa se reduciron neste Orzamento en 700.000 euros? Vanse plasmar en que siga sen haber un bono-bus para as persoas desempregadas e en que se suba o billete ordinario do VITRASA que é o que ten que pagar agora a xente que non estea empadroada en Vigo aínda que traballe e estude na nosa cidade? Vaise plasmar en todo iso? Van volver subir vostedes o billete do autobús? Porque mire nós o ano pasado tamén poñíamos unha serie de condicións como establecer un bono-bus para persoas desempregadas, como conxelar o billete ordinario do VITRASA, que vostedes no puxeron en marcha, porque a vostedes tampouco lles interesa poñer en marcha estas medidas sociais. Pero tamén falamos do recibo da auga que xa empeza a ser un “culebrón”, canto tempo leva este goberno prometendo unha modificación do recibo da auga para aplicar unha nova tarificación, na que o que se busque sexa precisamente favorecer as persoas que máis o necesiten para ter un ben de primeira necesidade e non manter os beneficios dunha empresa concesionaria, que vostedes por certo lle prorrogaron o contrato de maneira unilateral. Estamos aínda agardando e isto estaba dentro xa das Ordenanzas de 2012, e estamos aínda agardando, a xente segue pagando cantidades enormes pola auga, por un servizo básico, esa é a realidade e o que vostedes non queren modificar, vostedes están aplicando as políticas económicas e fiscais do Partido Popular e iso é o que van ter que explicar vostedes, pero non a nós, á cidadanía. Nós, por suposto, cando se manteñen inxustizas como estas nos impostos e nas taxas deste Concello non podemos votar a favor, e estamos a falar do Concello de Vigo, dos cidadáns/ás de Vigo, que son os que nós estamos aquí representando, nós estamos representando á cidadanía viguesa. Estamos representando ás persoas que levan meses agardando por unha axuda de emerxencia, estamos aquí representando tamén ás 3.000 persoas que teñen solicitadas axudas de emerxencia que están bloqueadas nos servizos sociais colapsados e nos que vostedes non están facendo ningún esforzo para dedicar os recursos necesarios. Estamos aquí tamén representando ás persoas que necesitan unha vivenda porque se quedan sen vivenda e non poden contar con vivendas deste Concello porque adícase a vender no mercado inmobiliario corenta vivendas de propiedade municipal. Estamos representando a esas persoas que queren poder utilizar un

autobús para poder buscar traballo, estamos representando tamén aquí a estas persoas e a esas dámoslle explicacións e por elas votamos en contra dun proxecto de Ordenanzas Fiscais que realmente non atende en absoluto ás necesidades das familias que peor o estar a pasar neste momento. Pero que si fan un aceno especial cunha rebaixa de impostos que non ten nada de progresiva e que non reflicte en absoluto ás necesidades da cidadanía no momento de facer fronte ós pagos dos impostos neste Concello ou ós pagos das taxas cando as persoas que teñen os seus fillos nas escolas municipais infantís van ter que pagar exactamente o mesmo que o ano pasado.

Esa é a realidade Sra. Silva, e aquí por suposto estamos para dar explicacións, cada un ten a súa posición e aínda estamos agardando as explicacións do Partido Socialista que nos fagan entender como se pode pactar co Partido Popular neste Concello para aplicar as súas políticas de dereitas, esas son as políticas que vostedes están aplicando aquí.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Hoxe trae o Goberno Municipal ó Pleno a aprobación inicial dunha proposta de modificación das Ordenanzas Fiscais para o ano 2015, estamos falando por tanto, de algo moi importante porque supón xa aprobar o Orzamento de ingresos do Concello de Vigo para o ano que ven. Se estes últimos anos co voto en contra do Partido Popular, os socialistas e os nacionalistas se poñían de acordo sempre para aumentarlle os impostos e as taxas municipais aos vigueses, hoxe imos comprobar que o traballo de oposición serio do Partido Popular valeu a pena, porque por fin o Partido Popular conseguiu que en Vigo se baixen os impostos e as taxas municipais tal e como o viña reclamando estes últimos anos.

Hai que dicir que fronte aos escépticos e fronte aos críticos, hoxe demostrase que o Partido Popular de Vigo tiña razón cando se sentou a negociar o Orzamento municipal, porque gracias a esa negociación e a ese diálogo os vigueses van ver como os seus impostos municipais van baixar o ano que ven, e iso para nós é o único importante, que o ano que ven os vigueses/as van ver como baixan os seus impostos municipais.

Atrás queda un largo e duro camiño no que nunca nos cansamos de reclamar unha baixada real dos impostos, puxéronsenos tódalas trabas posibles, acusóusenos de que queríamos quebrar o Concello, o Goberno en todo este proceso incumpriu

mocións aprobadas por unanimidade sobre asunto, tivemos que forzar un pleno extraordinario, tivemos que forzar tamén unha convocatoria extraordinaria do Consello Social da Cidade de Vigo para que toda a cidade, tódolos representantes que están alí no Consello Social da Cidade de Vigo dixeran que era posible e que querían que en Vigo se baixaran os impostos e as taxas municipais. O Alcalde ata hai pouco, estivo torpedeando cantos intentos houbo de aprobar esta rebaixa de verdade dos impostos, incluso chegou a increpar a aqueles colectivos que non pensaban como el para acusarlles de que estaban ás ordes do Partido Popular.

Pero imos esquecernos de todo ese proceso, porque ese proceso serviu para moitas cousas, para clarexar varias cuestións: unha, que o Alcalde está na máis absoluta das minorías porque non ten nin maioría política, nin social na cidade de Vigo. Dous, que Vigo está sen goberno no peor momento posible. E tres, que tódalas trabas e tódalas descualificacións que padecemos, non conseguiron que o Partido Popular se cale nin que renuncie aos seus principios que é o de baixar impostos.

Sempre dixemos e o seguimos mantendo porque así entendemos a política, que o Alcalde teranos sempre ao seu carón porque é o Alcalde que elixiu a cidade de Vigo e elixiu sobre todo os tres votos do Bloque Nacionalista Galego que agora tanto critica, pero o Alcalde teranos ao seu carón se quere falar e quere negociar, porque cremos que así se fai a política e porque para Vigo, para o Partido Popular de Vigo a cidade e as persoas que viven na cidade de Vigo é o único importante, a cidade de Vigo.

Esta é a forma de facer política que pretende levar a cabo o Partido Popular, e por iso o Partido Popular de Vigo chegou a un acordo co goberno municipal que pasa por una rebaixa dos impostos e taxas municipais, por iso hoxe sentímonos satisfeitos de votar a favor desta rebaixa de impostos, porque se é posible é gracias ao Partido Popular, e tamén queremoslle dicir a cidade de Vigo que este é un primeiro paso do que será unha profunda reforma fiscal que estamos preparando para presentarlle aos vigueses e poñela en marcha se nos dan a súa confianza a partires do ano que ven. Isto é un adianto do que faremos o ano que ven se gobernamos na cidade porque xa o demostramos dende o ano 2004 a 2007 collemos unhas contas con 108 millóns de euros de débeda, e no ano 2007 devolvemos as contas con 47 millóns, baixamos a débeda de 108 millóns a 47 e iso sen subir nin un só ano os impostos, esa é a política que estamos preparando

dende o Partido e dende o grupo municipal.

Creemos que a xestión económica do Concello debe de estar orientada á eficacia, os piares dun goberno aberto, que son os que ir introducindo o Partido Popular de Vigo, basease en ir colaborando a través de mecanismos de transparencia, de espazos de colaboración e de participación sistemática dos cidadáns, das persoas que viven en Vigo para facer a política da cidade.

Queremos unha administración máis eficiente, máis transparente e máis participativa, non queremos, como dicía o Alcalde, quebrar o Concello, queremos iso si, que os aforros que se producen por exemplo, coa amortización anticipada da débeda que foi gracias ao Partido Popular, teña a súa tradución nunha baixada de impostos municipais. Porque a crise, Sra. Veloso, é para todos, afecta a todo o mundo, ás rendas baixas especialmente, estou de acordo con vostede, pero tamén ás rendas medias. Non se entende que dentro duns minutos vostedes presenten unha moción na que se pide á Xunta de Galicia a gratuidade dos libros de texto para todos e agora estean dicindo que as rebaixas teñen que ser só para as rendas baixas, claro que teñen que ser para as rendas baixas, Sra. Veloso, pero tamén para as rendas medias, porque a crise a sofren as rendas medias e as baixas, todo o mundo sofre a crise, tódolos vigueses estamos sufrindo a crise, senón houbesen presentado emendas porque moito falan de cales son as súas ideas para o proxecto de Ordenanzas, pero chegaron as vacacións e debéronas de tomar de moi en serio porque non presentaron nin unha soa emenda ao proxecto que presentou o Goberno para as Ordenanzas. Aí é cando teñen que presentar as súas propostas, no período de emendas. Agora imos aprobar, co voto favorable do Partido Popular, as Ordenanzas en aprobación inicial, terán xa os cidadáns e outros colectivos o momento de presentar alegacións, pero o seu tempo para presentar as súas propostas Sra. Veloso, rematou, por iso estráñanos que agora veñan con este discurso.

Para nós, para o Partido Popular, insisto, o verdadeiramente importante é que 140.000 fogares vigueses van pagar menos impostos e menos taxas municipais e iso é gracias ao Partido Popular, ao noso traballo, a non ceder no noso empeño de que era posible baixarlle os impostos aos vigueses.

SRA. SILVA REGO: Aquí neste Pleno falamos todos para a cidadanía, eu non teño

ningún interese en que ningún concelleiro, nin sequera do meu grupo me teña que dar a min explicacións, a quen hai que darlle explicacións é á cidadanía, e o Bloque Nacionalista Galego vai ter que dar moitas explicacións. A Sra. Veloso, e o digo con moito respecto e cordialidade, non se decata, non estudou as ordenanzas, non sabe de que van estas Ordenanzas, por certo son moitos máis sociais que cando eles no 2008, 2009, 2010 e no 2011 votaron as Ordenanzas que presentabamos, estas son moito máis sociais, van ter que explicar porque as máis sociais que se presentan neste Concello non as votan, e votaron outras que tiñan menos exencións e menos bonificacións para a xente que o pasa mal. Polo tanto, si que vai ter que explicar a Sra. Veloso e ao Bloque Nacionalista Galego moitas cousas á cidadanía. Sabe o que pasa? Señoritas/es cidadás/áns de Vigo que a Sra. Veloso confundiu de Concello, ela non sabe que está no Concello de Vigo, cree que está no Concello de Pontevedra onde si que é certo que non se toma ningunha medida fiscal nin comparable coas que se toman neste Concello. O discurso da Sra. Veloso é un discurso baleiro, propio da xente que non ten política fiscal alternativa que non a ten porque é ben certo Sra. Veloso, vostedes non presentaron emendas porque non presentaron vostedes unha emenda concreta coa súa proposta fiscal alternativa, porque non a teñen, Sra. Veloso, vostedes fan a peor política posible que se pode facer, é sabe cal e? A da destrución, vostedes non son capaces de construír nada, nunca teñen unha proposta que se poda nin sequera comparar coa deste goberno municipal, que é un goberno de esquerdas, social, que toma as medidas que ningún outro concello toma para defender a situación terrible que están a pasar moitas viguesas/es.

Voulle poñer un exemplo, onde gobernan vostedes soben os prezos das garderías, nós temos as garderías máis baratas de España, 50% gratis e subvencionamos o 80% dos nenos/as que van a esas garderías, eses son os feitos, falar por falar, con discursos baleiros non vale para nada, porque non é certo que vostedes non representan as persoas que peor o pasan, non Sra. Veloso, vostede representa aos seus xefes, que lle dixeron que ten que vir aquí a facer este discurso destrutivo sen ningún contido, sen alternativa para ver se son capaces de recuperar todo o apoio electoral que teñen perdido e gañado outros, e vostede o cre porque llo mandan os seus xefes que é a quen representan, que vindo aquí a facer estes debates o vai conquistar e equivocase radicalmente, Sra. Veloso, a vostede non a cre ninguén,

vostede vai ter que explicar porque votan en contra destas Ordenanzas, vostedes non queren que aliviemos as cargas dunha cidadanía que está a ter serios problemas económicos? Que as familias numerosos non teñan unha nova bonificación do 50% no IVE, ou que se aumenten as familias que van poder ter unha bonificación do 90%, ou que se aumenten os números de nenos/as que non van ter que pagar nin un euro nas garderías infantís municipais, iso é o que vostede quere, Sra. Veloso?. Sra. Veloso, voulle dicir unha cousa, que ao mellor hoxe voulle facer un favor ás pontevedresas/es, o Bloque Nacionalista Galego que goberna no Concello de Pontevedra a día de hoxe non ten decidido tomar ningunha medida de alixeirar a carga fiscal aos cidadáns desa cidade ao día de hoxe, é probable que despois de escoitarme a min dicir ao mellor tomen algunha decisión para favorecer ás pontevedresas/es e polo tanto terán unha política fiscal copia deste concello que é o que ten a política fiscal máis reducida e máis social de tódolos os concellos de Galicia por suposto, pero tamén da maioría de España.

Sr. Fidalgo, este goberno non está só, ten o apoio da xente, vaia vostede a rúa, mire como nos apoia a xente. En segundo lugar, pero que política fiscal lle promete aos cidadás de Vigo se xa o fixo o Sr. Rajoy no 2011 e subiu 50 impostos.

PRESIDENCIA: Temos que votar dende o punto 3.2 ata o punto 3.13 ámbolos inclusive, tense que votar un a un, fágolle a proposta aos grupos, se por consenso valeríanos facer unha votación conxunta de tódolos puntos de Ordenanzas Fiscais para evitar 15 votacións continuadas. Procedemos á votación dos puntos 3.2 a 3.13 ambos inclusive.

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres votos en contra dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez,

Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a seguinte Modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

“ARTIGO 12.- TRAMITACIÓN

3. As peticións das persoas interesadas tramitaranse polo departamento que teña competencia no plan de actuación sectorial ao que se alude no artigo 11.3 anterior así como pola administración tributaria do Concello previa obtención de datos da AEAT.

4. As exencións e bonificacións que afecten a taxas de exacción periódica (padrón fiscal) haberán de solicitarse para cada período impositivo, surtindo efectos para o período impositivo seguinte ao da súa solicitude.

ARTIGO 46 BIS.- CONTA FÁCIL 10.

1. A Conta Fácil 10 é un sistema especial de pagamento que permite fraccionar o pagamento, sen devindicación de xuros nin necesidade de presentar garantías, da cota a pagar por todos os tributos de cobramento periódico e notificación colectiva devindicados o 1 de xaneiro de cada ano dos que sexa titular un mesmo obrigado ao pagamento, mediante o ingreso periódico de 10 cotas mensuais consecutivas.

2. Os tributos aos que se refire o apartado anterior son os seguintes:

1. Imposto sobre Bens Inmóbles.
2. Imposto sobre Actividades Económicas.
3. Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
4. Taxa pola recollida do lixo domicilliaria.
5. Exaccións Unificadas Industriais.

3. Poderán acollerse ao sistema especial de pagamentos previsto no presente artigo aqueles suxeitos pasivos que reúnan os seguintes requisitos:

a) Non manter co Concello de Vigo débedas ou sancións tributarias en período executivo a data 31 de decembro do ano anterior ao da devindicación dos tributos fraccionados, salvo que se trate de débedas ou sancións tributarias que se encontren aprazadas, fraccionadas ou cuxa execución estivese suspendida.

b) Que a suma do importe total anual da cota tributaria en período voluntario de todos os tributos sinalados no apartado primeiro sexa superior a 200 euros. O devandito importe calcularase tomando como referencia os datos do exercicio anterior ao da aplicación do sistema, incluídos os beneficios fiscais que lle correspondan.

c) O pagamento de todas as cotas mensuais deberá realizarse mediante domiciliación bancaria nunha conta aberta nunha entidade de crédito da que o obrigado

ao pagamento sexa titular. O pagamento poderá domiciliarse nunha conta que non sexa de titularidade do obrigado, sempre que o titular da devandita conta autorice a domiciliación.

d) Figurar como suxeito pasivo do I.B.I. ou do I.A.E..

4. Os pagamentos realizaranse en 10 cotas mensuais con cargo en conta o día cinco ou inmediato hábil posterior dos meses de febreiro a novembro, ambos os dous incluídos.

5. O interesado en acollerse á Conta Fácil 10 deberá presentar a solicitude antes do 31 de decembro do exercicio anterior a aquel en que se poduzca a devindicación dos tributos fraccionados.

6. A solicitude deberá presentarse por medios telemáticos, a través da carpeta do cidadán, de modo que o obrigado ao pagamento poida coñecer on line, no mesmo momento da presentación, os seguintes extremos:

6. Día e hora en que se producise a presentación.

7. A aceptación ou rexeitamento da solicitude.

8. Os motivos, se é o caso, do rexeitamento.

9. Os recibos incluídos no sistema.

10. O importe estimado da cota mensual.

De todas as circunstancias anteriores poderá obter un xustificante en formato PDF para a súa descarga ou impresión.

7. Cotas. De acordo cos datos que obran no seu poder, a Administración efectuará unha estimación do importe das cotas que o interesado debe pagar en cada fracción, sendo as 9 primeiras de igual importe, e determinándose a última pola diferenza entre a suma da cota anual a pagar correspondente a todos os recibos fraccionados, menos o importe das 9 primeiras cotas. Se da liquidación practicada para obter o importe da última cota resultase unha cantidade a favor do contribuínte, procederase á súa devolución de oficio, sen necesidade de que o interesado o solicite.

8. En calquera caso, para a determinación anual das cotas mensuais en exercicios sucesivos, se incorporarán automaticamente as novas unidades fiscais incorporadas aos padróns dos tributos municipais de cobramento periódico e notificación colectiva, sen necesidade de que o interesado o solicite.

9. A solicitude de alta producirá os seus efectos por tempo indefinido, en tanto non sexa solicitada por escrito a baixa polo interesado, sexa rexeitada algunha das cotas pola entidade de crédito por calquera motivo, ou a Administración dispoña expresamente a súa invalidez por razóns xustificadas. Nestes casos, o sistema de pagamento pasará a ser o sistema normal, de acordo cos prazos sinalados no calendario do contribuínte.

No suposto de que a baixa teña lugar ao longo do exercicio, as cotas ingresadas aplicaranse aos recibos de maior a menor antigüidade, determinada pola data de finalización do período voluntario de ingreso de cada un deles. No suposto de que dous ou máis tributos teñan a mesma data de finalización do período voluntario, as cotas

ingresadas aplicaranse aos recibos de menor importe.

Cando, unha vez efectuada a aplicación das cotas ingresadas "a conta" segundo o disposto no parágrafo anterior, resulten recibos total ou parcialmente impagados respecto dos que finalizase o período voluntario de ingreso, procederá ao cobramento do importe pendente polo procedemento administrativo de prema, de acordo co previsto na normativa recadatoria.

10. Os interesados deberán comunicar expresamente ao servizo de Recadación Municipal calquera cambio dos datos contidos na solicitude inicial antes do 31 de decembro de cada exercicio, que producirá os seus efectos no exercicio inmediato seguinte.

11. Para obter un certificado de atoparse ao corrente do pagamento de calquera dos tributos acollidos a esta modalidade de pagamento, será necesario que se producise o pagamento íntegro do devandito tributo de acordo co disposto no parágrafo segundo do punto 9 do presente artigo sobre aplicación de cantidades a conta.

CAPITULO III. PROCEDEMENTO DE XESTIÓN TRIBUTARIA.

ARTIGO 60.- A XESTIÓN TRIBUTARIA.

3. O réxime de autoliquidación será supletorio do disposto na correspondente ordenanza en todos os tributos e prezos públicos deste Concello.

No caso de que non se realizase o ingreso dentro da data límite de pagamento que consta na propia autoliquidación provista de código de barras, aquela seguirá o procedemento previsto no artigo 160 e seguintes da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

A sede electrónica do Concello dispón de simuladores de autoliquidacións nos que o suxeito pasivo obterá información respecto da contía a ingresar segundo as diferentes variables que afectan a cada feito impositivo concreto. Utilizando os simuladores obtéñense borradores que non dan orixe a documento con código de barras, e polo tanto non xeneran ningunha obriga de pagamento.

Sen embargo, cando un contribuínte emite unha autoliquidación con código de barras está cumprindo a obriga tributaria de declarar. No momento no que realiza o pagamento, cumprimenta a obriga tributaria principal. O mesmo sucederá con autoliquidacións emitidas polos servizos tributarios do Concello, no labor de asistencia ao contribuínte de xeito presencial.

Para o caso de que o suxeito pasivo tivera emitido unha autoliquidación con código de barras e data límite de pagamento, e desexara rectificar ou anular aquela, deberá realizar este trámite conforme ao disposto no artigo 120.3 da Lei xeral tributaria que regula o procedemento de rectificación de autoliquidacións.

ARTIGO 86.- DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS.

5. Non será ingreso indebido aquel que tivese lugar por incumprimento de obrigas formais por parte do obrigado tributario, así como denegación de licenzas ou autorizacións por non contaren coas condicións esixidas pola normativa da aplicación.

Se por aplicación da normativa do tributo, nestes casos, procedera unha devolución de ingresos, realizarase a citada devolución sen abono de xuros.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2015 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.”

Segundo.- Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

3.3(130).- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (2).EXPTE. 943/1101

ANTECEDENTES.- Con data 21 de xullo de 2014 a directora de ingresos, presenta proposta de Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles que figura na parte dispositiva deste acordo.

Por escrito de data do 24 de xullo, a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

En data de 30 de xullo a Xunta de Goberno Local prestou a súa conformidade ao proxecto da Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora sobre bens inmobles, co texto proposto pola Directora de Ingresos no seu informe do 21 de xullo.

Con data 1 de maio, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Conforme sinala o artigo 90.1 do Regulamento Orgánico do Pleno de data 15 de

outubro, o secretario xeral do Pleno remitiu aos voceiros dos grupos políticos municipais o texto do proxecto ao obxecto da presentación de emendas.

Dentro do prazo establecido non se presentaron emendas, segundo certificación do secretario xeral do Pleno de data 14 de agosto.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión ordinaria do 1 de setembro, ditaminou aprobar a proposta formulada pola directora de Ingresos con data 21 de xullo de 2014, co texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres votos en contra dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a seguinte Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles.

“ARTIGO 6.- BONIFICACIÓNS

3. Terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos -pai, nai ou titor- titulares de familia numerosa, relativa á vivenda que constituía a residencia habitual da familia e sempre e cando cumplan as seguintes condicións:

a) Se os importes brutos anuais, -pai, nai ou titor- titulares de familia numerosa, no exercicio fosen inferiores a 6.155 €, a bonificación será do 90%.

b) Se os ingresos estiveran entre 6.156 € e 7.868 €, a bonificación será do 50%.

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

Esta bonificación concederáse para cada exercicio, debendo solicitala os suxeitos pasivos ata o 31 de decembro do exercicio anterior en que deba surtir efectos, e aportando os seguintes documentos:

- Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos a exención.

- Autorización ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia da AEAT e outras administracións públicas.

4. No caso de que fose procedente máis dun beneficio fiscal na cota deste imposto, aplicarase só o de maior contía.

ARTIGO 8.- COTA TRIBUTARIA

1. A cota íntegra deste imposto será o resultado da aplicación á base liquidable dos tipos de gravame recollidos neste artigo.

2. O tipo de gravame para os bens inmobles urbanos será do 0,872%.

3. O tipo de gravame para os bens inmobles rústicos será do 0,3%.

4. O tipo de gravame para os bens inmobles de características especiais será do 0,804%

5. Establecese como “tipo diferenciado” na contía do 0,884% para os bens inmobles urbanos, excluídos os de uso residencial, que superen, atendendo aos usos establecidos na normativa catastral para valoración das construcións, o valor catastral que, para cada un dos usos, se recolle no seguinte cadro.

CODIGO-USO	V.CATASTRAL TIPO	
I-industrial	igual ou superior a 125.000€	0,884
C-comercial	igual ou superior a 125.000€	0,884
G-ocio e hostelería	igual ou superior a 175.000€	0,884
O-oficinas	igual ou superior a 125.000€	0,884

A-almacenamento igual ou superior a
estacionamento 100.000€ 0,884

K-deportivo igual ou superior a
450.000€ 0,884

En todo caso, os tipos de grave diferenciados a que se refire este apartado, só poderá aplicarse, como máximo ao 10% dos inmobles do termino municipal que, para cada clase de uso, teñan maior valor catastral.

Cando un inmovible teña varios usos, atenderase ao uso da edificación ou dependencia principal.

6. Tratándose de inmobles de uso residencial que se atopen desocupados con carácter permanente, por cumprir as condicións que se determinen regulamentariamente, esixirase un recargo sobre a cota líquida do imposto dun 50%. O recargo devengarase o 31 de decembro e liquidarase anualmente polo Concello, unha vez contrastada a desocupación do inmovible, xuntamente co acto administrativo polo que aquela sexa declarada.

7. A cota líquida obterase minorando da cota íntegra o importe das bonificacións previstas no artigo 6 e 7 desta Ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAIS.

2ª. Esta Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2015, estendendo os seus efectos favorables do apartado 3.b) do artigo 6 ao exercicio inmediatamente anterior. Estará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.”

Segundo.- Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

3.4(131).- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (3). EXPTE. 944/1101

ANTECEDENTES.- Con data 21 de xullo de 2014 a directora de ingresos, presenta proposta de Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica que figura na parte dispositiva deste acordo.

Por escrito de data do 24 de xullo, a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

En data de 30 de xullo a Xunta de Goberno Local prestou a súa conformidade ao proxecto da Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, co texto proposto pola Directora de Ingresos no seu informe do 21 de xullo.

Con data 1 de maio, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Conforme sinala o artigo 90.1 do Regulamento Orgánico do Pleno de data 15 de outubro, o secretario xeral do Pleno remitiu aos voceiros dos grupos políticos municipais o texto do proxecto ao obxecto da presentación de emendas.

Dentro do prazo establecido non se presentaron emendas, segundo certificación do secretario xeral do Pleno de data 14 de agosto.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión ordinaria do 1 de setembro, ditaminou aprobar a proposta formulada pola directora de Ingresos con data 21 de xullo de 2014, co texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila,

García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres votos en contra dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a seguinte Modificación da Ordenanza reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

“ARTIGO 6.- COTA

A. TURISMOS	COTA ANUAL
A.1. de menos de 8 cabalos fiscais	21,95 €
A.2. de 8 ata 11,99 cabalos fiscais	61,10 €
A.3. de 12 ata 15,99 cabalos fiscais	132,50 €

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2015 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.”

Segundo.- Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

3.5(132).- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU DE QUE ENTENDA A

ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO OU A DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS A INSTANCIA DE PARTE (10). EXPTE. 945/1101

ANTECEDENTES.- Con data 21 de xullo de 2014 a directora de ingresos, presenta proposta de Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das taxas polos documentos que expida ou de que entenda a Administración do Concello ou a dos seus organismos autónomos, que figura na parte dispositiva deste acordo.

Por escrito de data do 24 de xullo, a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

En data de 30 de xullo a Xunta de Goberno Local prestou a súa conformidade ao proxecto da Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das taxas polos documentos que expida ou de que entenda a Administración do Concello ou a dos seus organismos autónomos, co texto proposto pola Directora de Ingresos no seu informe do 21 de xullo.

Con data 1 de maio, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Conforme sinala o artigo 90.1 do Regulamento Orgánico do Pleno de data 15 de outubro, o secretario xeral do Pleno remitiu aos voceiros dos grupos políticos municipais o texto do proxecto ao obxecto da presentación de emendas.

Dentro do prazo establecido non se presentaron emendas, segundo certificación do secretario xeral do Pleno de data 14 de agosto.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión ordinaria do 1 de setembro, ditaminou aprobar a proposta formulada pola directora de Ingresos con data 21 de xullo de 2014, co texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez,

Araújo Pereira, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres votos en contra dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a seguinte Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das taxas polos documentos que expida ou de que entenda a Administración do Concello ou a dos seus organismos autónomos .

“ARTIGO 3.- EXENCIONES

1. Estarán exentas da taxa de compulsión de documentos necesarios para acceder ao mercado laboral as persoas desempregadas empadroadas en Vigo.

2. Estarán exentas, tanto da taxa de compulsión como das taxas do epígrafe 9 do artigo 5 desta ordenanza, as persoas interesadas en procedementos de selección desta Administración Municipal para traballos non incluídos en ofertas de emprego público.

3. Estarán exentos de taxas pola expedición de certificados de empadramento referidos no epígrafe 1.a) do artigo 5 desta ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.934 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

Para o disfrute desta exención ditarase resolución da Concellería de Economía e Facenda establecendo o procedemento así como a documentación necesaria que acredite o cumprimento da condición anterior.

4. Estarán exentos de taxas os integrantes de familia numerosa, pola expedición de certificados de empadramento referidos no epígrafe 1.a) do artigo 5 desta ordenanza. Para poder disfrutar desta exención, deberán presentar título de familia numerosa vixente no momento da solicitude.

5. Estarán exentos desta taxa a expedición de documentos e compulsión de outros que foran solicitados por investigadores, estudantes e organizacións non gobernamentais sen afán de lucro, así como os servizos prestados para prover os interesados de documentación necesaria para ter acceso a prestacións sociais. No caso de investigadores acreditarse o interese, investigación ou estudo a realizar.

Para poder disfrutar de exención de taxas de realización de copias de documentos e expedientes obrantes no arquivo xeral do Concello (apartado 5 do artigo 5 desta ordenanza) deberá solicitarse por escrito facendo constar os seguintes datos:

A) Estudiantes:

- Nome, DNI e domicilio.
- Estudos que cursa ou realiza.
- Obxecto da investigación ou traballo.
- Profesor encargado ou director do traballo.
- Cálculo da taxa que resultaría no caso de denegarse a exención.

B) Investigadores e outros.

- Nome, DNI e domicilio.
- Profesión ou actividade.
- Titular da investigación ou responsable da mesma.
- Obxecto da investigación.
- Cálculo da taxa que resultaría no caso de denegarse a exención.

A citada solicitude será entregada directamente no Arquivo Xeral e a exención procederá de oficio agás que, por non terse acreditado suficientemente os datos anteriores ou o interese da investigación, proceda a denegación da exención de taxas previo informe do Xefe do Arquivo Xeral e Xefe de Área de Réxime Interior.

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2015. Permanecerá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.”

Segundo.- Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

3.6(133).- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS OU TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS (14). EXPTE. 946/1101

ANTECEDENTES.- Con data 21 de xullo de 2014 a directora de ingresos, presenta proposta de Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais, que figura na parte dispositiva deste acordo.

Por escrito de data do 24 de xullo, a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

En data de 30 de xullo a Xunta de Goberno Local prestou a súa conformidade ao proxecto da Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais, co texto proposto pola Directora de Ingresos no seu informe do 21 de xullo.

Con data 1 de maio, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Conforme sinala o artigo 90.1 do Regulamento Orgánico do Pleno de data 15 de outubro, o secretario xeral do Pleno remitiu aos voceiros dos grupos políticos municipais o texto do proxecto ao obxecto da presentación de emendas.

Dentro do prazo establecido non se presentaron emendas, segundo certificación do secretario xeral do Pleno de data 14 de agosto.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión ordinaria do 1 de setembro, ditaminou aprobar a proposta formulada pola directora de Ingresos con data 21 de xullo de 2014, co texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quintero, e tres votos en contra dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez,

Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a seguinte Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais.

“ARTIGO 4.- BENEFICIOS FISCAIS

Gozarán da exención total no pagamento dos seguintes servizos regulados na presente ordenanza:

c) Estarán exentos das taxas correspondentes a expedición de licencias de inhumación ou enterramento, os suxeitos pasivos membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.934 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

Para a determinación dos Ingresos Brutos anuais per cápita teranse en conta as seguintes normas:

1.1 O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

1.2 No caso de persoas maiores de 65 anos, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,50.

1.3 No caso de que o suxeito pasivo desta taxa resida só nunha vivenda aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,55.

1.4 No caso de que se dean simultaneamente as dúas circunstancias referidas nos dous parágrafos anteriores, aplicarase o coeficiente 0,35.

1.5 No caso de que o suxeito pasivo sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

1.6 No caso de que o suxeito pasivo sexa un/a titor/a monoparental, único perceptor de ingresos e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase aos ingresos brutos o coeficiente 0,55.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.

1.7 No caso de suxeitos pasivos que tendo cargas familiares levasen en situación de desemprego máis de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente do 0,35.

1.8 No caso de suxeitos pasivos en situación de "dependencia en calquera dos seus grados", aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50.

1.9 No caso de suxeitos pasivos dependentes do apartado 1.8 que fose maiores de 65 anos aplicarase un coeficiente do 0,35.

1.10 No caso de suxeitos pasivos do apartado 1.8 que fosen maiores de 65 anos e residan soas aplicarase un coeficiente do 0,30.

Para o disfrute desta exención debera solicitarse expresamente e autorizar ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia á AEAT e a outras administracións públicas.

d) Estarán exentos do pagamento das taxas correspondentes á expedición de licencias de inhumacións ou enterramentos os suxeitos pasivos membros de familias que teñan a condición de familias numerosas, con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 6.155 €.

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

Para disfrutar desta exención deberán achegarse á solicitude os seguintes documentos:

- Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos a exención.

- Autorización ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia da AEAT e outras administracións públicas.

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do 2015 e permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación. "

Segundo.- Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

3.7(134).- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO (16). EXPTE. 947/1101

ANTECEDENTES.- Con data 21 de xullo de 2014 a directora de ingresos, presenta proposta de Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das taxas pola recollida do lixo, que figura na parte dispositiva deste acordo.

Por escrito de data do 24 de xullo, a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

En data de 30 de xullo a Xunta de Goberno Local prestou a súa conformidade ao proxecto da Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das taxas pola recollida do lixo, co texto proposto pola Directora de Ingresos no seu informe do 21 de xullo.

Con data 1 de maio, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Conforme sinala o artigo 90.1 do Regulamento Orgánico do Pleno de data 15 de outubro, o secretario xeral do Pleno remitiu aos voceiros dos grupos políticos municipais o texto do proxecto ao obxecto da presentación de emendas.

Dentro do prazo establecido non se presentaron emendas, segundo certificación do secretario xeral do Pleno de data 14 de agosto.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión ordinaria do 1 de setembro, ditaminou aprobar a proposta formulada pola directora de Ingresos con data 21 de xullo de 2014, co texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila,

García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres votos en contra dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a seguinte Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das taxas pola recollida do lixo.

“ARTIGO 4 BENEFICIOS FISCAIS.

1. Estarán exentos de pagamento da taxa de lixo da vivenda que constituía a residencia habitual do solicitante, os membros de familias con ingresos bruto anuais, per cápita, inferiores a 3.934 € e 6.155 € para familias numerosas. O computo dos ingresos brutos farase respecto do exercicio inmediatamente anterior ao que se presente a solicitude.

Para disfrutar desta exención haberá de cumprirse amais a condición de que a titularidade de Bens Inmobles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non supere o valor catastral total de 49.305 €.

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais de todas as persoas que convivan nunha vivenda entre o número total daquelas.

No caso dun menor de 25 anos con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

1.1 No caso das familias numerosas deberán acompañar á solicitude o título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba producir efectos a exención.

1.2 No caso de persoas maiores de 65 anos, aplicarase ós seus ingresos brutos o coeficiente 0,50.

1.3 No caso de que nunha vivenda resida unha soa persoa aplicarase ós seus ingresos brutos o coeficiente 0,55.

1.4 No caso de que se dean simultaneamente as dúas circunstancias referidas nos dous parágrafos anteriores, aplicarase o coeficiente 0,35.

1.5 No caso de que nunha vivenda resida unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase ó seu ingreso bruto o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

1.6 No caso de que nunha vivenda resida unha familia monoparental, na que só percibe ingresos o/a proxenitor/a custodio/a e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase ao ingreso bruto o coeficiente 0,55.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.

1.7 No caso de persoas que tendo cargas familiares levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente do 0,35.

1.8 No caso de persoas en situación de "dependencia en calquera dos seus tres grados", aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50.

1.9 No caso das persoas dependentes do apartado 1.8 que fose maiores de 65 anos aplicarase un coeficiente do 0,35.

1.10 No caso das persoas dependentes do apartado 1.8 que fosen maiores de 65 anos e residan soas aplicarase un coeficiente do 0,30.

1.11 Presentaran solicitude de bonificación ou exención unha única vez os maiores de 65 anos que vivan sós. Nestes casos a Administración Tributaria do Concello actuará de oficio para aplicar a bonificación ou exención, se procede, nos sucesivos exercicios.

2. Procederá Resolución da Concellería de Economía e Facenda para establecer procedemento e /ou interpretación e/ou aclaración respecto do contido do apartado 1 anterior.

ARTIGO 5 COTA

2. A estrutura tarifaria é a seguinte:

A). VIVENDAS.

CÓDIGO CONCEPTO	EUROS
139 Cota anual	84,10

B). ESTABLECEMENTOS

CÓDIGO CONCEPTO EUROS

159 Locais con cantidade de residuos similar a un local pechado por teren contratado un xestor autorizado	85,30
---	-------

C). FÁBRICAS E TALLERES INDUSTRIAIS CON RESIDUOS INFERIORES A 1000 LITROS/DIA

D). ACTIVIDADES CON VOLUME DE RESIDUOS DENDE 1000 LITROS/DIA

Para a aplicación do epígrafe 159: Locais con cantidade de residuos similar a un local pechado por teren contratado un xestor autorizado, será necesario que este posúa autorización expresa para xestionar Residuos Sólidos Urbanos (RSU) por seren estes os que constitúen o feito impoñible desta ordenanza fiscal

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2015, e permanecerá

vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.”

Segundo.- Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

3.8(135).- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INSPECCIÓN SANITARIA E OS DE ANÁLISES QUÍMICAS, BACTERIOLÓXICAS E CALQUERA OUTRAS DA MESMA NATUREZA (18). EXPTE. 948/1101

ANTECEDENTES.- Con data 21 de xullo de 2014 a directora de ingresos, presenta proposta de Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de inspección sanitaria e os de análises químicas, bacteriolóxicas e calquera outras da mesma natureza, que figura na parte dispositiva deste acordo. Por escrito de data do 24 de xullo, a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

En data de 30 de xullo a Xunta de Goberno Local prestou a súa conformidade ao proxecto da Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de inspección sanitaria e os de análises químicas, bacteriolóxicas e calquera outras da mesma natureza, co texto proposto pola Directora de Ingresos no seu informe do 21 de xullo.

Con data 1 de maio, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de

modificación presentada.

Conforme sinala o artigo 90.1 do Regulamento Orgánico do Pleno de data 15 de outubro, o secretario xeral do Pleno remitiu aos voceiros dos grupos políticos municipais o texto do proxecto ao obxecto da presentación de emendas.

Dentro do prazo establecido non se presentaron emendas, segundo certificación do secretario xeral do Pleno de data 14 de agosto.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión ordinaria do 1 de setembro, ditaminou aprobar a proposta formulada pola directora de Ingresos con data 21 de xullo de 2014, co texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres votos en contra dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a seguinte Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de inspección sanitaria e os de análises químicas, bacteriolóxicas e calquera outras da mesma natureza.

“ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Non se admitirán outras exencións e bonificacións nestas taxas que as establecidas en normas de rango legal e tratados internacionais.

1) Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os suxeitos pasivos membros de familias con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 3.934 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que

residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

Para a determinación dos Ingresos Brutos anuais per cápita teranse en conta as seguintes normas:

1.1 O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

1.2 No caso de persoas maiores de 65 anos, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,50.

1.3 No caso de que o suxeito pasivo desta taxa resida só nunha vivenda aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,55.

1.4 No caso de que se dean simultaneamente as dúas circunstancias referidas nos dous parágrafos anteriores, aplicarase o coeficiente 0,35.

1.5 No caso de que o suxeito pasivo sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

1.6 No caso de que o suxeito pasivo sexa un/a titor/a monoparental, único perceptor de ingresos e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase aos ingresos brutos o coeficiente 0,55.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.

1.7 No caso de suxeitos pasivos que tendo cargas familiares levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente do 0,35.

1.8 No caso de suxeitos pasivos en situación de "dependencia en calquera dos seus grados", aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50.

1.9 No caso de suxeitos pasivos dependentes do apartado 1.8 que fose maiores de 65 anos aplicarase un coeficiente do 0,35.

1.10 No caso de suxeitos pasivos do apartado 1.8 que fosen maiores de 65 anos e residan soas aplicarase un coeficiente do 0,30.

Para o disfrute desta exención debera solicitarse expresamente e autorizar ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia á AEAT e a outras administracións públicas.

2) Estarán exentos do pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza os suxeitos pasivos membros de familias que teñan a condición de familias numerosas, con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 6.155 €.

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

Para disfrutar desta exención deberán achegarse á solicitude os seguintes documentos:

- Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos a exención.
- Autorización ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia da AEAT e outras administracións públicas.

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Esta Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do 2015, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.”

Segundo.- Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

3.9(136).- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DA SANIDADE PREVENTIVA, DESINFECCIÓN, DESINSECTACIÓN, DESRATIZACIÓN E DESTRUCCIÓN DE CALQUERA CLASE DE MATERIAS E PRODUTOS CONTAMINANTES OU PROPAGADORES DE XERMES NOCIVOS PARA A SAÚDE PÚBLICA PRESTADOS A DOMICILIO OU POR ENCARGO (19). EXPTE. 949/1101

ANTECEDENTES.- Con data 21 de xullo de 2014 a directora de ingresos, presenta proposta de Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das taxas pola prestación dos servizos da sanidade preventiva, desinfección, desinsectación, desratización e destrución de calquera clase de materias e produtos contaminantes ou

propagadores de xermes nocivos para a saúde pública prestados a domicilio ou por encargo, que figura na parte dispositiva deste acordo.

Por escrito de data do 24 de xullo, a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

En data de 30 de xullo a Xunta de Goberno Local prestou a súa conformidade ao proxecto da Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das taxas pola prestación dos servizos da sanidade preventiva, desinfección, desinsectación, desratización e destrución de calquera clase de materias e produtos contaminantes ou propagadores de xermes nocivos para a saúde pública prestados a domicilio ou por encargo, co texto proposto pola Directora de Ingresos no seu informe do 21 de xullo.

Con data 1 de maio, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Conforme sinala o artigo 90.1 do Regulamento Orgánico do Pleno de data 15 de outubro, o secretario xeral do Pleno remitiu aos voceiros dos grupos políticos municipais o texto do proxecto ao obxecto da presentación de emendas.

Dentro do prazo establecido non se presentaron emendas, segundo certificación do secretario xeral do Pleno de data 14 de agosto.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión ordinaria do 1 de setembro, ditaminou aprobar a proposta formulada pola directora de Ingresos con data 21 de xullo de 2014, co texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres votos en contra dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez,

Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a seguinte Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das taxas pola prestación dos servizos da sanidade preventiva, desinfección, desinsectación, desratización e destrución de calquera clase de materias e produtos contaminantes ou propagadores de xermes nocivos para a saúde pública prestados a domicilio ou por encargo.

“ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

En materia de exencións e bonificacións de taxas por prestación de servizos, non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos en normas de rango legal e tratados internacionais.

a) Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os suxeitos pasivos membros de familias con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 3.934 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

Para a determinación dos Ingresos Brutos anuais per cápita teranse en conta as seguintes normas:

1.1 O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

1.2 No caso de persoas maiores de 65 anos, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,50.

1.3 No caso de que o suxeito pasivo desta taxa resida só nunha vivenda aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,55.

1.4 No caso de que se dean simultaneamente as dúas circunstancias referidas nos dous parágrafos anteriores, aplicarase o coeficiente 0,35.

1.5 No caso de que o suxeito pasivo sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

1.6 No caso de que o suxeito pasivo sexa un/a titor/a monoparental, único perceptor de ingresos e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase aos ingresos brutos o coeficiente 0,55.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.

1.7 No caso de suxeitos pasivos que tendo cargas familiares levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente do 0,35.

1.8 No caso de suxeitos pasivos en situación de "dependencia en calquera dos seus grados", aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50.

1.9 No caso de suxeitos pasivos dependentes do apartado 1.8 que fose maiores de 65 anos aplicarase un coeficiente do 0,35.

1.10 No caso de suxeitos pasivos do apartado 1.8 que fosen maiores de 65 anos e residan soas aplicarase un coeficiente do 0,30.

Para o disfrute desta exención debera solicitarse expresamente e autorizar ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia á AEAT e a outras administracións públicas.

b) Estarán exentos do pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza os suxeitos pasivos membros de familias que teñan a condición de familias numerosas, con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 6.155 €.

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

Para disfrutar desta exención deberán achegarse á solicitude os seguintes documentos:

- Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos a exención.

- Autorización ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia da AEAT e outras administracións públicas.

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2015 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa."

Segundo.- Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado

o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

3.10(137).- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL (23). EXPTE. 950/1101

ANTECEDENTES.- Con data 21 de xullo de 2014 a directora de ingresos, presenta proposta de Modificación da Ordenanza Fiscal das taxas pola prestación do servizo das escolas de primeira etapa de educación infantil, que figura na parte dispositiva deste acordo.

Por escrito de data do 24 de xullo, a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

En data de 30 de xullo a Xunta de Goberno Local prestou a súa conformidade ao proxecto da Modificación da Ordenanza Fiscal das taxas pola prestación do servizo das escolas de primeira etapa de educación infantil, co texto proposto pola Directora de Ingresos no seu informe do 21 de xullo.

Con data 1 de maio, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Conforme sinala o artigo 90.1 do Regulamento Orgánico do Pleno de data 15 de outubro, o secretario xeral do Pleno remitiu aos voceiros dos grupos políticos municipais o texto do proxecto ao obxecto da presentación de emendas.

Dentro do prazo establecido non se presentaron emendas, segundo certificación do secretario xeral do Pleno de data 14 de agosto.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión ordinaria do 1 de setembro, ditaminou aprobar a proposta formulada pola directora de Ingresos con data 21 de xullo de 2014, co texto que se transcribe na parte dispositiva deste

acordo.

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres votos en contra dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a seguinte Modificación da Ordenanza Fiscal das taxas pola prestación do servizo das escolas de primeira etapa de educación infantil.

“ARTIGO 3.- EXENCIONS E BONIFICACIONES

1. Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os nenos e nenas que pertencen a familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.934 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

Para a determinación dos Ingresos Brutos anuais per cápita teranse en conta as seguintes normas:

1.1 O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

1.2 No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

1.3 No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa un/a titor/a monoparental, único perceptor de ingresos e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase aos ingresos brutos o coeficiente 0,55.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.

1.4 No caso de que o/a pai, nai, titor/a levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente do 0,35.

Para o disfrute desta exención debera solicitarse expresamente e autorizar ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia á AEAT e a outras administracións públicas.

2. Terá unha bonificación do 35% no importe das taxas o alumnado que só poida ser admitido polo Concello de Vigo en horario reducido e diferente do solicitado. Esta bonificación aplicarase durante o tempo no que persista esta situación excepcional

3) Estarán exentos do pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza os nenos e nenas que pertencen a familias numerosas que contén con ingresos brutos anuais, per capita inferiores a 6.155 €.

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

Para disfrutar desta exención deberán achegarse á solicitude os seguintes documentos:

- Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos a exención.

- Autorización ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia da AEAT e outras administracións públicas.

4. Agás o disposto no apartado anterior así como en normas con rango de Lei ou Tratados Internacionais, non se admitirán outros beneficios fiscais nas taxas obxecto desta Ordenanza fiscal.

DISPOSICIÓNS FINAIS

2ª. Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do 2015 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa."

Segundo.- Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado

o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

3.11(138).- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE ENSINANZAS ESPECIAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EN ESTABLECEMENTOS MUNICIPAIS (40). EXPTE. 952/1101

ANTECEDENTES.- Con data 21 de xullo de 2014 a directora de ingresos, presenta proposta de Modificación da Ordenanza Fiscal dos prezos públicos pola prestación de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais, que figura na parte dispositiva deste acordo.

Por escrito de data do 24 de xullo, a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

En data de 30 de xullo a Xunta de Goberno Local prestou a súa conformidade ao proxecto da Modificación da Ordenanza Fiscal dos prezos públicos pola prestación de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais, co texto proposto pola Directora de Ingresos no seu informe do 21 de xullo.

Con data 1 de maio, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Conforme sinala o artigo 90.1 do Regulamento Orgánico do Pleno de data 15 de outubro, o secretario xeral do Pleno remitiu aos voceiros dos grupos políticos municipais o texto do proxecto ao obxecto da presentación de emendas.

Dentro do prazo establecido non se presentaron emendas, segundo certificación do secretario xeral do Pleno de data 14 de agosto.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión ordinaria do 1 de setembro, ditaminou aprobar a proposta formulada pola directora de Ingresos

con data 21 de xullo de 2014, co texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres votos en contra dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a seguinte Modificación da Ordenanza Fiscal dos prezos públicos pola prestación de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais.

“ARTIGO 3.- CONTÍA

2. Estarán exentos dos Prezos Públicos regulados na presente ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.934 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

Para a determinación dos Ingresos Brutos anuais per cápita teranse en conta as seguintes normas:

2.1 O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

2.2 No caso de que algún membro da unidade familiar sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

2.3 No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa un/a titor/a monoparental, único perceptor

de ingresos e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase aos ingresos brutos o coeficiente 0,55.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.

2.4 No caso de persoas con cargas familiares que levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente do 0,35.

Para o disfrute desta exención debera solicitarse expresamente e autorizar ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia á AEAT e a outras administracións públicas.

3) No caso de que os/as seleccionados/as para a Escola Municipal de Teatro e a Escola Municipal de Música pertencesen a familias numerosas que conten con ingresos brutos anuais, per capita, no exercicio da solicitude inferiores a 6.155 € quedarán eximidos do pagamento destes prezos públicos.

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

Para disfrutar desta exención deberán achegarse á solicitude os seguintes documentos:

- Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos a exención.
- Autorización ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia da AEAT e outras administracións públicas.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2015, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.”

Segundo.- Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto

refundido.

3.12(139).- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, PERTENCENTES AO “INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES” (52). EXPTE. 953/1101

ANTECEDENTES.- Con data 21 de xullo de 2014 a directora de ingresos, presenta proposta de Modificación da Ordenanza Fiscal dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais, pertencentes ao “Instituto Municipal dos Deportes”, que figura na parte dispositiva deste acordo.

Por escrito de data do 24 de xullo, a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

En data de 30 de xullo a Xunta de Goberno Local prestou a súa conformidade ao proxecto da Modificación da Ordenanza Fiscal dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais, pertencentes ao “Instituto Municipal dos Deportes”, co texto proposto pola Directora de Ingresos no seu informe do 21 de xullo.

Con data 1 de maio, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Conforme sinala o artigo 90.1 do Regulamento Orgánico do Pleno de data 15 de outubro, o secretario xeral do Pleno remitiu aos voceiros dos grupos políticos municipais o texto do proxecto ao obxecto da presentación de emendas.

Dentro do prazo establecido non se presentaron emendas, segundo certificación do secretario xeral do Pleno de data 14 de agosto.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión ordinaria do 1 de setembro, ditaminou aprobar a proposta formulada pola directora de Ingresos con data 21 de xullo de 2014, co texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres votos en contra dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a seguinte Modificación da Ordenanza Fiscal dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais, pertencentes ao “Instituto Municipal dos Deportes”.

“CAPITULO V.- EXENCIONES E BONIFICACIONES

ARTIGO 6.-

Atópanse exentos do pagamento dos prezos públicos:

a) Os Colexios Públicos que carezan de instalacións deportivas suficientes e demanden a utilización de instalacións deportivas o I.M.D. para a realización das actividades docentes de Educación Física coa autorización expresa do Presidente do Consello de Administración do I.M.D. Condicionada a ratificación definitiva polo devandito Consello de Administración.

b) Estarán exentos os alumnos de Escolas deportivas que sexan membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.934 €. A titularidade de Bens Inmobles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

Para a determinación dos Ingresos Brutos anuais per cápita teranse en conta as seguintes normas:

b.1 O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

b.2 No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa unha persoa vítima de violencia de xénero

acreditada mediante sentenza firme, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

b.3 No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa un/a titor/a monoparental, único perceptor de ingresos e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase aos ingresos brutos o coeficiente 0,55.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.

b.4 No caso de que o/a pai, nai, titor/a levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente do 0,35.

Para o disfrute desta exención debera solicitarse expresamente e autorizar ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia á AEAT e a outras administracións públicas.

c) As actividades ou programas organizados polo propio I.M.D. e pola Concellería de Deportes, ben directamente ou a través de convenios de colaboración con outras institucións ou entidades (persoas físicas ou xurídicas) coa autorización expresa do Presidente do Consello de Administración do I.M.D. Condicionada a ratificación definitiva polo devandito Consello de Administración.

d) Os Clubs de fútbol, asinantes de convenios para o desenvolvemento dun programa de colaboración e utilización dos campos de fútbol municipais, quedarán exentos do pago do prezo público, coa aprobación expresa do Presidente do Consello de Administración e ratificado de forma definitiva polo Consello de Administración do IMD.

e) Os alumnos de Escolas Deportivas pertencentes a familias numerosas que contén con ingresos brutos anuais, per capita inferiores a 6.155 €.

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

Para disfrutar desta exención deberán achegarse á solicitude os seguintes documentos:

- Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos a exención.

- Autorización ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia da AEAT e outras administracións públicas.

f) Amais dos supostos anteriores, os que con carácter xeral se prevean en disposicións legais, ou ditados por Organismos de carácter vinculante.

g) Nos casos nos que exista bonificación por empadramento, o usuario deberá acreditar dita condición mediante a presentación do volante de empadramento no momento do aboamento do prezo público establecido. Esta bonificación aplicarase mentres se manteña a condición de empadroadado.

DISPOSICIONS FINAIS

Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de Xaneiro de 2015, ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresas.”

Segundo.- Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

3.13(140).- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS SERVIZOS QUE PRESTA O ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL PARQUE DAS CIENCIAS “VIGO-ZOO” A TRAVÉS DO SEU PARQUE ZOOLOXICO (53). EXPTE. 951/1101

ANTECEDENTES.- Con data 21 de xullo de 2014 a directora de ingresos, presenta proposta de Modificación da Ordenanza Fiscal das taxas polos servizos que presta o organismo autónomo municipal Parque das Ciencias “Vigo-Zoo” a través do seu parque zoolóxico, que figura na parte dispositiva deste acordo.

Por escrito de data do 24 de xullo, a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

En data de 30 de xullo a Xunta de Goberno Local prestou a súa conformidade ao proxecto da Modificación da Ordenanza Fiscal das taxas polos servizos que presta o organismo autónomo municipal Parque das Ciencias “Vigo-Zoo” a través do seu parque zoolóxico, co texto proposto pola Directora de Ingresos no seu informe do 21 de xullo.

Con data 1 de maio, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Conforme sinala o artigo 90.1 do Regulamento Orgánico do Pleno de data 15 de outubro, o secretario xeral do Pleno remitiu aos voceiros dos grupos políticos municipais o texto do proxecto ao obxecto da presentación de emendas.

Dentro do prazo establecido non se presentaron emendas, segundo certificación do secretario xeral do Pleno de data 14 de agosto.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión ordinaria do 1 de setembro, ditaminou aprobar a proposta formulada pola directora de Ingresos con data 21 de xullo de 2014, co texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres votos en contra dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a seguinte Modificación da Ordenanza Fiscal das taxas polos servizos que presta o organismo autónomo municipal Parque das Ciencias “Vigo-Zoo” a través do seu parque zoolóxico.

“ARTIGO 3. EXENCIONES E BONIFICACIONES

1. Estarán exentos de pagamento das taxas reguladas na presente Ordenanza fiscal:

c) Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.934 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir o 1 de xaneiro de 2015, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.”

Segundo.- Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

3.14(141).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓN PREVISTOS NA LEI DE CONTRATOS CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DO ANO 2014. EXPTE. 7282/540 (932/1101).

ANTECEDENTES.- O Tesoureiro municipal por escrito de data 17 de xullo de 2014, informa do que segue:

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

-Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

-Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, modificado polo Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

INFORME.-

I.- O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos).

II.- A estes efectos, o apartado 4º do artigo 216 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP), na súa redacción dada polo Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, establece que:

“4. A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no artigo 222.4, e se se demorase, deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que haxa lugar ao inicio do cómputo de prazo para a remuneración de intereses, o contratista deberá de ter cumprido a obriga de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente, en tempo e forma, no prazo de trinta días dende a data de entrega efectiva das mercadorías ou a prestación do servizo.

Sen prexuízo do establecido nos artigos 222.4 e 235.1, a Administración deberá aprobar as certificacións de obra ou os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados dentro dos trinta días seguintes á entrega efectiva dos bens ou prestación do servizo, salvo acordo expreso en contrario establecido no contrato e nalgún dos documentos que rexan a licitación. En todo caso, se o contratista incumprise o prazo de trinta días para presentar a factura ante o rexistro administrativo, a remuneración de intereses non se iniciará ata transcorridos trinta días dende a data de presentación da factura no rexistro correspondente, sen que a Administración aprobase a conformidade, se procede, e efectuado o correspondente aboamento.”

Neste sentido, o artigo 222.4 da LCSP, relativo ó cumprimento dos contratos, dispón que:

“4. Agás nos contratos de obras, que se rexerán polo disposto no artigo 235, dentro do prazo de trinta días a contar dende a data da acta de recepción ou conformidade, deberá acordarse e ser notificada ao contratista a liquidación correspondente do contrato, e aboárselle, se é o caso, o saldo resultante. Non obstante, se a

Administración Pública recibe a factura con posterioridade á data en que ten lugar a devandita recepción, o prazo de trinta días contarase dende que o contratista presente a citada factura no rexistro correspondente. Se se producise demora no pagamento do saldo de liquidación, o contratista terá dereito a percibir os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.”

E, por fin, no parágrafo 2º do apartado 1º do artigo 235 da LCSP, en relación ó cumprimento do contrato de obras, establécese un prazo máximo de tres meses, contados a partir da recepción da obra, para que o órgano de contratación aprobe a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato no prazo de trinta días previsto no artigo 216.4.

III.- O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou unha guía para a elaboración dos informes trimestrais que as entidades locais han de remitir ao Ministerio de Economía e Facenda, en cumprimento do artigo cuarto da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio (<http://www.minhap.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/GuíaMorosidad.pdf>) , que dispón que os informes, referidos ao último día de cada trimestre natural, haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo. Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- a) Pagamentos realizados no trimestre.
- b) Intereses de demora pagados no trimestre.
- c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- d) Facturas ou documentos xustificativos con respecto ás cales, ao final de cada trimestre natural, transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga.

A citada guía establece expresamente que deben incluírse no informe as facturas litixiosas e, no seu caso, os gastos sometidos a convalidación.

IV.- A *Secretaría General de Coordinación Autonómica y Local do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas* emitíu o 15 de xaneiro de 2014 unha Nota relativa á aplicación da disposición transitoria 10ª da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración local, na que expón que para o cálculo do período medio de pagamento a provedores teranse en conta os seguintes criterios: *“Entenderase por número de días de pagamento no ratio incluído naquela Guía, os días transcorridos dende a data de inicio da obriga de pagamento, de acordo co previsto nos artigos 216.4, 222 e 235 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro ou no artigo 4 da Lei 3/2004, de 29 de decembro, segundo corresponda (con carácter xeral, nun prazo de 30 días dende a data do recoñecemento da obriga, que, á súa vez, deberá terse producido nun prazo máximo de 30 días dende a recepción da factura ou solicitude de pagamento equivalente), e a data de pagamento material.*

Entenderase por número de días pendentes de pagamento no ratio incluído naquela Guía, os días transcorridos dende a data de inicio da obriga de pagamento, de acordo co previsto na LCSP ou a lei 3/2004 segundo corresponda, ata o día 31 de decembro de 2013."

En definitiva, que terase en conta como número de días de pagamento para o cálculo do período medio de pagamento a provedores, os días transcorridos dende o data do recoñecemento da obriga ata a data do pagamento efectivo ou material, seguindo as instrucións emanadas polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

V.- En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigacións correspondentes ao 2º trimestre do exercicio 2014 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigacións pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo.

Resumo das principais magnitudes contidas no informe:

a)Pagos realizados no trimestre.

Dentro do período legal de pago:

-Número de pagos: 1.938
-Importe total: 22.212.458,03 euros

Fora do período legal de pago:

-Número de pagos: 51
-Importe total: 958.187,46 euros

Período medio de pago (PMP): 15,63 días

O "*Periodo medio de pago*" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días media que se tardou en realizar os pagamentos.

Período medio de pagamento excedido (PMPE): 20,91 días

O "Período medio de pagamento excedido" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días media que as operacións pagadas fora de prazo excederon do prazo legal.

b)Intereses de demora pagados no trimestre.

-Número de pagos: 0
-Importe total de intereses: 0,00 euros

c)Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre.

Dentro do período legal de pago:

-Número de operaciones: 309
-Importe total: 4.327.589,01 euros

Fora do período legal de pago:

-Número de operaciones: 12
-Importe total: 35.420,07 euros

Período medio do pendente de pagamento (PMPP): 9,31 días

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días media de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

Período medio pendente de pagamento excedido (PMPPE): 48,33 días

O "Período medio do pendente de pagamento excedido" a final do trimestre, é o indicador do número de días media que as operacións pendentes de pagamento ao final do trimestre excederon do prazo legal.

d)Facturas ou documentos xustificativos con respecto ás cales, ao final de cada trimestre natural, transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga.

-Número: 0
-Importe total: 0 euros

Período medio de operacións pendentes de recoñecemento (PMOPR): 0,00 días.

O "Período medio de operacións pendentes de recoñecemento" a que se refire o apartado 4 do artigo quinto da Lei 15/2010, é o indicador do número de días media de antigüidade destas operacións.

O que poño en coñecemento da Concellala delegada de Economía e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e ós efectos oportunos."

A comisión informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, en sesión do 27 de maio, tomou coñecemento de todo o anterior.

DEBATE.-

SRA. SILVA REGO: Pois seguimos con informes relacionados coa xestión que o goberno municipal realiza en torno ás súas obrigas económicas e administrativo e toca agora falar da situación en torno aos prazos do Concello fronte as operacións comerciais que se fan.

Unha vez máis e como pasa cada trimestre teño que dar unha boa noticia á cidade porque eu falo para cidade. Se no terceiro trimestre do 2013 nos situábamnos nun prazo en torno aos 25 días, no carto trimestre en 24, no primeiro do 2014 en 19,93, neste segundo trimestre do ano en curso teño que informar de que o período medio de pago foi de 15,63 días. Falando co Tesoureiro do Concello dicíamos en ton de broma, que unha xestión tan salientable preocupábanos un pouco porque xa parece imposible melloralala, vai ser difícil que poidamos pagar en períodos máis curtos de tempo, vai ser moi complicado, teño que repetilo porque estou satisfeita, porque isto beneficia á cidadanía, que neste segundo trimestre de 2014 o período medio de pago foi de 15,63, a metade aproximadamente do que impón a lei que establece as medidas contra a morosidade, que establece 30 días.

A metade, escoitaron vostede ben, pagamos na metade de tempo que establece a lei estatal, este prazo de 15,63 días constitúe o máis baixo dende a entrada en vigor da lei de 2010 e dende logo de toda a historia do goberno local de Vigo, que no ano 2006 pagaba en máis de 50 días.

Dende a humildade téñolles que dicir que isto prodúcenos unha gran satisfacción porque permite que moitas empresas poidan ter liquidez e non teñan que depender de créditos inexistentes para a súa subsistencia.

Que as administracións paguen en tempo e forma permite manter a actividades nas empresas, nas grandes, medianas e pequenas empresas e o máis importante manter o emprego que ten que ser a acción prioritaria da administración pública e que cumprindo coas obrigas das administracións conséguese este importante obxectivo.

E o certo ademais é que outras administracións non o están a facer, segundo os datos dispoñibles o prazo medio de pago no conxunto das administracións é de 111 días, de 134 na administración central, de 124 no conxunto nas comunidades

autónomas e de 98 días nos concellos. A maioría a media de pago nos concellos é de 98 días, neste Concello de 15,63 días. Ademais os estudos existentes mostran que unicamente o 33% dos traballadores por conta propia, cobran as facturas que emiten as administracións públicas antes de 90 días e que o 14,8% tarda máis de seis meses en cobrar. Repito, nós neste Concello pagamos a día de hoxe en 15,63 días. Ademais quero sinalar que non existe ningunha factura pendente de tramitar transcorridos tres meses, dende a súa tramitación no Rexistro e que tampouco se aboaron no segundo trimestre deste ano ningún importe en concepto de intereses de demora. Tampouco isto é banal, son moitas as administracións que esconden facturas nos caixóns, nós pagamos en prazo e non temos facturas pendentes de trámite, isto, repito, favorece á actividade das empresas e ao emprego ao non xerar problemas económicos por impago e permite que o concello non teña que gastar os cartos dos contribuíntes en intereses de demora, comprenderan que nos sintamos satisfeitos.

Eu espero que na quenda de palabra, por suposto cada quen pode intervir cos argumentos que considere oportunos pero espero que se fale deste punto da orde do día, que non se utilice este punto da Orde do día que trae datos moi salientables da xestión do Concello na tramitación dos pagos aos que están obrigados para seguir facendo discursos baleiros, para seguir instalados na hipocrisía política. Eu espero que se fale deste informe do que se trae conta, única e exclusivamente, como non soe ocorrer algúns voceiros non o fan e falan doutras cousas, eu pídolles que falen deste informe.

SRA. VELOSO RÍOS: Sra. Silva, como eu non me leo os expedientes, non os entendo, son parva e non me decato da nada, vou falar do que me dea a gana, e se falo de algo que non toca hai un presidente neste Pleno para dicirme que non o faga.

Vou falar deste asunto, vostedes están preocupados por unha xestión tan boa, efectivamente vaise rebaixando o prazo de pagamento das facturas ás empresas, na mesma medida que se foi rebaixando o pago dos préstamos aos bancos, que se devolven antes de que toque e agora páganse as facturas en 15 días, a min gustaríame poder felicitalos porque se estes prazos se cumprisen tamén para as axudas de emerxencia que se tarda seis meses, ou se cumprisen tamén para pagar indemnizacións a cidadáns/ás que poden estar agardando un ano por unha

indemnización que lles corresponde por xustiza, ou que aplicasen tamén esta celeridade á devolución de fianzas por celebración de eventos a entidades sen ánimo de lucro nesta cidade que votan meses agardando a que se lle devolvan esas fianzas. A nós o que nos gustaría e poder felicitalos porque esa mesma presa para pagar as débedas deste Concello cos cidadáns e coas cidadás se aplicase e non só cos bancos e coas empresas, está moi ben pagar as facturas en 15 días pero de verdade fagan un esforzo e da mesma maneira que pagan as facturas en 15 días reforcen os servizos sociais desta cidade para que as axudas de emerxencia non tarden seis meses en ser cobradas, e isto si que é xestión, así que estou falando de xestión, xa sei que a vostede non lle gusta escoitar certas cousas, do que pasa neste concello, vostede quere falar dun concello onde vostedes gobernan porque quero lembrarlle que o Partido Socialista tamén goberna en Pontevedra e tamén aproba as ordenanzas fiscais de Pontevedra, pero vostede prefire falar de Pontevedra e non falar de Vigo, porque vostede non pode explicar o que aquí se está facendo. Nós o que quixeríamos sería poder ver esta celeridade no pago das facturas aplicado á celeridade no pago o que lle corresponde aos cidadáns/ás de Vigo.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Como dicía a Sra. Silva, hoxe tráese neste expediente que é o estado da Tesourería do segundo trimestre dende o 1 de abril ao 30 de xuño, e non trae máis que o que a lei obriga, a administración ten a obriga de abonar as facturas, faltaría máis, dentro dos 30 días seguintes a súa presentación, ten 30 días por lei para abonar as facturas.

Nisto Sra. Silva eu recoñezolle que se mellorou, pero tamén teño que preguntarlle porque non son vostedes capaces de pagar a tódolos provedores no prazo que lle obriga a lei, porque no segundo trimestre hai 51 facturas que a vostede ao mellor pareceranlle poucas, pero seguro que a eses provedores, quizá a eses 51 provedores non, que se pagaron fora de prazo, hai 51 facturas que se pagaron fora de prazo, gustaríame saber porque non son capaces de pagar a todos dentro do prazo, e tamén gustaríanos saber porque xa hai doce facturas que a peche de trimestre xa non se pagaran e excederan eses 30 días de prazo legal, ou sexa que hai 51 que se pagaron fora de prazo, e hai doce que pasou o prazo e non se pagaron.

Creo sinceramente que aínda que os pagos recoñézolle que melloraron, estarán de acordo comigo en que hai marxe para mellorar, pódese e polo tanto débese mellorar, por iso eu propóño un reto, Sra. Silva, seguro que a vostede lle gustan os retos, e o reto é que en xuño de 2015, cando vostede xa non sexa concelleira de Economía e Facenda, non deixe nin unha soa factura pendente de pago, non só o Partido Popular llo agradecería, os cidadáns tamén e ademais sería a súa obriga. Habería que lembrarlle tamén, porque as veces vostedes presumen de xestión, os máis de catro millóns de euros que había no caixón e que vostedes dicían que non existían, pero existían 4,2 millóns de euros que o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista no goberno do 2007-2011 deixaron no caixón, dentro duns minutos imos falar da Conta Xeral e tamén na Conta Xeral se di que hai seis millóns de euros, na páxina 58, en indemnizacións substitutivas de servizo que se prestan sen o correspondente contrato, ademais tamén di que tódolos indicadores de xestión en canto a custes e sobre todo de organismos autónomos, empeoraron en 2013 respecto aos datos de 2012, e vostede que é ademais concelleira de Urbanismo saberá que cada licencia de obra nos custa aos vigueses 1.210 euros, fronte aos 900 euros que nos custaba o ano pasado, que cada licencia de actividade da Xerencia de Urbanismo nos custa 940 euros, fronte aos 717 euros que custaba no 2012. Co cal creo que aí se que ten vostede unha responsabilidade moi directa como concelleira de Urbanismo, polo tanto non presuma Sra. Silva de xestión e lembre o reto que lle propuxemos para o ano que ven.

PRESIDENCIA: Nós non sabemos se a Sra. Silva continuará de concelleira de Facenda no seguinte Goberno a partires das seleccións de maio, xa o decidiremos pero estamos convencidos que imos ter tanto apoio cidadán que imos ter un goberno con capacidade de gobernar e eu seguirei sendo Alcalde.

SRA. SILVA REGO: En primeiro lugar, eu xa esperaba e tiña razón, os cidadáns de Vigo e o público aquí presente terase dada o conta que a Sra. Veloso fixo xusto o que eu dicía que ía facer, non falar deste expediente, falar doutras cousas, faltando gravemente á verdade, a execución do Orzamento deste Concello nunca na súa historia foi tan boa como cando gobernou o Partido Socialista, iso que significa, que tódalas partidas que se adican a políticas sociais, todas se consumen, por certo cun

Orzamento e políticas sociais que nunca se tivera neste Concello e que tampouco se ten na gran maioría dos concellos de España.

Polo tanto, non vou entrar máis en isto que non me parece serio, e Sra. Veloso eu xamais lle direi a vostede que é parva, nin a vostede nin a ninguén, e moito menos a unha muller, xamais, porque todas somos moi listas. En todo caso, parva saberá vostede que ven do latín parvus/parva/parvum, que significa pequena e polo tanto, ata incluso non é unha falta de respecto e algo agarimoso, non se preocupe xamais lle direi eu a vostede nin a ninguén que é parvo, o que lle digo é que vostede non lee os expedientes, demóstrao cada vez que ven aquí, vostede ven con discursos catastrofistas que non serven para nada, que non aportan nada, vostede nunca propón ningunha alternativa, ven aquí con discursos que só se cree vostede porque a xente da rúa non lle cree Sra. Veloso, de verdade, e eu o sinto porque eu lles teño aprecio a vostedes e son un grupo de esquerdas e gustaríame que tiveran máis apoio na rúa, pero non teñen ningún porque a xente sabe que vostedes non din a verdade, que son incongruentes e que non teñen política alternativa.

Sr. Fidalgo, con cariño, por favor, prepáreme vostede máis e mellor os Plenos, non me poña tan fácil responderlle, que a min, é certo o que vostede di que me gustan os retos, e me gusta ter que esforzarme un pouco para ter que responder, en lugar de preguntarme a min porque non somos capaces de pagar tódalas facturas, porque non lle pregunta vostede ao Sr. Feijóo porque ten metido no caixón facturas por valor de 170 millóns de euros, en facturas pendentes de pago que supoñen o 7,5 das obrigas de pago, mire non o digo eu o di o Sr. Montoro no seu informe, "Galicia ten 170 millóns de euros pendentes de pago metidos nun caixón", pregúntelle ao Sr. Feijóo, home como me pregunta a min por 51 facturas, que en moitas ocasións é porque non están ben conformadas por parte de quen as emite. Esta é unha xestión extraordinaria de pago aos provedores, é imposible melloralas.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

3.15(142).- CONTA XERAL DO CONCELLO DE VIGO E DOS SEUS ORGANISMO

**AUTÓNOMOS, CORRESPONDENTE AO ANO 2013. EXPTE. 102343/140
(954/1101)**

ANTECEDENTES.-

Unha vez formada a Conta Xeral correspondente ao Orzamento do ano 2013, rendida polo Sr. Alcalde-Presidente e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión do 27 de maio de 2014, foi exposta ao público polo prazo que regulamenta o art. 212.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial de Provincia nº 107 de 5 de xuño; rematado o prazo para presentar reclamacións e alegacións e segundo consta na certificación que figura no expediente, no prazo de exposición o público e oito máis, non houbo ningunha reclamación. Ó obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 212.4 do TRLRFL, a Comisión Informativa de Economía e Facenda, na súa sesión do 1 de setembro de 2014, eleva ao Pleno da Corporación a adopción do acordo que figura na parte dispositiva.

DEBATE.-

SRA. SILVA REGO: Co calor que fai neste Pleno e tanta intervención, imos comezar de novo cun novo tema de contido económico, a Conta Xeral do ano 2013. Non vou entrar pormenorizadamente en cada unha das amplas informacións que contén, xa que precisaría de horas pero si que quero determe nos datos que considero máis salientables.

En primeiro lugar, hai que destacar que da xestión do ano 2013 non hai nin unha soa magnitude negativa, isto non é unha casualidade, todo elo require dun gran esforzo de xestión, o Concello de Vigo a día de hoxe ten unha situación económica financeira envexable con tódalas variables e magnitudes favorables, saneada, con alta liquidez, cun prazo de pagamento envexable, cunha débeda que ao final do mandato vai estar ao redor do 12,5%, cun baixo volume de débeda financeira e cun nivel de execución orzamentaria histórica, nunca se tivo executado un nivel tan alto do Orzamento. Son fitos históricos que teñen a súa orixe na xestión eficiente

dos recursos públicos que como queda de manifesto no exame das contas do ano 2013, e froito do esforzo da redución dos custos do servizo de débeda da planificación, pero sobre todo de saber o que se quere para a cidade, máis servizos, máis investimentos, rebaixa e conxelación de impostos, máis seguridade xurídica, en resumo, un goberno responsable ao servizo dos cidadáns.

Todo este esforzo faise para cumprir as normas pero sobre todo para dar máis e mellores servizos as viguesas/es. Coa boa xestión económica orzamentaria e cos aforros xerados puidemos adicar a políticas de benestar social máis recursos, así pasamos de 5,6 millóns do ano 2007, aos 9,4 millóns do ano 2013, entre outras cousas porque non temos que pagarlle xuros aos bancos que é o que estamos facendo, non lle pagamos xuros aos bancos e facemos políticas sociais coa xente.

Con estas políticas os seus beneficiarios son os nenos dos colexios con menores recursos, cun aumento en becas de comedor e libros de texto que pasou de 400.000 euros a case dous millóns no ano 2013, o mesmo acontece coas axudas a comedores sociais que no ano 2013 ascendeu a un millóns de euros, en tempos pasados estas políticas de axudas eran testimoniais e as levaban outros concelleiros doutros gobernos. Tamén serviu para por en funcionamento o centro de servizos sociais con 700.000 euros que ninguén foi capaz de poñer en marcha, púxose un programa de tres millóns de euros de axudas aos máis necesitados que no 2014 vaise adicar a alugueiros, comida e necesidades enerxéticas. Pero un dos empregos máis salientables son os plans de emprego que temos posto en marcha, que pasaron de 2,3 millóns a 5,2 millóns no 2013, e a isto hai que engadir as políticas “keynesianas” que ten desenvolvido este Concello.

Outros dos avances importantes en políticas sociais son os de Educación, con novas garderías infantís e máis gasto educativo para suplir o que retirou a administración estatal e a autonómica, pasamos de 7,1 millóns no 2007, a 10,6 no 2013. Tamén as políticas de participación cidadá, culturais, deportivas, medio ambiental, de xuventude teñen experimentado un enorme crecemento orzamentario.

Os arranxos e mantemento dos sistema viario, por poñer un exemplo, sen contar todo o que investimos en humanizacións, pasou de dous millóns a cinco millóns, outra das apostas da política do goberno que se contemplan na Conta Xeral é a recuperación do patrimonio histórico e iso o recoñece toda a cidadanía.

As políticas de investimento en saneamento, abastecemento, humanización e parques públicos non ten parques infantís, biosaludables, non hai que falar delas porque se ven, están na rúa, son claramente cotexables, e ademais permiten o lecer dos cidadáns tódolos días.

Todo isto que estou a dicir acredítase na Conta Xeral e foi consecuencia dunha mellora cualitativa na xestión, sen maior presión fiscal, sen endebedamento, sen contar coa achega que ata agora tiñamos da administración central e da Xunta de Galicia que se veu reducida, e polo tanto cun compromiso claro deste Goberno cunha política social pensada para as viguesas e os vigueses.

SRA. VELOSO RÍOS: Utilizou na presentación das Ordenanzas Fiscais a palabra milagre, efectivamente este discurso lémbreme moito, de feito, a aquel discurso do Sr. Feijóo de facer máis con menos, lembrámolo? Facer máis con menos é o que di que está facendo o Goberno desta cidade, e mantén un discurso soberbio que dubido que sexa compartido por tódalas persoas que se quedaron sen acceso ás axudas sociais e sen acceso ao Plan social contra a crise, entre outras cousas pola súa falla de interese e pola súa mala xestión, porque cando fala de que toda a cidadanía recoñece o que vostede está dicindo, eu teño que poñelo en dúbida porque vostede presume de certas medidas tomadas por este Goberno que quero lembrar que foron o resultado de emendas propostas polo Bloque Nacionalista Galego, a primeira partida importante que se introduciu nos servizos sociais foi o Plan Social contra a crise de 3,2 millóns de euros que non foi unha idea do Partido Socialista, foi unha proposta do Bloque Nacionalista Galego. Cando falamos das escolas infantís, das novas escolas infantís, estanse construindo nesta cidade por unha emenda do Bloque Nacionalista Galego para aumentala partida que vostedes poñían nos Orzamentos que era de 12.000 euros, se temos novas escolas infantís nesta cidade é gracias ao Bloque Nacionalista Galego, se se aumentaron máis de tres millóns de euros en servizos sociais foi gracias ao Bloque Nacionalista Galego, iso si, logo vostedes na execución dos Orzamentos ocupáronse de que esa partida fose dividida a cachos e unha boa parte se adicase a publicidade, ocupáronse de xestionala dunha maneira tan nefasta que chegamos ao mes de decembro sen resolver e concederlles as axudas aos cidadáns/ás que as necesitaban e levaban agardando dende principios de ano por elas. Vostedes foron os que con ese

Orzamento despois chegaron aos acordos do Partido Popular para facer as modificacións orzamentarias correspondentes, esa é a xestión deste goberno, e sinceramente dubido que haxa unha boa parte da cidadanía que comparta un discurso tan soberbio como o que está facendo este Goberno no Pleno de hoxe.

SR. FIDALGO IGLESIAS: A Conta Xeral do 2013 supón ver como pechou definitivamente o exercicio anterior, un exercicio que xestión ou a Sra. concelleira de Facenda, Raquel Díaz, para a cal quero ter un recordo dende aquí, e aínda que non era a súa responsabilidade directa si que vostede Sra. Silva, tiña bastante responsabilidade sobre todo na área de Urbanismo, non me contestou a eses indicadores de xestión que tanto empeoraron en 2013 con respecto ao 2012, na Xerencia de Urbanismo nos custa unha licencia de obra 1.210 euros, cando o ano pasado custaba 900 euros, unha licencia de actividade 940 euros, cando o ano pasado custaba 717 euros.

Para poñernos en situación a Conta Xeral ven a ser como as contas anuais nunha empresa, o balance, a conta de resultados, a liquidación do Orzamento e a Memoria, é unha obriga legal traela a Pleno antes do 1 de outubro para logo ser remitida ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia. Despois de ler a memoria, o cal aconsello a quen teña interese e tempo, pois comprabamos que hai de todo, hai datos bos e datos non tan bos, bastante malos, non é un bo dato que a economía da cidade descendera non ano 2013, é un dato malo, pasouno por alto a Sra. Silva quizais porque o Goberno en minoría do Sr. Caballero teña algunha responsabilidade, pero segundo os datos que veñen na Memoria do informe Ardán, o valor engadido bruto na cidade baixou dos 2.954 millóns de euros en 2012, que é a facturación da cidade basicamente, a 2.726 millóns en 2013. Fálase tamén de que a ocupación no sector servizos diminúe do 76% ao 73% e aumenta en cambio a poboación ocupada na industria o cal nos agrada porque pasou do 18% ao 21% a poboación ocupada no sector da industria, e sobre todo na automoción que é o principal sector industrial en Vigo, representa nada menos que o 27%, e aquí nótase o que antes dicía o meu compañeiro o Sr. Álvarez, nótase o apoio decidido da Xunta de Galicia e do Sr. Feijóo e este sector estratéxico na cidade de Vigo, o sector da automoción, entre outros.

Tamén se alude á evolución do Porto, do Aeroporto, respecto aos asuntos que máis

teñen que ver co funcionamento do Concello que conta cun cadro de persoal 1.347 persoas nada menos, vemos que a Conta Xera ven a darlle a razón ao Partido Popular na súa idea de reformar a estrutura administrativa do Concello e máis en concreto na nosa proposta de integrar aos organismos autónomos na estrutura municipal, o Interventor recoñéceo no seu informe nas páxinas 13 e 14, di que a dependencia económica dos organismos autonómicos respecto do Concello é cada vez maior, e polo tanto é urxente, e isto dicímolo nós, unha reforma en profundidade administrativa do Concello e da estrutura municipal.

Ademais fálase das entidades nas que participa o Concello, nalgúns casos os “chiringuitos” de difícil fiscalización, por exemplo a Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía, a fundación VIDE, estas dúas creadas polo goberno do Sr. Lois Pérez Castrillo e que nos custan o nosos cartos aos vigueses por iso cremos que é importante facer unha reforma administrativa, pero non me quero esquecer dalgunhas consideracións por exemplo, as famosas concesións municipais, por poñer tres exemplos VITRASA cobrou dos vigueses o ano pasado 22,7 millóns de euros, unha empresa adxudicada por un goberno socialista do Sr. Carlos Príncipe, AQUALIA outra concesión do Partido Socialista neste caso do Sr. Manuel Soto, e que fronte e en contra do criterio do Partido Popular vostedes ampliaron a concesión, esta ano pasou a recadar nada máis e nada menos que 42 millóns de euros dos vigueses. Outra concesión municipal, o servizo de recollida de lixo, neste caso unha concesión do Bloque Nacionalista Galego, este bloque de esquerda que agora parece ir en contra dos BMW, pero deulle o contrato á Sra. Klopovich que debe ter uns cantos BMW 525, deulle a concesión do lixo.

SRA. SILVA REGO: Sr. Presidente, a verdade é que estou decidida a manter a calma, pero despois de escoitar os discursos da Sra. Veloso e do Sr. Fidalgo é difícil, porque é unha falta de rigor tan grande o que aquí se verteu, o discurso que fai a Sra. Veloso, populista, falto de contido, cheo de absolutas falsidades, con eses xestos que agora fai que demostra cal é o seu comportamento político ante este Pleno, é o que leva ao Sr. Fidalgo a contestarlle da mesma forma que ela intervén, porque Sra. Veloso é terrible o que dixo o Sr. Fidalgo, o Bloque Nacionalista Galego nin ningún outro partido lle fai ningunha concesión a ninguén, vai por un procedemento taxado, cunha enorme legalidade, cunha enorme transparencia,

polo tanto como se pode dicir aquí con tanta gratuidade que ningún partido político que gobernou neste Concello deu a dedo ás Klopovich, é grave dicir estas cousas, un pouco de respecto á política, á cidadanía, á seriedade e ao rigor, hai que estudar e falar do que pon a Conta Xeral, e o que pon é que tódolos datos son positivos, os mellores datos da historia, dende logo se os comparamos co do 2006 cando pagamos en 50 anos, cando tiñamos unha débeda insoportable, cando tiñamos menos cartos de liquidez en Tesourería, cando vostedes gastaron tódolos cartos do Plan de Inversión en AQUALIA, á que agora tanto critican e non sabemos en que, levamos sete anos preguntándolle ao Partido Popular en que gastaron os cartos de inversión que está no contrato de AQUALIA e non o sabe ninguén, onde están os cartos, Sr. Fidalgo? Onde está? Cales son as inversións? As nosas vense na rúa. Por certo este goberno non fixo ningunha concesión de ningún servizo, son todos herdados, e cando finalicen, por aquí o di a lei, abrirase a quenda para unha nova contratación, e polo tanto non intente vostede enganar á xente.

Sr. Fidalgo, sabe o que pasa con nós? Que non temos ningunha factura nos caixóns, e vostedes, a Sra. Porro, deixou facturas e moitas delas de difícil explicación, sen procedemento, que quede claro, estou farta, dígollo con cordialidade con paixón pero con cordialidade, hai que preparar os plenos e falar do que aquí se trae.

VOTACIÓN: Con vinte e un votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno e Pérez Dávila, e tres votos en contra dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Traspasar a resultados pendentos de aplicación, o saldo debedor ou acredor

en cada caso da conta 129 (Resultados do exercicio 2012), correspondente á Entidade Local, ao Instituto Municipal dos Deportes, Parque das Ciencias Vigo Zoo, Escola Municipal de Artes e Oficios e Xerencia Municipal de Urbanismo, á conta 120 (Resultados de Exercicios anteriores).

Segundo.- Aprobala Conta Xeral do Excmo. Concello de Vigo correspondente ó ano 2013, integrada por:

- A da propia Entidade.
- O. A. Parque das Ciencias Vigo-Zoo.
- O. A. Escola Municipal de Artes e Oficios.
- O. A. Instituto Municipal dos Deportes.
- O. A. Xerencia Municipal de Urbanismo.

E composta polos seguintes estados e contas anuais:

- Balances.
- Contas de resultados económico-patrimoniais.
- Liquidacións dos orzamentos
- Memoria, co desglose que establece a Instrución de Contabilidade modelo normal.

Terceiro.- Remitir ao Tribunal de Contas e a Consello de Contas de Galicia a Conta Xeral do ano 2013, tendo en conta a Resolución do 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o Acordo do Pleno de 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrución que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición das contas, e o Acordo do Pleno do Consello de Contas de data 3 de maio de 2011 relativo ao formato normalizado da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición, así como o Convenio asinado entre o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia para a implantación de medidas de coordinación da rendición telemática das contas xerais das Entidades Locais.

3.16(143).- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE XESTIÓN MUNICIPAL NOMEANDO Á CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, COMO MEMBRO DA XUNTA DO INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES. EXPTE. 963/1101

ANTECEDENTES.- Con data 28 de agosto de 2014 o voceiro do grupo municipal Socialista presenta a seguinte proposta:

“O Pleno do Concello, en sesión de data 08.07.2011, de conformidade co previsto no artigo 38.c) do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, resolveu sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados da súa competencia, organismos autónomos municipais e Padroado do Museo Municipal “Quiñones de León”.

Como consecuencia dos cambios na composición da Corporación municipal producidos posteriormente pola incorporación da nova concelleira D^a Olga Alonso Suárez, que tomou posesión na sesión ordinaria do 29 de xullo de 2014, como voceiro do grupo político municipal socialista propoño ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo...”

Deseguido o voceiro do grupo municipal Socialista formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 1 de setembro de 2014, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Modificar parcialmente o apartado segundo do acordo plenario de data 08.07.2011 e nomear membro da Xunta Reitora do Instituto Municipal de Deportes en representación do grupo político municipal socialista a D^a Olga Alonso Suárez, en lugar de D^a Raquel Díaz Vázquez .

Segundo.- Comunicar este acordo aos voceiros dos grupos políticos municipais e ao secretario do antedito organismo autónomo para o seu coñecemento e efectos.

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se realizaron.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

5.1(144).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ESIXINDO Á XUNTA DE GALICIA QUE FACILITE AO CONCELLO UNHA INTERLOCUCIÓN DIRECTA COA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA QUE PERMITA COÑECER O NÚMERO DE DEPENDENTES NA CIDADE E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 959/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 28 de agosto de 2014, número 959/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“No pleno do 29 de Abril do pasado ano 2013, o Grupo Municipal PSdeG-PSOE, presentou unha moción instando o Pleno a adopción dos seguintes acordos:

“1º.- Esixir a Xunta de Galicia que facilite o Concello de Vigo unha interlocución

directa coa administración autonómica e non a través de medios telemáticos como sucede na actualidade, que nos permita coñecer o número de dependentes existentes na cidade de Vigo. Así mesmo esiximos igualdade de trato e proporcionalidade cara o Concello de Vigo nas aportacións da Xunta de Galicia o Plan Concertado en relación o resto de concellos de Galicia.

2º Existir a Xunta de Galicia unha explicación motivada do reparto efectuado os diferentes Concellos de Galicia e os criterios utilizados para estas asignacións."

A devandita moción foi aprobada con 14 votos a favor dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG, co voto en contra dos concelleiros do Grupo Municipal do PP. A mesma comezaba na exposición de motivos co seguinte parágrafo: "Con data 07 de Marzo de 2013 A Xunta de Galicia resolve as contías das transferencias finalistas efectuadas no exercicio 2012 ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de Marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento."

Dado que non se tivo en conta o acordo acadado neste Pleno, e visto que a Consellería de Traballo e Benestar, na súa Resolución do 18 de febreiro de 2014, pola que se publican as contías das transferencias finalistas efectuadas no exercicio 2013 ao abeiro do Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento; persiste na discriminación como se ve reflectida nesta resolución onde a contía destinada ó financiamento básico dos servizos sociais comunitarios municipais no concello da Coruña é de 569.834,22 euros, sendo no concello de Vigo polo mesmo concepto a contía de 428.150,24 euros (141.674 euros menos). Na axuda no fogar a persoas valoradas como dependentes para Coruña asinan 2.130.593,85 euros e para o concello de Vigo 1.322.728,42 euros (807.865 euros menos)

E por isto que reiteramos e propoñemos de novo ó Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO:

1º.- Existir a Xunta de Galicia que facilite o Concello de Vigo unha interlocución directa coa administración autonómica e non a través de medios telemáticos como sucede na actualidade, que nos permita coñecer o número de dependentes existentes na cidade de Vigo. Así mesmo esiximos igualdade de trato e proporcionalidade cara o Concello de Vigo nas aportacións da Xunta de Galicia o Plan Concertado en relación o resto de concellos de Galicia.

2º.- Existir a Xunta de Galicia unha explicación motivada do reparto efectuado os diferentes Concellos de Galicia e os criterios utilizados para estas asignacións."

Con data 27 de agosto de 2014, a Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: O Sr. Fidalgo marchou, bo seguro que me escoita aí detrás, Sr. Fidalgo, un segundo só, acaba de manifestar que o que lle importa ao Partido Popular é a cidade de Vigo, pois nesa afirmación espero que inclúa aos cidadáns de Vigo, pois agora voulle demostrar como iso é mentira.

O pasado 29 de abril do ano 2013 o Grupo Municipal Socialista presenta unha moción ao Pleno instando a que se acorden os seguintes acordos: esixir a Xunta de Galicia que facilite ao Concello de Vigo unha interlocución directa coa administración autonómica e non a través de medios telemáticos como sucede na actualidade, que nos permita coñecer o número de dependentes e asistentes na cidade de Vigo. Ase mesmo esiximos igualdade de trato e proporcionalidade cara o Concello de Vigo nas achegas da Xunta de Galicia ao Plan concertado en relación co resto dos Concellos de Galicia. No punto dous esixíamos á Xunta de Galicia unha explicación motivada do reparto efectuado de diferentes concellos de Galicia e os criterios utilizados para estas asignacións.

A devandita moción foi aprobada cos votos do Bloque Nacionalista Galego e cos votos do Partido Socialista, o Partido Popular votou en contra.

Con data de 7 de marzo de 2013, a Xunta de Galicia resolve as contías das transferencias finalistas efectuadas no 2012, cunha clara discriminación cara o Concello de Vigo, non se tivo en conta para nada o acordado neste Pleno e a Consellería de Traballo e Benestar na súa resolución de 18 febreiro de 2014, volve a poñer de manifesto que o que di o Sr. Fidalgo non é verdade, porque non se ten en conta a poboación nin ós Dependentes de Vigo, e isto non son datos inventados, poden coller o Diario Oficial de Galicia e comprobar exactamente que o que estou poñendo de manifesto, é verdade.

Persiste na discriminación como se ve reflectida nesta resolución, onde a contía destinada ao financiamento básico dos servizos sociais no Concello de Vigo é de 428.150 euros, e no de A Coruña de 569.834, a diferenza é 141.674. Pero na Axuda a Fogar as persoas valoradas como dependentes para A Coruña asinan 2.130.593, 85 euros, e para o Concello de Vigo 1.322.728,42; 807.865 euros menos.

Por iso reiteramos e propoñemos ao Pleno da Corporación exactamente o mesmo

acordo que propuxemos no Pleno do 29 de abril do 2013, e seguiremos propoñendo unha vez máis en todos e cada un dos Plenos mentres se siga persistindo esta discriminación, por certo cara os máis necesitados que son os dependentes.

SRA. VELOSO RÍOS: Como dicía a Sra. Abelairas daquela cando se presentou esta moción o Bloque Nacionalista Galego votou a favor e agora seguimos estando de acordo con esta demanda, pero tamén é certo que dende aquela as cousas, aínda que pareza increíble, empeoraron aínda máis. A situación das persoas dependentes na nosa cidade cada vez é máis difícil e puidemos comprobalo este verán coas cartas que recibiron, nas que se lle comunicaban os recortes, ademais con carácter retroactivo das súas prestacións pola dependencia, pero ademais tamén nos atopamos con moitas persoas en Vigo e en todo o país, que tendo recoñecida a dependencia non están recibindo as axudas nin os servizos que lles corresponden. Isto témolo denunciado xa no Parlamento Galego e queremos tamén denunciálo aquí porque hai moitas persoas na nosa cidade tamén que se ven afectadas por esta situación, é unha mágoa que igual que o Sr. Fidalgo a Sra. Silva marchara agora que vou intentar ser rigorosa dando datos do Tribunal de Contas, porque de cando en vez intento ser rigorosa, é unha mágoa que agora non estea. Segundo un informe do Tribunal de Contas en Galicia hai 18.106 que non recibían prestación a 31 de decembro de 2013, mesmo tendo recoñecido o dereito a esta prestación. Segundo este informe un 31, 86% das persoas ás que se lle recoñeceu un grado de dependencia polo que terían dereito a prestación, estanse atopando agora mesmo nesa situación na que as traballadoras sociais chaman o “limbo da dependencia”. As traballadoras sociais teñen moitas persoas usuarias nesta cidade que están nese limbo, que teñen a dependencia recoñecida, e mesmo ténndoa recoñecida pasan meses e meses sen recibir as prestacións ou os servizos que lle corresponden, e o Goberno galego non está solucionando esta situación senón que ademais está recortando os servizos e as axudas das persoas que si están recibindo a dependencia. Por iso ademais de aprobar estes dous puntos que se recollen na moción que presenta o Partido Socialista, nós quereríamos engadir e presentamos unha emenda para iso, un primeiro punto, porque entendemos que un punto fundamental neste momento tan grave que estamos a atravesar despois dun verán terrible para moitas familias cando recibiron a comunicación dos recortes nas

axudas e que vai ser un outono moi difícil para moitas outras familias que xa saben que lle vai chegar esa carta reducindo as axudas. Nós queremos engadir un primeiro punto que diga “esixir á Xunta de Galicia que recoñeza a prestación e se faga efectiva de forma inmediata a tódalas persoas con grao de dependencia, e que remate cos recortes nas prestacións”.

SRA. CENDÓN ALONSO: Presentamos hoxe unha moción que efectivamente que xa veu o ano pasado, parece que segue vostede reticente a aceptar as melloras introducidas na xestión do sistema da Dependencia, melloras telemáticas aceptadas polo resto dos 314 concellos galegos.

Sra. Abelairas, SIGAP, Estranet, Expediente dixital, Sistemas de calidade etc., entendo que son melloras que demostraron beneficios e que se reflicten nos tempos de tramitación, porque como dicía a Sra. Veloso hai un informe do Tribunal de Contas e o propio Tribunal de Contas recoñece isto último, di no informe que Galicia é unha das comunidades autónomas que máis rápido tramita, cunha media de 90 días, pero queremos mellorar. Para mellorar, xa llo dixen o pasado ano, nestes sistemas telemáticos incorpóranse tódalas modificacións e suxestións que proceden dos concellos. Ofrecínome o ano pasado a que se tiña algunha suxestión, que ma achegara porque dende logo eu teño interese en que poda mellorar este canle telemático.

Non me achegou ningunha, díxenlle tamén que hai formación para os funcionarios, os funcionarios que teñan dificultades teñen formación en Santiago de Compostela cos profesionais que actualizan estes programas, utilice esta ferramenta para que todos podamos mellorar porque aínda que estamos ben, hai moito camiño por diante e nós estamos pola labor. Pero vostede obstínase en que non, que os canles telemáticos non lle serven, curiosamente cando baixaba eu para aquí, facíao cuns funcionarios que falaban das bonanzas dos sistemas telemáticos, do aforro en cartos, tempos, papel, beneficiosos para a ecoloxía porque non tallabamos árbores, pero parece que a vostedes non lle gustan e insiste empeñada en que ten que ter unha interlocución directa, o ano pasado dinlle un correo electrónico e un teléfono directo, díxenllo que o anotara, voullo dar outra vez, o teléfono e o correo, dependenciavigo@xunta.es, 986213995. Pero vostede quere falar coa Conselleira, xa o dixo o ano pasado, Sr. Domínguez vostede que é experto en cancións, hai

unha canción que fala de quero falar, non quero o correo electrónico? Ela quere falar coa Conselleira, e a Sra. Mato non ten facebook, nin whatsapp, ese é o problema que ten a Sra. Abelairas, que a Sra. Mato non ten whatsapp, faga memoria Sr. Domínguez que lla quero cantar.

O importante da moción é o segundo punto, e segue tamén sen querer entender que as achegas, porque dio o Decreto ao que vostede se refire, non dependen do número de habitantes, son proporcionais á actividade que se realiza, canto máis actividade realiza un concello máis percibe ó ano seguinte, ou sexa hai que facer un esforzo de traballo para percibir máis ó ano seguinte.

Eu preguntáballe o ano pasado e pedíalle explicacións de por que deixaban horas baleiras sen cubrir, aínda non me deu unha razón convincente, pero insisto a min gustaríame aumentar as partidas e para iso sabemos o que temos que facer. De todas formas quero dicirlle Sra. Abelairas, o esforzo que está facendo a Xunta de Galicia e a consellería para mellorar a lei.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Quero que me reciba a conselleira, o que pasa é que asústame un pouco Sra. Cendón, porque co apelido que leva, perigoso e o que está facendo intentando, entre comiñas, enténdame ben, matar o sistema dependente de Vigo, da cidade de Vigo.

Por certo, excelentes funcionarios, o sistema telemático: marabilloso, estupendo e divino da morte, pero quen o controla? Vostedes, unha traballadora social do Concello que lle ven a pedir información unha cidadá, unha dependente que entre nunha cadeira de rodas, que necesita que a recoñezan, pregunta como está o expediente? Espere que vou mirar, o “chiringuito” da Xunta de Galicia pechado, non pode entrar, Sra. Cendón, non podemos darlle a información e non podemos falar co ordenador, a min gustaríame poder facelo pero non se pode.

Como teño pouco tempo e creo que así vaino entender perfectamente porque vostede é o suficientemente intelixente, sabe o que están facendo vostedes? Desmantelando o sistema de dependencia, a través de reais decretos, a primeira vez que se senta no Consello de Ministros o presidente do Goberno o que fai a través dun real decreto é paralizar a aplicación do calendario da implantación da Lei de Dependencia, deixando fora xa nese momento a 400.000 persoas, no seguinte real decreto suprimiu niveis, quedouse cos graos establecidos, non

recoñecen con efecto retroactivo a dependencia, non a partires dos dous anos seguintes co cal as persoas maiores de 30 anos xa non necesitarán a protección por dependencia. Reducen a protección de dependencia noutro Consello de Ministros a través dun Real Decreto e deixan fora a 435.000 persoas máis, suspenden a regulación do convenio especial do sistema de Seguridade Social dos cuidadores, non profesionais, deixando fora a 180.000 mulleres, porque o 94% dos cuidadores son mulleres, evidentemente cun único obxectivo e cunha maldade increíble que se di que defende os servizos sociais, persoas que tiñan dereito a unha prestación recoñecida Sra. Cendón, quedaron e quedan fora do sistema, reduciron o fondo destinado a prestacións por dependencia en máis dun 30%, estas decisións o que acaban provocando de maneira perversa é que o sistema de dependencia sexa ineficaz, ineficiente e inviable e outra consecuencia Sra. Cendón, é a destrución de emprego, co cal é a pescada que se morde a cola. Imos peor cada vez, e os dependentes maiores de 80 anos morren sen as prestacións.

No transcurso do debate, a voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, presenta a seguinte emenda de engádeda,

Engadir como primeiro punto o seguinte texto:

“1.- Esixir á Xunta de Galiza que recoñeza a prestación e se faga efectiva de forma inmediata a todas as persoas con grao de dependencia e que remate cos recortes nas prestacións”.

Ao seren aceptada a anterior emenda pola relatora da moción, Sra. Abelairas Rodríguez, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.

VOTACIÓN DA EMENDA DO GRUPO DO BNG: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira,

Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, queda aprobada a emenda de engádeda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 28.08.2014 (Rex. Nº 959/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez, coa engádeda da voceira do grupo municipal do BNG, quedando co seguinte texto:

- 1.- Esixir á Xunta de Galiza que recoñeza a prestación e se faga efectiva de forma inmediata a todas as persoas con grao de dependencia e que remate cos recortes nas prestacións"
- 2.- Exixir a Xunta de Galicia que facilite o Concello de Vigo unha interlocución directa coa administración autonómica e non a través de medios telemáticos como sucede na actualidade, que nos permita coñecer o numero de dependentes existentes na cidade de Vigo. Asimismo exiximos igualdade de trato e proporcionalidade cara o Concello de Vigo nas aportacións da Xunta de Galicia o Plan Concertado en relación o resto de concellos de Galicia.
- 3.- Exisir a Xunta de Galicia unha explicación motivada do reparto efectuado os diferntes Concellos de Galicia e os criterios utilizados para estas asignacions."

5.2(145).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á

SECRETARÍA DE ESTADO DA SEGURIDADE SOCIAL, ENTRE OUTROS, A MODIFICACIÓN LEXISLATIVA EN MATERIA DE SEGURIDADE SOCIAL QUE PERMITA O ADIANTO DA IDADE DE XUBILACIÓN DOS POLICÍAS LOCAIS. EXPTE. 960/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 28 de agosto de 2014, número 960/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Os Presupostos Xerais do Estado para o ano 2010 modificaron mediante emenda presentada polos grupos parlamentarios socialista e vasco, EAJ- PNV a lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de Seguridade Social no referente á aplicación de coeficientes redutores na idade de xubilación para o Corpo da Ertzaintza.

A modificación lexislativa, necesaria, admitía o recoñecemento da profesión de policía como colectivo especialmente vulnerable e necesitado de axustar a súa vida laboral á situación real, situación amparada na Lei Xeral da Seguridade Social que no seu artigo 161.1 bis, ampara as profesións de "natureza especialmente penosa, tóxica, perigosa e insalubre" nas que se rexistren "elevados índices de morbilidade ou mortalidade". O devandito establecemento dos coeficientes redutores implica e esixe a realización previa de estudos sobre sinestralidade no sector, penosidade, perigosidade e toxicidade das condicións de traballo, a súa incidencia nos procesos de incapacidade laboral que xera nos traballadores e os requirimentos físicos esixidos para o desenvolvemento da devandita actividade.

En relación co colectivo de policía locais e autonómicos, nos estudos levados a cabo por distintos organismos, despréndese que existen indicios de perigosidade e penosidade no desenvolvemento da súa actividade e que os requirimentos psicofísicos que se esixen para o seu ingreso no colectivo e o desenvolvemento da súa vida laboral non poden facerse a partir dunhas determinadas idades, cumpríndose desta forma os requirimentos esixidos na lexislación para a redución de idade de acceso á xubilación, como consecuencia da realización de traballos de natureza excepcionalmente penosa tóxica, perigosa ou insalubre.

Que a profesión policial, sexa cal sexa a súa dependencia orgánica, é unha profesión de risco xa que non se discute; a lexislación, os estudos realizados, a experiencia no desenvolvemento da profesión máxime en grandes cidades, avalan adiantar a idade de xubilación.

A existencia da xubilación anticipada noutros Corpos de Seguridade do Estado así como a recente inclusión da xa mencionada Policía Autonómica Ertzaintza non fan senón ratificar a necesidade de regulación e discriminación por analoxía do resto de policía a igual risco igual cobertura. Un policía con idade avanzada é un risco para a súa propia seguridade no traballo e para unha eficaz protección dos

cidadáns e dos seus bens, a seguridade é un Dereito da Cidadanía.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes

ACORDOS

- Instar á Secretaría de Estado da Seguridade Social, á Dirección Xeral da Ordenación do Territorio da Seguridade Social e á FEMP, que propoñan ao Congreso dos Deputados a modificación lexislativa en materia de Seguridade Social que permita o adianto da idade de xubilación dos policía locais, a través da aprobación das seguintes medidas:

1º A aplicación dos coeficientes redutores na idade de xubilación aos membros dos Corpos de Policía Locais do Estado, nas mesmas condicións que se contempla na Disposición Adicional Cuadragésima Quinta del Real decreto Lexislativo 1/994 polo que se aproba o texto refundido da lei Xeneral da Seguridade Social, introducida pola Lei 40/2007 do 7 de decembro, de medidas en materia de Seguridade Social.

2º Solicitar ao Goberno do Estado o recoñecemento da profesión policial como profesión de risco e, en consecuencia, a redacción dun catálogo de enfermidades profesionais co obxectivo de protexer a saúde e poñer fin á inxustiza dunha idade de xubilación que non teñen en conta a sinestralidade no sector, a penosidade, perigosidade e toxicidade das condicións de traballo, así como a incidencia nos procesos de incapacidade laboral que xeral, e os requirimentos esixidos para o desenvolvemento do labor policial.

Con data 1 de setembro de 2014, a Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SR. LÓPEZ FONT: Presentamos esta moción recollendo a petición do tódalas forzas sindicais do ámbito da Policía Local, aqueles sindicatos que traballan en ámbito xeral como UXT e Comisións Obreiras pero tamén dos sindicatos que teñen o seu ámbito de actuación directamente relacionado coa Policía Local.

O motivo que de presentemos esta moción ao Pleno coa intención de que sexa apoiada por unanimidade cos argumentos que darei a continuación, a presentamos insisto porque os argumentos que nos deron convencéronnos, entendemos que estamos ante unha petición razoable tamén razoada pero tamén ante unha petición legal, é dicir, ten cobertura dentro do ámbito da lei do réxime da Seguridade Social e que tamén ten o que solicitan estes sindicatos as forzas

sindicais, teñen as súas similitudes con outras situacións similares aceptadas inclusive en datas recentes como o 2010. Polo tanto, estamos antes unha petición que de non ser atendida, estudada e aprobada na medida do posible puidera significar un agravio comparativo con todo o que isto significa con outros sectores, poderíanse citar outros colectivos que teñen esta mellora que aquí se propón, pero insisto recentemente no ano 2010 este mesmo status, foi aprobado para a Policía vasca.

En conclusión, o que se pide nesta moción, recollendo o que solicitan os sindicatos é unha modificación legislativa instando á Secretaría de Estado da Seguridade Social á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio da Seguridade Social e á FEMP, a que propoñan unha modificación legislativa que permita a aplicación de coeficientes redutores nas idades de xubilación dos policías locais, isto significa que adiantando a súa idade de xubilación non terían unha perda económica, e tamén solicitar ao Goberno o recoñecemento explícito da profesión de Policía Local como profesión de risco, isto significaría a redacción dun catálogo de enfermidades profesionais co obxectivo de que non esteamos na situación de inxustiza dunha idade de xubilación que non se corresponde coa realidade do seu traballo.

Polo tanto, aquí estamos solicitando este recoñecemento e os motivos desta petición son moi sinxelos e creo que coñecidos por tódolos que estamos aquí, a siniestrabilidade do sector, a penosidade en que se desenvolven as actuacións e o traballo da Policía Local, a perigosidade en que se desenvolve e tamén a toxicidade, toda esta petición está amparada e baseada en intentar axustar a vida laboral do policía á situación real, incluso hai estudos que avalan esta siniestralidade do sector, e polo tanto, estamos ante unha formulación certamente documentada e motivada tamén na normativa de Seguridade Social.

Eu creo que os que estamos aquí, os vinte e sete concelleiros, coñecemos mellor que ninguén o contexto no que se move a función, o traballo, e o desenvolvemento do traballo diario dos mandos e dos axentes da Policía Local, e entendemos que avalando esta petición cumprimos un dobre obxectivo, primeiro compensar adecuada e merecidamente o traballo dos policías locais en xeral, e dos nosos especificamente. Pero tamén con esta medida facilitaríamos unha adecuación na rotación do cadro que permita a adecuada prestación do servizo en función da idade. Isto significaría na practica é obvio ou ao menos nós así o entendemos un

rexuvenecemento do cadro de persoal, porque creo que se pode afirmar que un policía cunha idade non axustada ao cometido concreto que se lle pode pedir e que pode desenvolver, constitúe nun principio un risco para el mesmo, pero tamén á cidadanía a que ten que prestar ese servizo.

É esta unha petición que están tamén apoiando outros concellos e outras administracións públicas e que sometemos á consideración deste Pleno, no convencemento de que será atendida e que nos gustaría contar co voto favorable dos dous grupos municipais, Partido Popular e Bloque Nacionalista Galego.

SR. ALONSO PÉREZ: Esta reivindicación é clara e nace dunha plataforma sindical que elaborou un manifesto e estano trasladando ás distintas administracións, á Federación Española de Municipios aos distintos concellos, Parlamentos, o apoio a este manifesto que se basea na modificación legislativa e os traballos necesarios para que se admita o recoñecemento da profesión da Policía como un colectivo especialmente vulnerable e necesitado de axustar a súa vida laboral a situación real.

Ampáranse na Lei Xeral da Seguridade Social no seu artigo 161.bis, que ampara ás profesións de natureza especialmente penosa, perigosa ou insalubre e rexístranse os índices de mortalidade e morbilidade nestas profesións. Ademais o que piden é a aplicación de coeficientes redutores na idade de xubilación que xa ven recollida na Lei Xeral da Seguridade Social para as profesións con elevados índices de mortalidade e morbilidade, e dado que os estudos de siniestrabilidade para estas profesión e de perigosidade están confirmados, parécenos unha reivindicación que merece o apoio do Bloque Nacionalista Galego e ademais hai o antecedente que na Ertzaintza o Parlamento Vasco, co apoio dos distintos grupos, xa se deu esta posibilidade de anticipar a xubilación e polo tanto imos votar a favor.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Indubidablemente nós imos apoiar a moción porque pensamos que a Policía é tamén os bombeiros, non se esqueza Sr. Font dos bombeiros, fan unha labor excelente nesta cidade.

Polo que acabamos de escoitar dise que a moción se fundamenta en estudos levados a cabo por distintos organismos dos que se desprende que o desenvolvemento da actividade do colectivo policías locais e autonómicos, non sei

a que ven aquí o de autonómicos, Sr. Font, de vez en cando hai que repasar as mocións, mostra indicios de perigosidade, penosidade e nós non dubidamos, de feito eu traballo a diario con eles, e si é certo que isto é así e que os requirimentos psíquicos e físicos que se requiren para o desenvolvemento da vida laboral non se poden esixir a partires de certas idades. Tamén si que nos gustaría que xa que fala de estudos nos clarexase cales son.

Alude tamén á existencia da xubilación anticipada noutros corpos de seguridade do Estado, así como a recente inclusión da policía autonómica, a Ertzaintza, no que ratifica a necesidade de igualar a regulación para evitar a discriminación, indubidablemente que si, que nós estamos en contra de calquera tipo de discriminación e sobre todo no ámbito administrativo pero tamén no ámbito normal e social.

O que si nos deixa claro é que o único que pretenden coa moción é buscar o titular e unha venta política que non trata de resolver un problema, isto é o que é, un engano, nunha venta dun traballo que non está facendo, falábanos de compensar con estas solicitudes, non, están apoiando algo como o apoian a gran parte dos cidadáns desta cidade.

Eu preguntaría lle que me escribise o procedemento regulado polo Real Decreto 1698/2011, co que as organizacións sociais e sindicais están intentando resolver este problema, isto si se está facendo, pero sei a ciencia certa que nin coñece o procedemento, nin o estado de tramitación, nin as iniciativas que se están levando a cabo para resolvelas, de feito, o Secretario do Estado de Seguridade Social, o Sr. Tomás Burgos, xa anunciou na rolda de prensa que o paro rexistrado este mes, pasou a un maior nivel de acordo con axentes sociais no tema da redución de idade de xubilación a traballadores con convenios especiais e outros traballadores. O que se temos que agradecer, como non, é e apoiamos o enorme e valioso esforzo que fan a nosa Policía Local e tamén os nosos Bombeiros porque o coñezo de boa fe e os dous servizos saben que contan co noso apoio e axuda para levar a cabo iniciativas que realmente resolvan problemas, non simplemente unha venta política.

Como sempre pensamos que a moción que se presenta ten un fondo coherente, e é certo que é coherente, que os policías ou bombeiros por actividades que realicen no seu traballo diario vense impedidas ou dificultadas por unha mingua física

mental derivada da idade, e puideran xerar un risco, deben pasar a segunda actividade como está contemplado na lei, no caso dos policíaos aos 58 anos ou aplicar coeficientes redutores da idade de xubilación, sempre que non sexa posible modificar as condicións de traballo e segundo as características do posto e informes e estudos tal e como se ditamina na regulación actual, porque témonos que basear na regulación actual, Sr. Font. Pero as formas son totalmente equivocadas dado que esta proposta ao ser dirixida ao Pleno da cidade que non ten competencias neste tema o único que busca é un rédito político e unha venda de algo que realmente non están facendo, hai que resolver os problemas reais que teñen os policíaos e bombeiros desta cidade e deixarse de facer vendetas políticas. O que si indubidablemente, as organizacións sindicais están dirixíndose a Dirección Xeral de ordenación e seguridade social ao obxecto de que se inicien os trámites previstos no Real Decreto que antes nomeei.

En conclusión, nós imos a votar a favor a pesares de que pensamos que o fondo ten sentido pero a forma non é correcta, e iría en contra da regulación actual sobre este tema, lembrámoslles que a nosa Policía Local como xa dixen ten diversos problemas no que si debería tratar neste Pleno porque son obxecto deste Pleno, como son temas de problemas nas comunicacións, con outros servizos desta cidade, temas de coordinación, de persoal, a falla de persoal que indubidablemente atinxe a este servizo, e isto si que son competencias deste Pleno e si que deberíamos tratalos neste Pleno para poder ditaminar algunha resolución política e poder axudalos dalgunha maneira, e non buscar con temas destes e vendas políticas a nivel nacional e autonómico, un rédito político que pensamos que non están enganando a ninguén.

SR. LÓPEZ FONT: Sentíame feliz coa intervención do Sr. Alonso e pensei que isto ía ir por un rumbo normal, pero Sr. Araújo con vostede é imposible ir por uns rumbos absolutamente normais.

Todo o que diso é unha ofensa para os sindicatos que propuxeron este tema e que llo trasladaron ao Concello de Vigo, todo o que vostede dixo dirixíndose ao Sr. Font non me ofende a min senón ofende necesariamente aos sindicatos que o propuxeron, da mesma forma que a súa intervención debe ofender ao Alcalde de A Coruña que tamén levou esta moción ao Pleno, fíxese na situación na que nos

atopamos, non buscamos Sr. Araújo ningún titular, é absolutamente falso, copiamos literalmente a moción que nos presentaron a plataforma dos sindicatos como fixeron noutros concellos, e é vostede o que quere facer rendemento político disto falando doutras cuestións, leva case catro anos de concelleiro, nunca vin unha moción sobre problemas da Policía Local, sobre funcionamento da Policía Local e sobre posibles solucións, co cal contéstase vostedes a si mesmo, propoña aquí unha moción. O que non se pode dicir é que isto é un engano, porque está dicindo que é un engano para os sindicatos da Policía Local, coñezo perfectamente o procedemento porque sabe quen é o Valedor deste tema a nival da FEMP, o Alcalde de Vigo, Vicepresidente da FEMP, que atendeu aos sindicatos, que propiciou que este tema se debatese dentro da FEMP, á satisfacción dos sindicatos. O que non ten a información correcta é vostede, se vostede houbera visto na plataforma dos sindicatos e nas páxinas web o que din sobre o Alcalde de Vigo, outro galo lle cantaríaa á hora de intervir.

Polo tanto, somos competentes no Pleno e vostede vote o que queira, somos competentes para apoiar a un colectivo que ten unha reivindicación xusta, e se a vostede isto non lle parece que é competencia, será literalmente o seu problema, pero coñezo a forma en que se desenvolve isto e a coñecen eles de facer a modificación legislativa. O único que quixo facer política sobre o tema de Policía Local é vostede, aquí.

En canto aos bombeiros, o seu descoñecemento é tan abraiante que os bombeiros xa o teñen, como debería vostede ben saber, entón non me diga a min que non me preocupo dos bombeiros, eu non sei o que se preocupa vostede de Bombeiros e de Policía Local, pero eu tódolos días e a tódalas horas, na medida en que non lle vin a vostede facer ningunha proposta construtiva, aquí no a fixo, e polo tanto o Partido Popular entendo que non ten ningunha proposta nin para policía nin para bombeiros, en tanto que vostede parece que é o encargado destes temas, os traia aquí. Permanentemente estamos coa Policía Local e permítame a inmodestia, que o din eles, nunca estiveron tan ben como cun goberno do Alcalde de Abel Caballero, así que o único que se preocupou de facer política é vostede.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 28.08.2014 (Rex. Nº 960/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5.3(146).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A DOTAR Á ZONA DE BOUZAS DUN CENTRO SAÚDE E QUE PARALICE O TRASLADO DO CENTRO DE SAÚDE DE BEIRAMAR. EXPTE. 961/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 28 de agosto de 2014, número 961/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, formula a seguinte,

MOCIÓN:

“O Goberno da Xunta de Galicia, presidida por Emilio Pérez Touriño, ao longo da súa lexislatura, planificou, desenvolveu funcional, arquitectonicamente e financeiramente, ademais do denominado Novo Hospital de Vigo, a construción de varios novos centros de saúde que permitise o desenvolvemento nas mellores condicións de accesibilidade e calidade da atención primaria no municipio de Vigo. Un dos centros planificados e cuxos traballos de desenvolvemento estaban moi avanzados ao final da lexislatura de 2009, era o situado na populosa zona de Bouzas.

Poucos meses despois de que a Administración Sanitaria actual galega decidise, en contra dos intereses da poboación da zona, incluída Coia e Bouzas, eliminar da súa situación actual o Centro de Saúde de Beiramar, a devandita Administración comunicou recentemente que renuncia á construción do Centro de Saúde de Bouzas, o que supón, ademais dun novo desprezo aos intereses lexítimos da poboación de Bouzas, a paralización ao desenvolvemento da Atención Primaria neste Municipio.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

-Instar a Xunta de Galicia:

1.- Que se continúe cos traballos necesarios para dotar no menor prazo de tempo o Centro de Saúde planificado e necesario na zona de Bouzas.

2.- Que se paralice o traslado do Centro de Saúde de Beiramar, que na actualidade tamén dá servizo á zona de Bouzas e que obrigaría a longos desprazamentos aos pacientes esta zona.”

Con data 1 de setembro de 2014, a Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Para comprender mellor o significado que ten o ou que tiña o centro de saúde de Bouzas, permítame que faga un relato da historia desta petición, unha petición xusta dos veciños desta zona.

No ano 2004 o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia, diseña un plan funcional para a creación dun centro de atención primaria en Bouzas, para dous médicos, practicamente un pequeno consultorio local que non só resolve as necesidades asistenciais da zona senón que ademais responde a un modelo de planificación obsoleto e ineficiente. Trátase dun mero anuncio con fines propagandísticos, xa que no sucesivo non se fai ningunha xestión para avanzar na xestión do proxecto, non se formaliza o Plan funcional, non se xestiona urbanisticamente a parcela, non hai programas de espazos, non hai proxecto arquitectónico nin reserva orzamentaria.

No ano 2006, goberno do PSOE na Xunta de Galicia, procédese á revisión de dito proxecto e a elaborar un novo plan funcional para un centro de atención primaria cunha poboación de referencia de entre 10 e 15.000 usuarios, situarase nunha parcela que alberga un edificio catalogado e sometido a protección de patrimonio polo Concello de Vigo, o que obriga a que o proxecto arquitectónico respecte esta particularidade e sexa un edificio integrado no entorno urbanístico da Alameda de Bouzas. Así o acordan entre o Concello de Vigo e o SERGAS e a Asociación de Veciños de Bouzas, esixíranse aos redactores do proxecto esta condición e a continua coordinación coa Xerencia de Urbanismo e o servizo de Patrimonio do Concello de Vigo.

Elabórase un plan funcional e un programa de espazos para poder proceder a redacción do proxecto arquitectónico e iníciase a xestión urbanística da parcela. Un plan funcional que contempla un centro sanitario para sete médicos de familia, un pediatra, oito profesionais de enfermaría, unha auxiliar de enfermaría, tres persoas de servizos xerais, un traballador social. O centro de saúde estaría dotado dun subprograma de espazos con sete consultas para médicos, enfermaría, unha consulta de pediatría, unha recepción, etc. En definitiva unha superficie de 1.168 metros cadrados e un investimento estimado nun 1.347.000 euros.

O feito de que o futuro centro de saúde se sitúe nin terreo formado por tres parcelas de propiedade particular, valoradas en 634.000 euros, e que as edificacións en estado ruinoso que soportan estean protexidas por un plan especial de protección e reforma interior do casco histórico, fixo da xestión urbanística para a construción do centro de atención primaria especialmente dificultoso. O Concello de Vigo tivo que proceder á realización dun expediente de alienación destas dúas parcelas e xerar o crédito necesario. Unha vez finalizados ditos expedientes, o 6 de agosto do ano 2007, prodúcese o acordo plenario polo Concello de Vigo para a cesión gratuíta ao SERGAS de ditos terreos e a posterior aceptación por parte da dirección de recursos económicos do SERGAS, previo informe da Asesoría Xurídica. O 28 de xullo de 2008, a intervención xeral da comunidade autónoma emite o informe positivo para a parcela cedida ao SERGAS, e o 28 de agosto prodúcese a autorización por parte do Consello da Xunta de Galicia, formalízase ante notario e o 2 febreiro de 2009 procédese á inscrición de dita parcela no Rexistro da Propiedade. O 26 de novembro de ano 2008 adxudícase a unha empresa de arquitectos a realización do proxecto básico e da execución do novo centro por un importe de 46. 647 euros e cun prazo de realización de tres meses, ou sexa o proxecto estaba finalizado no ano 2009, ou a comezos do ano 2009. O realizado polo goberno actual do Partido Popular na Xunta de Galicia foi cero, e non só iso senón que agora comunica que non se vai facer ese centro de saúde, precisamente cando a poboación creceu, cando máis necesidades hai de desenvolvemento da atención primaria, co fin de facer máis eficiente o sistema sanitario.

En definitiva, un paso máis no proceso de descapitalización da Sanidade pública en Vigo a instancias e coa promoción e desenvolvemento do Goberno da Xunta de Galicia actual. Polo tanto, solicitamos que se revoque a decisión de construír este

centro.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: A verdade é que non hai Pleno no que, ben o Partido Socialista ou ben Bloque Nacionalista Galego, non teñamos por desgracia que traer unha moción referente á Sanidade. E non hai Pleno porque mes tras mes, día tras día, estamos asistindo, como dicía o Concelleiro o Sr. Rodríguez Escudero, ao desmantelamento planificado da Sanidade pública de Galicia, un tema que espero que este si teñamos competencia e podamos debatelo aquí porque afecta nada máis e nada menos que á saúde dos vigueses e das viguesas.

Efectivamente, o centro de saúde de Bouzas era e segue sendo unha reivindicación totalmente xusta e que nós imos apoiar. En tempos da Sra. Porro cando era Alcaldesa e un pouco antes das eleccións autonómicas do 2005, aquí a esta cidade chegou o Sr. Feijóo prometendo e anunciando a bombo e a prato diante da Alcaldesa, naquel momento, prometendo que se ían a construír non o Centro de Bouzas, senón cinco novos centros de saúde na nosa cidade, esas eran as promesas do Sr. Feijóo e da Sra. Porro daquela para con esta cidade, evidentemente se construíron cero.

Efectivamente, gobernando o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego na Xunta de Galicia, o vicepresidente daquela o Sr. Anxo Quintana, cando chega á Xunta de Galicia o Bloque Nacionalista Galego na vicepresidencia de Benestar, asínase un convenio coa Sra. Porro onde se comprometían a desenvolver unha serie de actuacións, tres centros de día, un dos que hoxe podemos comprobar e naquel momento tamén se fai referencia por parte da Alcaldesa a que esta cidade precisa eses centros de saúde. Ao día de hoxe non só non temos ningún deses cinco centros prometidos polo Sr. Feijóo, senón que ademais, que é a outra parte da moción, acábase de consumir o peche, o traslado dun centro como era o de Beiramar, nada máis e nada menos que máis de 1.900 nenos/as que se lles obriga a trasladar a un novo centro de saúde, a Rosalía de Castro, nenos/as como outras persoas adultas que teñen que chegar a desprazarse dende o extremo de Coia á rúa de Rosalía de Castro por este traslado. Iso é o que o Partido Popular nos ten acostumados.

Quería vostede unha canción? Voulle dicir unha Sra. Cendón, “siempre me dices lo mismo” porque vostede agora nos vai saír defendendo non sei que cousa, “sempre

me dices lo mismo”, apréndase esa canción.

E mentres o Partido Popular en materia de saúde pública sempre nos di o mesmo, os vigueses e viguesas están sufrindo, por exemplo, nos últimos días que os nenos desta cidade se queden sen unha doutora en reumatoloxía, algo fundamental para a súa saúde. Mentres o Partido Popular nos di o mesmo, estamos asistindo a que se pechan camas, e por esa razón hai 23 pacientes que tiveron que esperar nos últimos días máis de 24 horas para poder ser hospitalizados, mentres vostedes nos din o mesmo, seguimos asistindo á privatización da Sanidade pública.

Con isto que quere que lle diga, Sra. Cendón e señores do Partido Popular, que sen embargo de todo este desmantelamento iso si, anuncian vostedes a bombo e a prato un novo convenio cun hospital privado desta cidade como é POVISA, que nada máis e nada menos que no último ano tivo uns beneficios de once millóns de euros de máis. Esa é a política do Partido Popular, iso é “siempre me dices lo mismo”, para que? Para desmantelar a Sanidade pública e privatizala por enteiro, esa é a planificación do Partido Popular que por suposto mentres Bloque Nacionalista Galego teña representación aquí, no Parlamento Galego e no Estado seguiremos combatendo, por iso imos aprobar esta moción.

SRA. CENDÓN ALONSO: Sr. Alcalde antes de comezar coa miña exposición quero pedir a votación por puntos, dado que os dous puntos son diferentes, nun fálase dun traslado do centro de saúde e noutro da construción dun segundo centro de saúde, entón pido a votación por puntos.

PRESIDENCIA: Continúe a súa intervención.

SRA. CENDÓN ALONSO: Estou dirixíndome a vostede por unha cuestión de orde, Sr. Alcalde.

PRESIDENCIA: O seu tempo está contando.

SRA. CENDÓN ALONSO: Está claro cal é a intención. Eu vou falar un pouco, falouse escasamente do Centro de Saúde de Beiramar, o Centro de Saúde de Beiramar non se está a pechar. Estamos a falar dun troco de emprazamento, dun edificio que non

é propio do SERGAS, que é do ISM, para un edificio propio do SERGAS, máis moderno, no centro da cidade e ben comunicado.

O traslado non leva consigo ningún cambio nin das prestacións, nin da asistencia, nin na oferta de servizos, todo o contrario, xa se fixo o traslado de pediatría, e estase a facer unha enquisa de satisfacción que traerei aquí e os resultados son moi satisfactorios.

Fala o Alcalde de que isto é unha masificación para este centro de saúde, imposible que haxa unha masificación neste centro de saúde cando se traslada a dúas plantas diferentes, con tódolos profesionais de Beiramar trasladados para Rosalía de Castro. Co cal, auméntase a oferta de servizos, nunca unha masificación.

Pero insisto estamos a falar dun traslado, non dun peche, porque un peche é a finalización dun servizo, un peche é precisamente o que fixo o Partido Socialista nesta cidade cando nun só día pechou trece centros de saúde no servizo de urxencia de mañá, isto lémbrao moi ben o Sr. Rodríguez Escudero, hai que ir ás hemerotecas porque o Alcalde dicía naquel momento, “Caballero asegura que ningún centro de saúde pechará e que o novo hospital abrirá no 2011”, o novo hospital abriu no 2011 e ao día seguinte destas declaracións o Sr. Rodríguez Escudero pechou trece centros de saúde en asistencia matutino, isto é un peche e non un traslado como se está facendo con Beiramar.

Primeiro dixeron que o inconveniente era para o Casco Vello, cando se trasladou pediatría e viuse que non era ningún inconveniente porque está máis próximo á praza da Constitución Rosalía que Beiramar, cambiouse e o problema agora é Bouzas. Pois mire, poboación de Bouzas asinada a Beiramar unicamente o 13%, a inmensa maioría das tarxetas sanitarias de Bouzas están asinadas a Coia, e un segundo lugar a Navia, que está aumentando progresivamente o número de tarxetas de Bouzas. Quero lembrarlles que nesta comunidade autónoma gracias a Deus os usuarios elixen onde queren ser atendidos, e a inmensa maioría dos veciños de Bouzas elixen Coia, pero por que elixen Coia e por que agora elixen masivamente Navia? Precisamente pola proximidade, porque estamos a falar de que Beiramar, eu fíxeno a través de Google Maps, invítoos a que o fagan, póño a disposición de quen o queira utilizar, e Bouzas ten tres centros de saúde máis próximos que Beiramar e son López Mora, Coia e Navia por esta orde, e concretamente Navia, pódese ir camiñando 900 metros polo camiño da Pardaiña,

porque esta Concelleira fíxoo. Dende logo nós non lle imos a negar a posibilidade dun centro de saúde, que doou este Concello os terreos sendo alcaldesa a Sra. Porro, non lle imos negar esta posibilidade aos veciños de Bouzas. Pero os veciños de Bouzas están moi ben atendidos con tres centros de saúde a catro minutos da alameda de Bouzas, e lembro tres centros de saúde máis próximos que Beiramar. Gustaríame dicir tamén outra cousa ao respecto de Navia que é un centro de saúde de nova construción, Sr. Domínguez Olveira, parece que non sabe que se abriu ese centro de saúde na cidade, invítooo a coñecelo porque é o máis grande da comunidade autónoma, está ao 40% de actividade e ten capacidade para acoller a tódolos veciños de Bouzas que non son nin 10.000 nin 15.000 as tarxetas de Bouzas, son 8.000, baixaron.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Hai cousas que realmente a min dóenme profundamente porque vai contra cousas que son valores, principios que aínda que algunha xente non os teña, eu presumo de telos a así sigo un comportamento.

Digo que me doe porque teño dicirlle simplemente, non como unha descualificación senón como un adxectivo, que vostede mente porque debe ser unha cultura delegada do Presidente da Xunta de Galicia, que se comporta como un mentireiro compulsivo a parte doutras actitudes pouco éticas, como unhas compañías asombrosamente inapropiadas que o perseguirán toda a vida. Pero vostede mente porque non se pecharon trece centros de saúde, no seu momento, ordenouse garantir a asistencia das gardas os sábados e centráronse en dous sitios. Polo tanto, non é certo e mente cando di que se pecharon trece centros de saúde, non é verdade.

Segundo, vostede non ten coñecemento de planificación sanitaria, por que motivo? Di que o servizo é igual en Rosalía de Castro que en Beiramar, perdoe en atención primaria hai unha cousa que se chama accesibilidade, e a relación entre o servizo e a poboación no seu ámbito xeográfico, así como un hospital da igual que este noutro sitio, a atención primaria é accesibilidade e contacto co cidadá que está no entorno máis próximo. Polo tanto, iso non é un tema de trasladar o servizo a Rosalía de Castro, nin moito menos, isto é moito máis grave, isto é privar á poboación de Bouzas e o seu entorno, á poboación de Beiramar de recibir a asistencia onde teñen que recibila, que é na súa zona, que é a atención primaria,

vostede non o entende, a pesares de que levamos xa tempo e vostede debería coñecer.

Polo tanto, o tema de Bouzas é realmente o último elemento dunha cadea de sen propósitos e dun ataque á Sanidade Pública de Vigo, iso o digo e o manteño, que empezou coa paralización e cambio de modelo de financiamento do hospital, que rompeu as posibilidades que ten Vigo como área de maior poboación e crecemento, continuou cunhas listas de espera brutais e bestiais que non soportan nin sequera os seus propios xestores, continuou cun peche de camas desproporcionado que non ten sentido e agora continua eliminando a posibilidade de que Bouzas e o seu entorno dispoñan dun centro de saúde que é onde teñen que recibir a asistencia.

PRESIDENCIA: Da súa intervención deduzo que non acepta a votación por puntos da proposta.

PRESIDENCIA: Sra. Cendón, vostede xa tivo o seu tempo.

SRA. CENDÓN ALONSO: Nós apoiamos Bouzas e rexeitamos o traslado a Beiramar, iso é o que quería dicir.

PRESIDENCIA: Aquí hai un regulamento, vostede tivo a súa intervención de 5 minutos, polo tanto non cabe explicación de voto que é cando algún grupo decide non intervir e polo tanto intervén despois para explicar a posición do seu grupo, a súa explicación estivo incluída na súa propia intervención. De todos modos, rompendo o regulamento, fixo esa intervención, pechado o tema.

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo

Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 28.08.2014 (Rex. Nº 961/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5.4(147).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG ESIXINDO Á XUNTA DE GALICIA QUE AVANCE NA GRATUIDADE TOTAL DE TODOS OS MEDIOS QUE SE UTILICEN NO ENSINO PÚBLICO E DEMAIS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 881/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de abril de 2014, número 881/1101, a voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte,

MOCIÓN:

"O vindeiro curso 2014/2015, a LOMCE entrará en vigor en 1º, 3º e 5º de Primaria e 1º de Formación Profesional Básica, o que obrigará o estudantado destes niveis a adquirir manuais adaptados aos novos decretos de ensinanzas mínimas. Isto, unido ao recorte do 40% do programa de financiamento de libros de texto e material escolar no ensino obrigatorio respecto ao ano anterior, pode provocar que unha parte do alumnado non poida acceder aos manuais necesarios para seguir as clases con normalidade.

A CONFEDERACION ANPAS GALEGAS defende que non é un problema de prioridades das familias, como afirma o ministro de Educación cando se cuestionan os recortes nas axudas sociais á educación. É un problema de dereitos e, por tanto, é o titular de Educación quen debe ter como prioridade garantir ese dereito.

Como denuncia un recente informe do *defensor del Pueblo*,("o Defensor del Pueblo entende que o carácter gratuíto do ensino nos niveis educativos obrigatorios constitúe un instrumento dirixido a garantir o acceso de todos e todas a estes estudos, e considera por iso que dito carácter gratuíto debería facerse extensivo

aos libros de texto ou material didáctico utilizados para cursar os referidos niveis, o que exige medidas que fagan posíbel o acceso do alumnado aos mesmos sen ningún custo”) o curso pasado xa se produciu unha diminución moi significativa de receptores das axudas para a compra de libros de texto, que pasaron de tres a dous millóns de alumnos e alumnas. Así mesmo, houbo unha redución das contías, tanto das achegas do Estado español como na Galiza, cuxa suma pasou de 250 millóns a 166, un 35% menos que o ano anterior. Precisamente iso acontece cando máis urxente era que esas cantidades se incrementasen, dadas as necesidades das familias pola crise económica.

O dereito fundamental á educación exige que se dean conxuntamente determinadas condicións -boa parte das cales están implícita ou explicitamente fixadas polo texto constitucional-, cuxa garantía de cumprimento corresponde aos poderes públicos. Ademais, para que todo isto sirva á súa finalidade, hai que situar o alumnado nunha posición real de igualdade no acceso e mantemento do seu dereito á educación.

Entendemos que o carácter gratuíto do ensino nos niveis educativos obrigatorios constitúe un instrumento dirixido a garantir o acceso de todos a tales estudos, e considera por iso que o devandito carácter gratuíto debería facerse extensivo aos libros de texto ou material didáctico utilizados para cursar os referidos niveis, o que exige medidas que fagan posíbel o acceso de alumnos e alumnas a estes sen ningún custo.

Esta opinión foi avalada e compartida polo Consello Escolar do Estado, que no seu informe do curso 1998-1999 di: «A Constitución española é taxativa. A Educación básica é obrigatoria e gratuíta. Os libros de texto ou material didáctico que for preciso para impartir a educación básica e, por tanto, para garantir o dereito fundamental á Educación, terá que ser gratuíto”.

Por todo o exposto, propoñemos ao pleno municipal o seguinte

ACORDO:

Esixir á Xunta de Galiza:

1. A volta ao sistema de préstamo universal.
2. Que se avance na gratuidade total de todos os medios que se utilicen no ensino público.
3. Que se doten os centros de persoal abondo para xestionar axeitadamente o sistema de préstamo.
4. Que non se cambien os libros de texto para o vindeiro curso escolar naqueles cursos en que se vai implantar a LOMCE.”

Con data 1 de setembro de 2014, a Comisión Informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SRA. VELOSO RÍOS: Iníciase o curso escolar, xa faltan poucos días, e atopámonos outra vez co problema dos libros de texto, o que se lle engade ademais que este ano entra en vigor a LOMCE, en primeiro, terceiro, e quinto de primaria, e en primeiro de Formación Profesional Básica e isto vai obrigar ao estudiantado destes niveis, a adquirir manuais adaptados aos novos decretos de ensinanzas mínimas. A isto hai que sumarlle un recorte do 40% do programa de financiamento de libros de texto e material escolar no ensino obrigatorio con respecto a ano anterior, e polo tanto imos atoparnos, seguro, con moitas familias cunha parte do alumnado que vai chegar ás clases os primeiros días sen o material e que non van ter recursos para adquirir os seus libros de texto.

Esta é unha liña continuada por parte do Partido Popular, tanto no Goberno do Estado como no Goberno da Xunta de Galicia, de recorte dos recursos, houbo unha redución da contías, tanto das achegas do Estado español como en Galicia, que pasou de 250.000 millóns a 166 millóns, un 35% menos que o ano anterior, xusto cando era máis urxente que se aumentasen estas cantidades. Ademais eliminouse un sistema que ademais de supor unha igualdade de dereitos dos nenos/as, como era o préstamo universal, ten tamén unha función educativa que o Partido Popular non valora, valora moito máis a propiedade individual daqueles que teñen recursos para seren propietarios tamén dos libros.

Pero ademais é unha cuestión de que o ensino ten que ter un carácter gratuíto en tódolos niveis educativos obrigatorios, e é necesario que tódolos instrumentos que se utilicen nun ensino gratuíto sexan gratuítos para garantir a igualdade de acceso a un ensino gratuíto, público e de calidade.

Obrigar a comprar material e libros novos cada ano, recortar ás axudas cada ano, dende logo está moi lonxe de garantir a igualdade no ensino, e o máis alucinante dos argumentos que utiliza o Partido Popular, é que sosteñen que é unha cuestión de xustiza social, que paguen máis os que máis teñen, miren saben onde hai que pagar máis os que máis teñen? Nos impostos. Señores do Partido Popular e do Partido Socialista, quen ten que pagar máis impostos é quen máis ten, non se trata de que os libros os pague quen ten, e que non os pague quen non ten, trátase de redistribuír a riqueza a través dos mecanismos cos que nos temos dotado neste

estado democrático. Ademais é que se fose certo que hai algún indicio de xustiza social nunha medida como esta, vostedes me explicarán como pode acontecer, como acontece este ano, que decidiron mediante un decreto na Xunta de Galicia, que o cheque para mercar os libros vaia asociado cunha listaxe pechada de libros, o cal exclúe das axudas aos nenos con necesidades educativas especiais, que en moitas ocasións non mercan os mesmos libros que os seus compañeiros, ata o de agora co cheque podían mercar os libros correspondentes co seu nivel, este ano atópanse con que os nenos con necesidades educativas especiais, aos que se lles están recortando os apoios cada vez máis nos centros escolares, tampouco poden mercar o material que lles corresponde polo seu nivel, porque a Xunta de Galicia decidiu que o cheque vai asociado a unha listaxe pechada de libros, e isto está recoñecido polo propio delegado territorial, o Sr. César Ares recoñeceu que existía un baleiro que excluía aos nenos con necesidades educativas especiais, das axudas para mercar os libros e que ía trasladalo a ver si o solucionaba. Se isto é xustiza social, se isto é garantir o acceso ao ensino gratuíto de calidade a tódolos nenos/as, dende logo a min alguén vai ter que explicarmo, porque eu non vexo por ningún lado xustiza social.

Igual que na Sanidade, o acceso á sanidade, á atención sanitaria e aos medicamentos, ten que ser igual para todo o mundo, universal, na Educación ten que ser universal, igual para todo o mundo e gratuíta, porque senón non estamos garantindo un dereito constitucional, vostedes que tanto apelan á Constitución Española é taxativa, e é unha cuestión de dereitos.

SRA. ALONSO SUÁREZ: Nun informe publicado por UNICEF de España en maio do 2012, onde se analizaba o impacto da crise nos nenos xa se falaba do incremento da pobreza infantil e da redución dos recursos destinados a servizos básicos para eles, dende entón as políticas estatais e galegas do Partido Popular, de austeridade e recortes continuaron reducindo recursos tanto administrativos como económicos nos ámbitos das políticas educativas e sociais que afectan especialmente á infancia. A Educación é un dos dereitos dos nenos/as que máis capacidade ten para romper o círculo da pobreza e da exclusión social. O acceso en condicións de igualdade a unha educación de calidade é un elemento clave no desenvolvemento e a inclusión da infancia, condicións de igualdade e de oportunidades que non só

teñen que ver co requisito legal de non discriminación, senón cunha labor activa de eliminar obstáculos e apoiar a aqueles nenos/as que pola súa condición económica, social, familiar ou persoal teñen máis problemas para acceder, manterse e ter éxito no sistema educativo.

Cando esa igualdade de oportunidades se ve en perigo polas grandes dificultades pola que pasan moitas familias para asumir os custes derivados da adquisición de libros de texto e material escolar, un goberno ten o deber de solucionalo, pero a Consellería de Educación, encabezada polo Sr. Feijóo solucionouno suprimindo o sistema de préstamo no curso escolar 2009-2010, á vista da conxuntura económica dicían, e precisou entón que implantaba as axudas para as rendas máis baixas en consonancia coa política de austeridade da Xunta de Galicia, e implantou un sistema de axudas que non da cobertura máis que a unha porcentaxe das familias, polo que non é universal como a Constitución ordena e desoíndo as recomendacións da defensora do pobo que aposta firmemente polo sistema de préstamo universal. Un sistema de axudas que sobrecarga de labores administrativas a libeiros e docentes, mesmo os responsabiliza do correcto funcionamento do sistema, estamos así utilizando as horas do persoal docente para facer traballos que non lle corresponde no canto de se adicar ao ensino, como é a súa función, a súa preparación e o seu interese.

Agora este ano esas axudas deixan totalmente fora da cobertura pública á adquisición de calquera material escolar diferente dos libros de texto, soamente serven para mercar libros de texto, nin cuadernillos, nin libros de lectura obrigatoria, nin material escolar, pero de acordo cos datos extraídos das estadísticas sobre gastos educativos das familias, os libros de texto representan tan só unha terceira parte do total do desembolso que as familias teñen que realizar ao comezo de curso. Nun medio de comunicación escrito recollíase antonte que o custe da volta ao cole en Galicia ascenderá a 723.000 euros de media, e este ano como novidade fálase de que os libros mercados coas axudas terán que ser devoltos ao cole para formar un banco de libros, xusto este ano, este ano no que remata o período de vixencia dos libros actuais, e no que case a totalidade dos colexios galegos adoptou a medida de non cambiar os libros de texto ante a falla de directrices e de improvisación na aplicación da LOMCE, polo que podería darse o caso, e vaise dar, de que tódolos libros recuperados en xuño de 2015 fosen

inutilizables para o curso seguinte. Pero ademais, este sistema introduce desigualdades entre o alumnado, haberá nenos con libros mercados pola súa familia e nenos con libros que terán devolver, polo que o cole terá que marcalos dalgún xeito, o que fai visible a necesidade social estigmatiza aos nenos/as implicados, e ademais confuso para ás familias xa que terán libros para devolver xunto con outros da súa exclusiva propiedade.

En maio de 2002, nunha sesión especial da ONU en favor da infancia, un neno de 16 anos nacido en Bangladesh, Tuquir Amer dixo, “dádenos a nós os vosos nenos un bo presente, nós pola nosa banda darémosvos un bo futuro”.

O investimento nas persoas e especialmente na infancia e na educación terá, para ben ou mal, dependendo das eleccións realizadas, un papel crítico na xeración dun novo modelo socio-económico e condicionará o noso futuro como país a medio e longo prazo.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Sr. Alcalde e se me permite cun atraso de 48 horas, eu desexaría felicitalo polo seu aniversario desexándolle moitas felicidades e moita saúde.

Dito isto, eu quería comentar que a palabra “parva” que di a Sra. Veloso, en galego puro e duro ten que ver cunha tradición da xente campesiña no interior que polas mañás e en xaxúas tomábase unha copa de augardente, esa era a parva, a que tomaban, e logo pasouse as noite ós chopos. Eu de latín pouco, só lembro o rosa, rosarum, rosa, rosae, o “quo vadis” e “invictus”, que é unha colonia.

Dito isto, a min desbaratouseme todo escoitando todo isto, e empecei a tomar apuntes, anotacións, porque eu só quero lembrar que cando o Sr. Feijóo chegou, Sra. Alonso e vostede sábeo porque estamos no mundo da docencia, houbo un problema tan grave que estabamos ao borde do colapso, había un perigo tremendo, non imos mirar a un lado e a outro e a culpar a ninguén, pero había un colapso que podíamos perder os postos de traballo da xente da función pública, dos interinos, profesores e voulle dar un dato que creo que é impresionante porque superamos a 12 comunidades autónomas, Galicia é a primeira en moitas cousas, e entre elas, porque o 72% do alumnado que vai a ensinanza é pública, non me gustan os xestos nin a palabrería, nin o gratuító, hai que falar con concisión e temos que remontar e de feito, eu creo que hai unha palabra grega, non sei falar

grego, nin declinar grego, que me encanta, que me gusta que é equidade, xustiza si pero equidade tamén. Ao principio, ao Sr. Fidalgo o lembraba, para uns interesa as rendas das persoas, pero para outros casos non nos interesa, e falando de educación hai que ter moito coidado porque xogamos co futuro, coa formación, coas persoas e sobre todo porque creamos seres humanos que o Sr. Rodríguez Escudero dicía, con valores e principios, pois hoxe decepcionoume, hoxe perdeu valores e principios, comentando o que dixo do noso presidente da Xunta de Galicia, síntoo moito.

E paso dicindo que neste últimos anos a coherencia coa política do Partido Popular de Galicia foi salvar a ensinanza pública, implantouse un programa de gratuidade solidaria dos libros, as verdades vinculados á renda percápita familiar en efecto, de forma que as familias con maior problema víronse favorecidas con estas medidas que a Xunta de Galicia tomou. Co obxectivo de conseguir un modelo solidario, xusto pois o feito de vincularse ás rendas das familias permiten concentrar o esforzo económico nas persoas que máis o necesitan, garantindo desta forma ao alumnado a igualdade de oportunidades no acceso á educación obrigatoria.

O Goberno Galego, o Partido Popular do Sr. Feijóo, traballa para que Galicia conte cun sistema educativo que se caracterice por ser equitativo, de calidade, sostible e útil para a formación permanentemente ao largo da vida das persoas, é dicir, que de resposta á cidadanía e as súas demandas, fronte á oposición que propón o Bloque Nacionalista Galego que reivindica dende un punto de vista unha igualdade entendida como un trato idéntico á actual Xunta de Galicia prefire ao concepto de equidade.

Hai que lembrar tamén que os últimos datos do informe PISA, Sra. Alonso, por máis que lles pese, queda confirmado que Galicia sitúase como a Comunidade Autónoma cun sistema educativo máis equitativo de España e un dos máis equitativos e igualitarios de Europa e dos países do OCDE. Fíxose unha proposta ademais no Partido Popular a través do que todos coñecen e aplauden que é o proxecto “Avalar” e fíxoo alguén do Partido Popular que conseguiu por certo a unanimidade de tódolos partido políticos, e foi feita polo Partido Popular a evolución lóxica do sistema actual de gratuidade solidaria de libros de texto e aparte do tema da implantación do libro dixital, porque despois de moitos anos aplicando cuestións que vivimos nas nosas casas, na rúa e normal que o levemos aos centros de

educación.

SRA. VELOSO RÍOS: A verdade é que me deixa bastante sen palabras a intervención do Sr. Relova e vai ser certo que non me decato de nada, porque eu teño un fillo e unha filla escolarizados no ensino público e sinceramente está vostede falando dunha situación que non se corresponde en absoluto coa situación que vivimos os pais e as nais de nenos/as no ensino público cada día, non se corresponde en absoluto coa situación que viven cada día nos centros escolares, os/as profesionais que co seu esforzo cada día, co seu amor pola súa profesión e co seu amor polo nenos/as que acoden aos centros escolares públicos deste país, están sostendo un sistema educativo público de calidade. Igual que está pasando no sistema sanitario, que se está sostendo gracias ao esforzo de profesionais comprometidos coa asistencia sanitaria ás persoas, con persoas que traballan para persoas, non como o Partido Popular que dende logo en todo este tempo do que si estivo moi preocupado, foi de salvar dun colapso inexistente o ensino privado deste país, cando desviou os recursos públicos para atender ás necesidades dos centros privados e aumentar as súas cifras de negocios, cando o Partido Popular decide financiar centros privados segregadores, cando a política educativa do Partido Popular consiste en expulsar do sistema educativo en non garantir os seus dereitos a aqueles que teñen máis dificultades e favorecer a aqueles que teñen máis recursos. Cando sosteñen que a política educativa dun país como o noso ten que basearse na discriminación, na desigualdade, por ser galego falantes ou castelán falantes, imos lembrar a cantidade de millóns de euros que este goberno queimou destruindo libros de texto en galego. Cando discriminan por ser nenos/as, por relixións, por capacidades, deixando vostedes no camiño a moitos nenos/as con discapacidades neste país. Son vostedes os que din que salvaron dun colapso o sistema público educativo galego, pois sinceramente hoxe en día os nenos/as deste país están sufrindo un colapso na súa educación, están sufrindo un colapso na súa vida, tendo cada vez menos recursos para poder chegar a un sistema educativo en igualdade de dereitos, porque estamos falando de dereitos e non se están respectando os dereitos dos nenos/nenas neste país por parte do Goberno do Partido Popular, e iso é realmente grave, pero teñen vostedes unha descaró infinito.

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 15.04.2014 (Rex. Nº 881/1101), pola voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.

6.1(148).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO AO GOBERNO GALEGO A QUE SE CUBRA A PRAZA DE REUMATOLOXÍA PEDIÁTRICA QUE DEIXOU DE FUNCIONAR NO MES DE MAIO NA ÁREA DE VIGO. EXPTE. 970/1101,

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 3 de setembro de 2014, número 970/1101, a voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte,

MOCIÓN:

"A Área Sanitaria de Vigo, contaba dentro do Servizo de Pediatría con dous

profesionais que pasaban consulta de Reumatoloxía Pediátrica.

Estes dous profesionais atendían á poboación infantil con doenzas reumatolóxicas da área de Vigo. Dous profesionais con formación, con coñecementos, e a súa labor contaba con unha moi boa aceptación e nivel de valoración por parte das persoas as que atendían e dos seus familiares, xa que estamos a falar de poboación infantil.

No mes de maio procedeuse a pechar a axenda dunha das profesionais, que levaba varios anos prestando a atención de Reumatoloxís Pediatrica un día á semana no Hospital Cies, a unha media de sesenta doentes. Despois de tempo sin dar citas, derivaron os nenos e nenas que eran atendidos pola mesma ao outro profesional.

Como consecuencia desta decisión os familiares están a denunciar que se están a producir demoras nas citas, con retrasos constatados de dous, tres, catro meses e incluso máis, segundo o calendario de consultas que viña sendo habitual e que ademais parte das consultas están sendo realizadas por profesionais que non teñen a cualificación nin a formación nesta especialidade, todo o cal vai en prexuízo da saúde e da atención recibida.

A estas denuncias dos pais e nais sumáronse a Liga Reumatolóxica Galega e a Xunta da Sociedade de Reumatoloxía Pediátrica que nunha comunicación di textualmente que *“desaproba a decisión tomada pola dirección do Hospital Xeral de Vigo e ve con preocupación a falta de reumatólogos pediátricos en Galiza que deixará a esta comunidade como unha das que teñen peor asistencia pediátrica especializada do Estado”*

A decisión de deixar á Área de Vigo con un só profesional con experiencia para atender á poboación infantil con enfermidades reumatolóxicas é un paso atrás clarísimo na atención a esta doenza crónica, na cal unha diagnose precoz, por equipos de profesionais expertos e por equipas multidisciplinares permite mellorar a calidade de vida e facilitar a súa integración, ademais de estar demostrado que esa atención temperá mellora claramente o custo-eficacia.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar ao Goberno galego a que se cubra a praza de reumatoloxía pediátrica que deixou de funcionar no mes de maio na Área de Vigo, cun/unha profesional con formación e experiencia avalada pola SERPE, para que se garanta a calidade asistencial aos nenos e nenas con doenzas reumatolóxicas e acometer todas as accións precisas para garantir a atención de reumatoloxía pediátrica a toda a poboación infantil da Área de Vigo."

DEBATE.-

PRESIDENCIA: Sometemos a debate a moción e votamos a urxencia despois de forma conxunta, se lle parece ao Grupo Popular.

SRA. VELOSO RÍOS: Neste últimos meses fundamentalmente no mes de agosto puidemos ver nas rúas e nos medios de comunicación da nosa cidade a demanda duns pais e nais da área sanitaria de Vigo, que estaban denunciando a falla de atención dos seus fillos/as polo peche de axenda dunha reumatóloga pediátrica que estaba atendéndoos no Hospital Xeral de Vigo e que se atoparon que no momento de ir pedir as citas para seus fillos/as, para as revisións que teñen que pasar cada certo tempo, se lles comunicaba que a axenda estaba pechada e que volveran máis tarde. Isto acontece dende maio, e pasados os meses viron como se pasaba o prazo de tempo no que seus fillos/as tiñan que ser atendidos e ninguén lles daba unha resposta.

Despois de distintas xestións por parte dos pais e das nais, de conversar co xerente do Hospital Xeral, de conversar co xefe de Pediatría do Hospital Xeral, finalmente a solución que se lles deu e que fosen atendidos polo outro reumatólogo pediátrico do Hospital Xeral, que así atopouse atendendo a tódolos nenos/as que se atopaban nesa situación. Estamos falando duns sesenta nenos/as que se quedaron sen atención da súa pediatra ata ese momento, e que tiveron que incluírse na axenda doutro reumatólogo pediátrico que está no Hospital Cíes traballando.

A situación é urxente e é grave e por iso traemos esta moción como moción urxente porque estamos falando de nenos/as que teñen en ocasións enfermidades raras, incapacitantes, que estaban recibindo atención da súa doutora cada dous meses e que se atopan agora con que pasan tres, catro, cinco, seis meses ata que

teñen a revisión. Está tendo consecuencias moi graves para a saúde deste nenos/as que vai ter consecuencias no desenvolvemento do curso académico agora que comeza, que está tendo consecuencia tamén importante para as súas familias.

Deixouse por tanto a área de Vigo un só profesional con experiencia para atender á poboación infantil con enfermidades reumatolóxicas e isto supón un claro paso atrás na atención desta doenza crónica. Estamos falando dunha doenza crónica que precisa unha diagnose precoz que sexan nenos/as atendidos por profesionais expertos, mesmo os pais e as nais din que xa saben que é ciencia ficción pedir equipos multidisciplinares que os atendan, que tería que ser o que se necesita, pero do pouco que había ademais agora perdeuse. É unha situación realmente grave, que unha vez máis afecta a nenos/as, que afecta aos dereitos básicos de nenos/as na nosa cidade.

Nós o que queremos con esta moción é que dende o Pleno do Concello de Vigo instemos ao Goberno galego a que se cubra a praza de reumatoloxía pediátrica que deixou de funcionar no mes de maio na área de Vigo, e que se cubra ademais cun ou cunha profesional con formación e experiencia abalada pola SERPE para que se garanta a calidade asistencial dos nenos/as con doenzas reumatolóxicas e que se acometan tódalas accións precisas para garantir a atención de reumatoloxía pediátrica a toda a poboación infantil da área de Vigo. Non pode ser que excluamos a nenos/as cunha doenza crónica do sistema sanitario na nosa cidade, non podemos permitirmos unha decisión semellante, estamos falando ademais da saúde e da vida de nenos/as da nosa área sanitaria, da nosa cidade que teñen un dereito básico, que é o dereito á asistencia sanitaria, e neste caso entendemos que é urxente ademais que se tome esta decisión por parte do Goberno galego para garantir os dereitos básicos destas familias.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Non podo, por máis, no nome do Grupo Socialista que represento na defensa desta moción, que estar de acordo e apoiar a proposta do Bloque Nacionalista Galego.

Para iso quería resaltar tres puntos fundamentalmente, porque se dixeron moi poucas cousas sensatas por parte do responsable do Servizo Galego de Saúde respecto a este tema, e quería, se mo permite, dicir tres cousas que non forman

parte do meu pensamento só, senón de xente e de sociedades que saben moito máis que eu.

En primeiro lugar, se existe a reumatolóxica pediátrica, algo que se dixo por parte de algúns responsables do SERGAS que non existe. É unha das especialidades pediátricas máis recentes, recoñecidas en Estados Unidos, Francia, Reino Unido, Italia, Alemaña, Xapón e a Unión Europea e en España está recoñecida de forma fáctica porque existe a sociedade. A Sociedade Española de Reumatolóxica Pediátrica, a parte de criticar a medida imposta pola Xerencia do CHUVI, fundamentalmente recoñece segundo a Sociedade Europea de Pediatría Reumatolóxica, é dicir, a Sociedade Española de Pediatría Reumatolóxica, non estou falando dunha xente, de persoas que non teñen coñecemento, insisto, a Sociedade Europea de Pediatría Reumatolóxica di que nun hospital terciario, como é o de Vigo, ten que haber dous pediatras reumatolóxicos para atender a unha poboación das características que teñe o CHUVI, é dicir, dous pediatras reumatolóxicos, e a Sociedade de Pediatría Reumatolóxica criticou como unha decisión política o que se haxa prescindido desta segunda persoa.

Este grupo que represento non entra a valorar se é legal ou non a decisión de prescindir desta persoa, o que pedimos e esiximos é que esta praza que sería a segunda, se substituíra non por un criterio de compracencia, senón como un criterio de dereito e planificación sanitaria porque insisto, requírese segundo a Sociedade Europea de Pediatría Reumatolóxica dous pediatras para unha poboación terciaria. Sen poñer en dúbida as cualidades do profesional prescindido dela, nin o que actualmente existe. Polo tanto, é de xustiza, é fundamental e é unha esixencia que creo que este Pleno debe apoiar a proposta do Bloque Nacionalista Galego, o que se restituía a posibilidade dunha praza, a segunda praza de pediatría reumatolóxica.

Non quero rematar esta intervención sen facerme eco das palabras que a Sociedade Europea de Pediatría Reumatolóxica e a Sociedade Española di, a pesar de que son moi conscientes da situación económica de España, a saúde e en especial dos máis pequenos non debe quedar en risco e en especial en enfermidades crónicas, como as enfermidades reumáticas na infancia.

A atención precoz e por equipos de expertos permite mellorar a calidade destes nenos e facilita a súa incorporación a idade adulta como suxeitos sans e produtivos

para a sociedade, é polo tanto unha atención precoz e por expertos recoñecen que é claramente custe efectivo a longo prazo. Polo tanto, dende este grupo socialista estamos de acordo na proposta que fai o Bloque Nacionalista Galego de esixir a restauración da segunda praza de pediatria reumatolóxica no CHUVI.

SR. CENDÓN ALONSO: Sr. Rodríguez Escudero, non estou de acordo con vostede, foi o suficientemente "torticero" para dicir que existe a especialidade de pediatria reumática enumerando países e non enumerando España, por que non enumerou España? Porque en España efectivamente non existe a especialidade de reumatoloxía pediátrica. Recentemente aprobouse o Decreto de troncalidade e este determina exactamente que é o que avala o Ministerio, a pediatria é unha especialidade médica cunha formación de catro anos no que os médicos rotan por tódalas áreas na que son formados, e ao acabar esta rotación por tódalas áreas son pediatras especialistas.

Este Decreto de troncalidade establece unhas capacitacións especiais, o que poderíamos chamar unhas subespecialidades e só recoñece dúas a neonatoloxía e as infecciosas e a hepatoloxía avanzada, para nada recoñece a reumatoloxía pediátrica.

Non estamos falando nin de unha especialidade nin de unha subespecialidade, cando estamos falando de acreditación da sociedade reumatolóxica, ou sexa da SEPAR, o que estamos falando é dunha sociedade formada por pediatras que se inclúen nesta sociedade e que solicitan a esa sociedade que os acredite, e esta sociedade os acredita, pero o Ministerio non avala esta acreditación, en ningún momento o avala, nin o pode avalar. Como se fai noutros sitios de Galicia? Esta atención fana os reumatólogos que son médicos especialista en enfermidades reumatolóxicas, isto a diferenza dos pediatras o que fan é formarse catro anos en reumatoloxía, tanto infantil como a de adultos, e así é como se fai o servizo noutros sitios de Galicia.

Polo tanto, cando vostede me fala de multidisciplinaria Sra. Veloso, no que estou de acordo, se realmente o que queremos é mellorar a asistencia dos nosos nenos o que temos que facer é equipos multidisciplinares non onde estean dous pediatras, ao mellor o que ten é que estar un pediatra e un reumatólogo, e utilizar os mesmos protocolos e consensualo todo, porque neste momento tiñamos a dous

pediatras que utilizaba protocolos diferentes. Eu non vou cuestionar a profesionalidade desta pediatra, ninguén a cuestiona, é unha gran pediatra pero o problema é que esta pediatra ten a súa praza en atención primaria, a que se lle consentiu que fixera esta consulta un día a semana, pero non é especializada, e que pasa a non ser especializada? Que a esta pediatra se lle estaban negando probas no hospital porque non pode pedilas ao seren de primaria, a esta especialista se lle estaba negando dende a farmacia hospitalaria prescricións de especializada porque non pode facelas, só pode facer prescricións de atención primaria. O único que completaba a asistencia integral destes nenos é o outro pediatra co que ela formouse.

Agora pedimos a contratación dun segundo, xa está contratado, non hai problemas asistencial, de axenda, hai sete peticións de consulta para o mes de setembro, non hai ningún problema asistencial, estas familias esperaron a cita porque querían con esa pediatra en concreto.

Na administración pública e no SERGAS as contratacións fanse con publicidade, por mérito e capacidade e non se pode contratar a dedo a unha persoa "ad hoc", esta políticas de persoal son as que vostedes practican e están tan acostumados a elas, que pretenden que a utilicen tódalas administracións públicas, e non pode ser así. A contratación dun profesional no SERGAS, ten que ser a través da oposición ou do concurso.

Teño que dicirlles que a sociedade que mandou o escrito do que falan, acaba de mandar outro escrito e dixo que recoñece o seu erro, que o que pensaba era que se estaba falando dunha comisión de servizos e por iso entrou en defensa, que nesta situación se desmarcan totalmente do tema.

SRA. VELOSO RÍOS: Oímos os argumentos habituais no Partido Popular como dicía antes o Sr. Domínguez, é que non teñen cita antes é porque non queren, porque os pais non querían cita, non pedían cita primeiro porque non se lles explicaba por que estaba pechada a axenda desta pediatra. Empezando porque a pediatra que está atendendo aos seus fillos que teñen unha doenza crónica, grave e que por suposto teñen dereito a querer que sega sendo a súa pediatra coa que por certo estaban moi satisfeitos, e que está utilizando unha serie de tratamentos que están tendo moi bo resultados, que non se están utilizando de maneira xeralizada e que quizás

son demasiados caros ao entender do Partido Popular que ten ese criterio como fundamental neste tipo de decisións, o que se gasta en tratar ás persoas e así deciden se administrar ou non determinados fármacos, en función dos cartos que custan.

Ademais temos que escoitar tamén tódalas cuestión legais relacionadas coa situación desta pediatra en concreto, miren do que estamos a falar aquí hoxe, é de que antes había dous pediatras para atender a estes 100 nenos/as, e agora hai un. Se o Partido Popular nos pretende dicir que iso é manter a calidade da asistencia sanitaria isto xa é o colmo. Había dous e hai un, dous pediatras especialistas que non haxa un recoñecemento desta especialidade quere dicir que esta especialidade se pode xuntar con outras especialidades que non teñen o recoñecemento oficial, non que non sexa necesaria e existente.

Cando falamos de equipos multidisciplinares xa non dicimos que dividamos reumatoloxía pediátrica en reumatoloxía e pediatría, estamos falando das necesidades que teñen de oftalmólogos, de psicólogos, doutros profesionais que noutras comunidades e iso vostede non o dixo, si traballan conxuntamente para atender a estes nenos/as e aquí dende logo non, porque non se aplican ese tipo de medidas. Estamos falando de nenos/as da nosa cidade, que non teñen a asistencia sanitaria que tiñan e que necesitan e que merecen. O Partido Popular ten que solucionar esta situación, e non nos valen escusas, e estase pedindo por parte dos pais e das nais a incorporación dunha persoa especialista en reumatoloxía pediátrica recoñecida pola Sociedade Española de Reumatoloxía Pediátrica para atender aos seus fillos/os, o resto é escusas.

VOTACIÓN DA URXENCIA: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias

Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, acordase incorporar a moción á orde do día.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 3.09.2014 (Rex. Nº 970/1101), pola voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1(149).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 24 de xullo e 29 de agosto de 2014.

1.2(150).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 24 de xullo e 29 de agosto de 2014.

1.3(151).- DAR CONTA DO ESCRITO DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, DE DATA 26.08.14, NOMEANDO A D^a OLGA ALONSO SUÁREZ COMO REPRESENTANTE NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS EN SUBSTITUCIÓN DE D^a RAQUEL DÍAZ VÁZQUEZ. EXPTE. 959/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 26 de agosto de 2014, o voceiro do grupo municipal Socialista remite o seguinte escrito:

“Pola presente participolle que como consecuencia da renuncia da concelleira D^a Raquel Díaz Vázquez, a representante do grupo político municipal Socialista nas Comisións Informativas das que era membro a referida concelleira, será D^a Olga Alonso Suárez.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

1.4(152).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELEIRO DE XESTIÓN MUNICIPAL, DE DATA 26.08.14, REFERENTE Á PUBLICACIÓN NO BOP E NA PÁXINA WEB DO CONCELLO DO N^o DE POSTOS DE TRABALLO DO CADRO DE PERSOAL MUNICIPAL RESERVADOS AO PERSOAL EVENTUAL. EXPTE. 962/1101.

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, de data 26 de agosto de 2014, que di o que segue:

"Segundo o último dato publicado polo Instituto Nacional de Estadística a poboación da Cidade de Vigo, a data de 1.01.2013, é de 296.479 habitantes.

De acordo co sinalado no artigo 104 bis. 1. f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), precepto introducido polo número vinteito do artigo primeiro da Lei 27/2013, 27 decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, " Os Concellos de Municipios con poboación superior a 75.000 e non superior a 500.000 habitantes poderán incluír nas seus cadros de persoal postos de traballo de persoal eventual por un número que non poderá exceder do número de concelleiros da Corporación local.

De conformidade co previsto no artigo 179. 1 la Lei Org. 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, o Concello de Vigo, en función da poboación citada, elixe, nas eleccións municipais, un total vinteseite (27) concelleiros, polo que no cadro de persoal o número de postos reservados a persoal eventual non pode exceder ese número.

A Xunta de Goberno Local, en sesións de data 17.06.2011; 8.07.2001 e 22.07.2011, o abeiro da súa atribución sinalada no artigo 127.1.h) da LBRL, acordou fixar en 16 o número de postos reservados no cadro de persoal municipal a persoal eventual sen que a data de hoxe foran modificados tales acordos.

O artigo 104 bis 5. da LBRL, advirte: "(...) As Corporacións locais publicarán semestralmente na súa sede electrónica e no Boletín Oficial da Provincia ... o número dos postos de traballo reservados ao persoal eventual (...)"; pola a súa parte o apartado 6 do precepto sinala: "(...) O Presidente da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo (...)".

De conformidade coa lexislación citada, Resolvo:

PRIMEIRO: Inserir anuncio na sede electrónica do Concello de Vigo <http://hoxe.vigo.org/> e no BOP facendo constar que o número de postos de traballo do cadro de persoal municipal reservados ao persoal eventual é de 16.

SEGUNDO: Informar o Pleno da presente Resolución."

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

1.5(153).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 27.08.14, REFERENTE AO NOMEAMENTO DE D^a OLGA ALONSO SUÁREZ COMO REPRESENTANTE DO CONCELLO NA ASEMBLEA DA MANCOMUNIDADE DE VIGO. EXPTE. 964/1101.

ANTECEDENTES.- Dáse conta da proposta do voceiro do grupo municipal Socialista e da Resolución da Alcaldía, de data 27 de agosto de 2014, que di o que segue:

"O Pleno do Concello de Vigo, na súa sesión de data 8.07.2011, adoptou acordo relativo o nomeamento de representantes da Corporación na Asemblea da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo; dos quince Concelleiros/as que representan ó Concello na Asemblea citada seis vocais corresponden o Grupo Político Municipal Socialista que, segundo o mesmo acordo, son nomeados pola Alcaldía-Presidencia a proposta do Voceiro do Grupo.

Entre os representantes do Grupo Socialista figuraba D. Raquel Díaz Vázquez que cesou no seu cargo de concelleira o pasado 30.06.2014, producida a vacante se propón á Alcaldía o nomeamento da concelleira **D. María Olga Alonso Suárez** como representante do Concello de Vigo na Asemblea da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

O voceiro do Grupo Municipal Socialista

RESOLUCIÓN

Examinada a proposta de formulada no día de hoxe polo voceiro do grupo municipal socialista relativa o nomeamento da concelleira **D. María Olga Alonso Suárez** como representante do Concello de Vigo na Asemblea da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, de conformidade coa mesma resolvo:

PRIMEIRO: Nomear á concelleira **D. María Olga Alonso Suárez** representante do Concello de Vigo na Asemblea da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

SEGUNDO: Notificar a presente Resolución á interesada e a Xerencia da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

TERCEIRO: Dar conta individualizada da presente Resolución o Pleno do Concello."

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

1.6(154).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 29.07.14, REFERENTE AO NOMEAMENTO DE D^a OLGA ALONSO SUÁREZ COMO MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGADA DA ÁREA DE EDUCACIÓN. EXPTE. 965/1101.

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 29 de xullo de 2014, que di o que segue:

"En virtude das facultades conferidas a esta Alcaldía-Presidencia polo artigo 126.2, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e visto que no Pleno do Concello de Vigo, sesión ordinaria do 29 de xullo de 2014, tomou posesión do cargo de concelleira D^a OLGA ALONSO SUÁREZ,

RESOLVO

Primeiro.- Modificar a composición da Xunta de Goberno Local derivada da Resolución do 13 de xuño de 2011.

Segundo.- Nomear, ao abeiro do art. 126.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, membro da Xunta de Goberno Local e con todos os efectos económicos e administrativos á concelleira, D^a OLGA ALONSO SUÁREZ, quen así mesmo exercerá as funcións delegadas na Área de Educación previstas na miña Resolución desta mesma data (29/07/2014).

Terceiro.- Comunicar a presente resolución aos interesados e proceder á súa publicación na web oficial e na intranet do Concello.

Cuarto.- Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincial.

Quinto.- Da presente resolución darase conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se realice."

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

1.7(155).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 29.07.14,

REFERENTE Á DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NOS CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS NAS DIFERENTES ÁREAS. EXPTE. 966/1101.

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 29 de xullo de 2014, que di o que segue:

“DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

No uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía -art. 124.4 Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, RESOLVO:

Primeiro.- Deixar sen efecto a miña Resolución de data 13-02-2013 e as súas sucesivas modificacións.

Segundo.- Sen prexuízo da miña superior dirección política, goberno e coordinación os servizos corporativos do Concello de Vigo estrutúranse nas seguintes áreas executivas e/ou materiais que estarán dirixidas polos membros da Xunta de Goberno Local e demais concelleiros que se indican:

I.- ÁREA DE URBANISMO, CASCOS HISTÓRICOS, GRANDES PROXECTOS, PATRIMONIO E ECONOMÍA E FACENDA, dirixida pola concelleira delegada da Área, membro da Xunta de Goberno Local e 1ª tenente de alcalde, Dª Carmela Silva Rego.

II.- AREA DE SEGURIDADE, MOBILIDADE E XESTIÓN MUNICIPAL, dirixida polo concelleiro delegado da Área, membro da Xunta de Goberno Local e 2º tenente de alcalde, D. Carlos López Font.

III.- ÁREA DE POLITICA DE BENESTAR, IGUALDADE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, dirixida pola concelleira delegada de Área e membro da Xunta de Goberno Local Dª Isaura Abelairas Rodríguez.

IV.- ÁREA DE EMPREGO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ E VOLUNTARIADO, dirixida polo concelleiro delegado da Área e membro da Xunta de Goberno Local, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz.

V.- AREA DE INDUSTRIA, TURISMO, CULTURA E FESTAS, dirixida polo concelleiro delegado da Área, membro da Xunta de Goberno Local, D. Cateyano Rodríguez Escudero.

VI.- AREA DE FOMENTO TRANSPORTES E CONTRATACIÓN, dirixida polo concelleiro delegado da Área, D. David Regades Fernández.

VII.- ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E XUVENTUDE, dirixida pola concelleira delegada da Área e membro da Xunta de Goberno Local, D^a María Jesús Lago Rey.

VIII.- ÁREA DE DEPORTES, dirixida polo concelleiro delegado da Área e membro da Xunta de Goberno Local, D. José Manuel Fernández Pérez.

IX.- ÁREA DE DISTRITOS, PARQUES, XARDÍNS, LIMPEZA E COMERCIO, dirixida polo concelleiro delegado da Área e membro da Xunta de Goberno Local, D. Angel Rivas González.

X.- ÁREA DE EDUCACIÓN, dirixida pola delegada de área e membro da Xunta de Goberno Local, D^a Olga Alonso Suárez.

Terceiro.- Por delegación desta Alcaldía, sen prexuízo das facultades que se puideran avogar en posteriores resolucións, o Tenente de Alcalde e demais Delegados/as de Área citados exercerán as seguintes atribucións:

I.- ÁREA DE URBANISMO, CASCOS HISTÓRICOS, GRANDES PROXECTOS, PATRIMONIO E ECONOMÍA E FACENDA, corresponderanlle as atribucións que, a continuación se citan:

a) En materia de urbanismo:

Dada a xestión descentralizada que desta actividade se realiza a través do Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo corresponderanlle as atribucións que como Vicepresidente da Xerencia se mencionan no artigo 6 dos Estatutos da Xerencia, agás a de substitución do Presidente na súa condición de Presidente do Consello da Xerencia e aquelas outras que expresamente lle delegue a Presidencia da Xerencia das sinaladas no artigo 5 dos Estatutos con excepción das previstas nos apartados b) e c) do apartado 1.

b) En materia de vivenda:

1.- A planificación e a execución da política municipal en materia de vivenda promovendo para elo as relacións con outros órganos estatais ou autonómicos, especialmente co IGVS. Representar ó Concello de Vigo nos órganos de representación, comisións, comités e foros que ostenten a competencia nesta materia.

2.- Elaborar, propoñer para a súa aprobación e executar plans plurianuais municipais de vivenda protexida promovendo, en todo caso, a cualidade das mesmas.

3.- A realización dos estudos necesarios sobre a problemática da vivenda que coadruen o establecemento da política municipal nesta materia.

4.- O impulso das relocalizacións industriais contempladas nos instrumentos de

planeamento que posibiliten dun xeito certo a recuperación das áreas urbanas degradadas.

5.- Implantación de medidas para a recuperación dos núcleos rurais co obxecto de revitalizalos como asentamentos poboacionais.

6.- Implantación de políticas dirixidas á erradicación de infravivendas.

7.- Efectuar, en coordinación coa Xerencia Municipal de Urbanismo, o seguimento e control da normativa municipal referida á Inspección Técnica de Edificacións, elevando cada ano un informe ao Consello da Xerencia de Urbanismo e á Xunta de Goberno Local do grao de cumprimento do previsto na Ordenanza.

8.- Asistir ás reunións da Comisión Provincial de Vivenda e actualizar a xestión da lista de demandantes de Vivendas Sociais.

c) Patrimonio Histórico.

1.- A protección, conservación, adecentamento, difusión e fomento do Patrimonio Cultural de Vigo.

2.- Adoptar, en caso de urxencia, as medidas cautelares necesarias para salvagardar os bens do Patrimonio Cultural que viren o seu interese ameazado.

3.- Fomentar, en coordinación coa Administración Autonómica, a difusión exterior do Patrimonio Cultural impulsando os intercambios culturais que se estimen oportunos e promovendo a realización de convenios ou acordos dirixidos a este fin.

4.- Instar á Administración Autonómica a iniciación de expedientes que teñan por obxecto a declaración dun ben de interese cultural, a súa inclusión no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia ou no Inventario Xeral do devandito Patrimonio.

5.- Velar porque tódolos bens que integran o Patrimonio Cultural de Vigo gocen das medidas de protección e conservación axeitadas.

6.- Instar doutras Administracións Públicas as axudas necesarias para a investigación, documentación, conservación, recuperación, restauración e difusión dos bens integrantes do Patrimonio Cultural de Vigo.

7.- Denunciar ante a Administración Autonómica calquera acción ou omisión que constitúa incumprimento das obrigas establecidas na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia.

8.- Desenvolver en tódolos trámites que sexan necesarios o Convenio coa Universidade de Vigo para a investigación e musealización da vila romana de Toralla, así como tódalas autorizacións, concesións, obras e actuacións relacionadas con ese proxecto.

9.- En virtude da súa riqueza patrimonial xestionar e coordinar os traballos que se realicen no monte de O Castro que teñan relación coa preservación e posta en valor do patrimonio municipal.

d) En materia de Cascos Históricos:

- 1.- Fomentar a rehabilitación dos cascos históricos da cidade contribuíndo á súa conservación e á posta en valor do seu patrimonio e arquitectura ó obxecto de recuperar a convivencia e o dinamismo económico destes lugares.
- 2.- Promover actuacións conxuntas co “Consortio Casco Vello de Vigo” ó obxecto de colaborar na consecución dos fins propios deste ente.
- 3.- Colaborar cos particulares-propietarios de inmobles ubicados no Casco Vello de Vigo e Bouzas ó fin de que obteñan a “Cédula de Rehabilitación de Calidade” e co obxecto de facilitar as subvencións que para a rehabilitación ou renovación poida convocar a Administración Autonómica.
- 4.- Promover unha política de axudas e subvencións municipais ás persoas físicas ou xurídicas que sexan propietarias, usufructuarias ou inquilinos de vivendas localizadas nos Cascos Vellos de Vigo e Bouzas ó obxecto da súa rehabilitación e renovación con criterios medioambientais de substantibilidade, aforro enerxético e de respecto da calidade do patrimonio arquitectónico e cultural, a este efecto a Tenencia da Alcaldía obtentará a dirección da xestión da Oficina de Rehabilitación de Cascos Históricos por delegación da Xunta de Goberno Local.
- 5.- Nos procedementos para o outorgamento de licenzas urbanísticas en Cascos Históricos e naqueles outros procedementos que neses ámbitos se instrúan referentes á intervención no uso de solo e na edificación a Tenencia da Alcaldía participará nos termos que, no seu caso, estableza a Xunta de Goberno Local.

e) En materia de Patrimonio:

- 1.- A asistencia a Comisións, reunións e demais actos que requiran o personamento dun representante municipal en materia da súa competencia, en especial as comisións de seguimento, informativas e reunións de Comunidade de Propietarios nas que o Concello sexa propietario.
- 2.- Dirixir e xestionar o réxime, tráfico xurídico e defensa dos bens patrimoniais e demaniais tramitando calquera operación de alta, baixa ou rectificación no IMBD dos bens integrantes do mesmo, quedando facultado para recabar de calquera servizo municipal os datos necesarios para elo.
- 3.- Tramitar os expedientes relativos á adquisición e alleamento do Patrimonio Municipal promovidos pola súa Área.
- 4.- Tramitar en xeral os expedientes de aproveitamento de calquera natureza dos bens de propiedade municipal, tanto de dominio público como patrimonial, cuia adscrición ou xestión non corresponda a outra Área ou se atopen afectos a un servizo público municipal.
En concreto correspóndelle a tramitación das autorizacións ou concesións demaniais para a instalación de circos ou quioscos na vía pública, sen prexuízo das facultades atribuídas nesta materia a outros órganos municipais.

- 5.- A xestión dos locais municipais de natureza demanial, cedidos en réxime arrendatario ou en concesión de dominio, excepción dos xestionados por outras áreas no exercicio das súas atribucións.
- 6.- Nomear e mesmo presidir, as comisións municipais para a recepción dos locais, obras ou instalacións municipais que revertan ao patrimonio municipal ao remate das autorizacións e concesións demaniais dependentes da súa Área.
- 7.- Tramitar e xestionar as pólizas de seguros tendentes a cubrir a responsabilidade patrimonial municipal derivada do funcionamento dos servizos.
- 8.- Tramitar a ITE dos inmobles municipais, agás aqueles adscritos a outras áreas que dispoñan de técnico municipal competente para súa realización.
- 9.- Tramitar e resolver os expedientes de responsabilidade patrimonial con motivo dos danos e perdas causados polo funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- 10.- Impulsar a confección e actualización permanente do Inventario Municipal de Bens, recabando os datos e información necesaria e ditando as ordes e instrucións que estime conveniente ao efecto ás demais áreas e servizos municipais.
- 11.- En xeral, o control da administración, conservación e xestión do patrimonio municipal, a investigación de cantos bens e dereitos se presuma que forman parte del, o seu deslinde, o seu amolloamento, a súa protección e reivindicación, así como a esixencia de responsabilidades cando proceda.

f) En materia de Economía e Facenda

- 1.- Planificar, sinalar e desenvolver as directrices xerais da Área de Economía e Facenda.
- 2.- Formar o proxecto de Orzamento Xeral Municipal en colaboración co concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal e remitilo á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación, emenda ou devolución.
- 3.- Ordenar a incoación de expedientes de modificación de crédito orzamentarios e elevar a proposta de resolución ao órgano competente.
- 4.- Propoñer a aprobación de operacións de crédito e tesourería, así como a emisión e amortización de empréstitos e demais operacións de xestión do endebedamento municipal, incluíndo as destinadas á cobertura de riscos derivados da evolución dos tipos de interese e tipos de cambio.
- 5.- Formalizar as operacións de crédito, a curto e longo prazo, en calquera das súas modalidades, agás naquelas nas que esta Alcaldía-Presidencia actúe por si.
- 6.- Planificar a execución orzamentaria e a actuación económica e financeira da Corporación, mediante a utilización, entre outros, dos instrumentos contemplados no Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.
- 7.- Proceder ao recoñecemento e liquidación da obriga dos compromisos ou disposicións de gastos legalmente contraídos, sen prexuízo das facultades atribuídas nesta materia aos concelleiros delegados das distintas áreas ou outros órganos municipais, dando

conta á Xunta de Goberno Local cando a contía supere os 60.000 euros.

- 8.- Render a Conta Xeral formada pola Intervención Xeral.
- 9.- Ordenar os pagamentos, indistintamente coa Alcaldía-Presidencia, a través da sinatura dos seguintes documentos:
 - a) Mandamentos de pagamento referidos ao Orzamento Municipal e a operacións non orzamentarias e as relacións correspondentes aos devanditos mandamentos.
 - b) Transferencias, cheques, e demais documentos mediante os que se produzan disposicións dos fondos situados nas contas correntes de titularidade municipal abertas nas entidades financeiras, para a execución material das ordes de pagamento, nos termos previstos na normativa de aplicación.
- 10.- Adoptar as resolucións que se deriven dos documentos e expedientes xustificativos dos pagamentos e expedientes xustificativos dos pagamentos correspondentes a operacións non orzamentarias e autorizar o libramento de fondos "a xustificar" con cargo ao Orzamento Municipal.
- 11.- Propoñer os proxectos relativos á imposición, supresión e ordenación dos tributos municipais e dos prezos públicos.
- 12.- Propoñer os proxectos de Ordenanza Xeral de Xestión, Recadación e Inspección, das Ordenanzas Fiscais Reguladoras dos Tributos e Prezos Públicos (acordos), a súa modificación ou supresión.
- 13.- Dirixir, unha vez aprobadas, a aplicación das ordenanzas reguladoras dos distintos ingresos do Concello.
- 14.- Propoñer os convenios ou concertos a desenvolver para o pagamento dos dereitos a favor da facenda municipal.
- 15.- Recoñecer e liquidar os dereitos tributarios e os recursos procedentes dos prezos públicos; declara-la prescrición e impoñer sancións por infraccións tributarias ou incumprimento de acordos dos prezos públicos, resolver as reclamacións e os recursos sobre aplicación e efectividade de toda clase de ingresos, incluídos os que, de conformidade coa Ordenanza Fiscal Xeral de Xestión, Recadación e Inspección, correspondan á Alcaldía-Presidencia e aprobar os expedientes de devolución de ingresos, todo iso sen prexuízo da competencia atribuída a outros órganos municipais.
- 16.- Recoñecer e declarar os beneficios fiscais, sen prexuízo da competencia atribuída a outros órganos municipais.
- 17.- Dispor, de acordo coa normativa aplicable e no ámbito das súas competencia, a suspensión da executividade dos actos impugnados ou suxeitos a revisión en vía administrativa; a liquidación, no seu caso, dos xuros de mora, e a devolución das garantías e depósitos constituídos a tal fin, así como resolver sobre o reembolso do custo das garantías, de acordo co disposto na Lei Xeral Tributaria.
- 18.- Dirixir a xestión dos tributos, así como a xestión tributaria que a través da mesma se desenvolva.
- 19.- Propoñer ao órgano competente a interposición de reclamacións ou recursos ou o

acatamento dos fallos das cuestións litixiosas en materia de tributos ou ingresos públicos estatais e autonómicos, xestionando e controlando a súa efectividade.

- 20.- Tramitar e aprobar os gastos derivados do cumprimento das resolucións ou fallos dos Tribunais con cargo ás partidas que lle correspondan, sen prexuízo da competencia atribuída nesta materia a outros órganos.
- 21.- Aprobar os modelos de avais e garantías a constituír polos interesados, conforme co establecido nas ordenanzas e regulamentos municipais, e declarar a conformidade, no seu caso, das constituídas para suspender a execución dun acto ou para aprazar ou fraccionar o pagamento dunha débeda tributaria ou de outro ingreso de Dereito Público.
- 22.- Subscribir convenios de colaboración coa Subxerencia Territorial do Catastro, Axencia Tributaria, Dirección Xeral de Tráfico, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma e outras Administracións e Institucións, en orde á xestión, inspección e recadación dos tributos municipais, e, en particular, para a comunicación e acceso informático dende a Base de Datos Municipal ás respectivas Bases de Datos daquelas Administracións e Institucións.
- 23.- Dirixir a xestión e mantemento da base de datos tributarios na súa dobre vertente de datos persoais e territoriais, e dispoñer de cantas medidas de carácter organizativo e tecnolóxico sexan precisas para a súa correcta alimentación polos diversos servizos municipais e o acceso destes a súa consulta.
- 24.- Dirixir a elaboración de cantos estudos se estimen necesarios, no ámbito económico, referidos ao Concello de Vigo (PIB do municipio, series estatísticas, etc.)
- 25.- Planificar e coordinar a actuación económica-financeira dos Organismos Autónomos, coa colaboración dos seus órganos xerenciais.
- 26.- Autorizar as peticións de fondos dos Organismos Autónomos para a realización dos pagamentos que se derivan da execución dos seus presupostos.
- 27.- Autorización de subscripción de acordos ou convenios nos procesos concursales, agás naqueles supostos en que, no seu caso, sexan competencia do Pleno da Corporación.
- 28.- A superior dirección dos Servizos de Tesourería e Recadación municipal, sen prexuízo das funcións que legalmente correspondan ao seu titular e a proposta do mesmo.
- 29.- Aprobar a declaración de fallidos dos obrigados ao pagamento, así como a declaración dos créditos como incobrables, a proposta da Tesourería Municipal.
- 30.- Resolución das peticións de pagamentos de xuros de mora.
- 31.- Decretar a incautación de cantidades, con motivo de providencias xudiciais ou administrativas de embargo.
- 32.- Declarar a prescrición de débedas de dereito público.
- 33.- Formulación e resolución de tercerías, previo informe dos servizos xurídicos, e a proposta do Tesoureiro Municipal.
- 34.- Conceder e denegar fraccionamentos e aprazamentos de pago a proposta do

Tesoureiro Municipal.

- 35.- Resolver, a proposta da Tesourería Municipal, os expedientes de compensación de oficio ou a instancia de parte, de débedas municipais con créditos a favor do Concello.
- 36.- A apertura de contas restrinxidas de recadación, contas operativas e contas restrinxidas de pagos a proposta do Tesoureiro Municipal, e de acordo co previsto nas normas e regras establecidas polo Concello para a organización da Tesourería Municipal.
- 37.- Ditar acordos de derivación de responsabilidade.
- 38.- Resolver os expedientes de devolución de ingresos indebidos, a proposta do servizo municipal liquidador competente, cando o ingreso indebido se producira por unha declaración, liquidación ou autoliquidación ou por outra causa que afecte á liquidación ou acto administrativo que constituíu ao interesado na obriga de ingresar a correspondente débeda; ou a proposta do tesoureiro Municipal cando dito ingreso proceda dunha duplicidade ou exceso no pagamento, do pagamento de débedas prescritas ou de erros de feito ou dereito padecidos na xestión recadatoria que non afecten á liquidación ou acto administrativo que orixinou a obriga de ingresar.
- 39.- Acordar a adxudicación de bens ao Concello, previa consulta aos Servizos Técnicos sobre a utilidade dos mesmos.
- 40.- A adopción de medidas cautelares para asegurar o cobro das débedas tributarias.
- 41.- Concertar operacións de tesourería cando o importe das vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior.
- 42.- Calquera outras funcións necesarias para continuar ou finalizar o procedemento de recadación, non atribuídas a outros órganos.

II.- AREA DE SEGURIDADE, MOBILIDADE E XESTIÓN MUNICIPAL, corresponderanlle as atribucións que, a continuación se citan:

a) En materia de seguridade

- 1.- Dirixir, organizar e coordinar cos respectivos Xefes os servizos de Policía Municipal e Bombeiros desempeñando as xefaturas inmediatas de todo o persoal adscrito ós mesmos.
- 2.- Expedir, controlar e retirar as tarxetas das armas mencionadas no art. 105 do Regulamento de Armas, aprobado por RD 137/1993, de 29 de xaneiro, así como exerce-la función sancionadora atribuída á Alcaldía no devandito Regulamento.
- 3.- Exerce-las atribucións conferidas á Alcaldía polo Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas, aprobado por RD 2816/1982, de 27 de agosto, agás de aquelas que polas súas propias características técnicas sexan competencia doutros servizos.

- 4.- Exercer as atribucións conferidas a esta Alcaldía pola Lei orgánica 1/1992, de 24 de febreiro, sobre Protección da Seguridade Cidadá, nos supostos contemplados no artigo 26 apartados g), h), i) e j); así como a de impoñer sancións que para cada suposto prevé a propia Lei orgánica.
 - 5.- Exercer as atribucións conferidas ao Concello pola Lei 2/1985, de 21 de xaneiro, sobre Protección Civil e demais disposicións reguladoras da materia, agás aquelas que polas súas propias características técnicas sexan competencia doutros servizos municipais.
 - 6.- Desenvolvemento e implantación do Plan de Emerxencia Municipal fixando as liñas de actuación preventivas e realizando as probas e simulacros de prevención de riscos e calamidades públicas previstas no mesmo, así como realizar a actualización do mesmo. Elaboración de novos Plan de Protección Civil que poidan ser necesarios.
 - 7.- Organizar e dirixir o Corpo de Bombeiros propoñendo e executando os plans de prevención, así como os de funcionamento e adquisición de material, mellora e actualización do mesmo.
- b) En materia de mobilidade-tráfico:
- 1.- Planificar, dirixir e executar a política municipal en materia da Circulación.
 - 2.- Ordenar e regular o uso e utilización normal das vías públicas para a maior compatibilidade entre vehículos e peóns.
 - 3.- Realizar estudos e análises en orde a definir os criterios de equilibrio entre o tráfico rodado e peonil mantendo a debida coordinación coa Concellería Delegada de Fomento.
 - 4.- Ditar as normas reguladoras de circulación, sinalización e estacionamento.
 - 5.- Dirixir e regular as actuacións de ordenación de tráfico a realizar polos efectivos da Policía Municipal asignados.
 - 6.- Realizar as declaracións de abandono dos vehículos, a efectos do previsto no art. 86 da Lei 18/2009, de modificación do RD Lex. 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o Texto articulado da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial; sen prexuízo de que a competencia para sancionar o abandono dun vehículo correspóndelle á Concellería de Medio Ambiente.
 - 7.- Iniciar, impulsar e resolver, mesmo sancionar, e a supervisión, control e fixación de toda clase de ordes e instrucións que deban ser cumpridas polos concesionarios dependentes da área (XER, retirada de vehículos, sinalización horizontal e vertical, servizo de instalacións e regulación, control e información do tráfico), segundo a lexislación xeral e ós prexos das súas respectivas concesións.
 - 8.- A concesión das autorizacións cuxa competencia non se atribúa a outros órganos e a incoación e resolución dos expedientes sancionadores que se instrúan

c) En materia de recursos humanos e persoal:

- 1.- A planificación, desenvolvemento e execución das políticas públicas establecidas polo Goberno Municipal en materia de planificación e xestión de recursos humanos, xunto co establecemento dos criterios e directrices básicas de articulación das mesmas, abarcando a proposta aos órganos municipais competentes de medidas de racionalización de cadros de persoal e contención do gasto público en materia de persoal; medidas de fomento da mobilidade interdepartamental tendentes á optimización dos efectivos municipais e propostas á Xunta de Goberno Local de adecuacións retributivas ou reconfiguración de postos de traballo, incluíndo igualmente a determinación das condicións de traballo en interlocución cos órganos de representación sindical dos empregados/as públicos municipais.
- 2.- Desenvolver a xefatura directa e inmediata do persoal municipal, entendendo por tal o exercicio das potestades derivadas da inmediata dirección do persoal municipal e a totalidade das decisións que impliquen xefatura non atribuídas expresamente a outros órganos, agás a do corpo de Policía Municipal, a efectos do cal poderá ditar as ordes e instrucións de servizo necesarias para garantir o adecuado funcionamento dos servizos e o correcto rendemento e produtividade do persoal municipal, sendo o órgano competente para acordar a realización de trámites de información reservada, dilixencias informativas e de investigación e actos de trámite enmarcados no exercicio da potestade disciplinaria.
- 3.- Propoñer ao Pleno do Concello a aprobación do Regulamento Orgánico Municipal relativo á estrutura e organización interna do Concello, concretada na determinación dos niveis esenciais de organización municipal e, entre eles, as grandes áreas do goberno, así como á Xunta de Goberno Local o organigrama municipal contendo a estrutura das Áreas e Servizos no marco da organización municipal.
- 4.- Propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación dos Plans de Formación do persoal municipal elaborados polo Servizo de Recursos Humanos, presidindo a Comisión Paritaria de Formación, coordinando coas Concellerías-Delegadas de Área e demais delegados a formación e capacitación do persoal municipal.
- 5.- A proposta e implantación ou revisión de sistemas de organización e métodos de traballo.
- 6.- Propoñer á Xunta de Goberno Local o establecemento de xornada laboral e horarios de traballo no marco das disposicións legais aplicables.
- 7.- En materia de prevención de riscos laborais, informar á Xunta de Goberno Local trimestralmente das estatísticas sobre os índices de absentismo laboral, así como dos accidentes de traballo; vixiar e controlar as condicións de seguridade e hixiene no traballo, presidindo o Comité de Seguridade e Saúde Laboral e designando aos seus membros; e velando polo cumprimento da normativa vixente na materia, ostentando igualmente a competencia en nome do Concello nas relacións coa Inspección de Traballo e coa Autoridade Laboral.
- 8.- Remitir con carácter trimestral, aos distintos órganos de representación sindical do persoal do Concello, a información necesaria sobre as políticas de persoal proxectadas ou implementadas.
- 9.- Realizar as funcións de interlocución como representante do Goberno Municipal nas relacións cos órganos de representación sindical dos empregados públicos municipais,

desenvolvendo a política municipal nesta materia e ostentando a Presidencia da Mesa Xeral de Negociación, como parte lexitimada ao efecto.

- 10.- Ordenar e outorgar o visto e prace nas certificacións que se expidan polo Secretario do Goberno Local referentes ao persoal ao servizo do Concello de Vigo.
- 11.- Dar debido e efectivo cumprimento ao contido dos requirimentos, mandamentos e exhortos xudiciais provenientes das autoridades xudiciais e da Inspección de Traballo relacionados co persoal municipal, adoptando as medidas ordenadas nos mesmos, dando conta á Xunta de Goberno Local.
- 12.- Propoñer á Xunta de Goberno Local a declaración de situacións administrativas e xubilación do persoal municipal.
- 13.- Propoñer á Xunta de Goberno Local, en coordinación coas Concellerías Delegadas de Área e demais Delegados, a distribución, das retribucións complementarias que non sexan fixas nin periódicas (gratificacións e complemento de produtividade).
- 14.- Participar como un dos representantes da Corporación na Comisión Paritaria de Seguimento do Acordo Regulador das Condicións de Traballo.
- 15.- Adoptar as medidas necesarias para a reasignación e redistribución de efectivos, provisión extraordinaria e urxente de postos de traballo existentes na Relación de Postos de Traballo municipal, traslados, cambios de adscrición e remoción do persoal, dando conta á Xunta de Goberno Local e ás Concellerías-Delegadas das Áreas.
- 16.- A proposta, previa a emisión de informe, sobre autorización ou recoñecemento da compatibilidade nos termos da lexislación vixente.
- 17.- Ditar as instrucións precisas para a elaboración do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais en coordinación coa Concellería-delegada da Área de Economía e Facenda, asinando o proxecto que pola unidade de Planificación e Organización se elabore.

c) En materia de Réxime Interior:

- 1.- Dirixir e xestionar as dependencias de Rexistro Xeral, Arquivo, Estatística e Informática ademais das Unidades de Conserxería e Notificación.

1.1. En relación co Servizo de Estatística se efectúan as seguintes delegacións:

- a) Dirixir a xestión do Padrón Municipal de Habitantes efectuando a través dos medios informáticos axeitados as actuacións e operacións necesarias para a súa actualización e revisión comunicando e coordinando as mesmas cos rexistros dos padróns fiscais.
- b) Manter cos órganos e organismos da Administración do Estado, especialmente co Instituto Nacional de Estatística, Rexistro Civil e Oficina do Censo Electoral a información e coordinación precisa.
- c) Acordar a baixa das inscricións duplicadas ou inscricións indebidas no Padrón Municipal de Habitantes.
- d) Declarar de oficio a inscrición padronal dos veciños incursos no suposto do

art. 73 do RD 1690/1986, de 1 de xullo.

- e) Acordar a baixa por caducidade das subscricións padroais dos estranxeiros non comunitarios sen autorización de residencia permanente que non sexan renovadas cada dous anos (Resolución 28.04.2005 da Presidencia do INE e do Director Xeral de Cooperación Local).
- f) Expedir as certificacións de empadronamento e dos resúmenes numéricos do padrón.
- g) Dirixir a xestión do rúeiro municipal mantendo actualizada a nomenclatura e rotulación das vías públicas e a numeración dos edificios dando parte aos Rexistros da Propiedade e coordinando coa Xerencia Municipal de Urbanismo a elaboración da cartografía axeitada (Guías urbanas).
- h) Emitir os informes do número de policía das rúas para engadir aos expedientes de solicitude de licencia de obras, segundo acordo da Xerencia de Urbanismo.
- i) Ordenar a revisión anual da relación de entidades e núcleos de poboación e a división en seccións do termo municipal.
- l) Manter a debida comunicación co Consello de Empadramento.
- m) Proporcionar ao Departamento de Estatística as axudas materiais e persoais que sexan necesarias nos distintos procesos e convocatorias electorais.

1.2. En relación cos Servizos Xerais efectuaranse as seguintes delegacións:

- a) Dirixir e xestionar o funcionamento do Rexistro Xeral, Arquivo e demais seccións ou unidades xerais.
 - b) Ordenar e outorgar o visto e prace ás certificacións que poidan expedirse con referencia ós Libros de Rexistro, así como ás que se expidan en relación cos editos remitidos polos Rexistros da Propiedade para a súa inserción no Taboleiro.
- 2.- Controlar os consumos de electricidade e auga; adoptando ou propoñendo a adopción de medidas que estime procedentes para maior economía no gasto.
 - 3.- Ditar as ordes e instrucións que sexan precisas aos servizos municipais para a adopción de medidas de seguridade e reparación, mantemento e conservación, que requiran os edificios de propiedade municipal, en especial a Casa do Concello.
 - 4.- Xestión dos servizos de subministracións aos edificios administrativos do Concello.
 - 5.- O seguimento do contrato de concesión de obra pública que desenvolve no Auditorio "Mar de Vigo" a sociedade adxudicataria "Pazo de Congresos de Vigo, S.A."

III.- ÁREA DE POLÍTICA DO BENESTAR, IGUALDADE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, corresponderanlle as atribucións que, a continuación se citan:

a) En materia de Política do Benestar:

- 1.- Planificación e programación da política municipal dos Servizos Sociais determinando as directrices xerais e as prioridades no seu desenvolvemento.
- 2.- Detección e estudo das necesidades sociais.
- 3.- Coordina tódalas actuacións que en materia de Servizos Sociais se xestionen no Concello ditando instrucións para regular a súa actividade.
- 4.- Procurar garantir a prestación de Servizos Sociais a aqueles sectores da poboación en situacións de desprotección social e marxinación a través de medidas adecuadas á problemática da cada colectivo levando a cabo cantas actuacións sexan precisas.
- 5.- Promover e impulsar cantas actividades sexan necesarias para contribuír a propiciar o desenvolvemento dunha maior participación e colaboración da sociedade ante problemas de marxinación e desprotección social.
- 6.- Manter contacto permanente cos órganos das restantes Administracións Públicas para desenvolver e exercer funcións relacionadas cos Servizos Sociais e o Benestar Social.
- 7.- Formular a programación e xestión dos plans de formación específica do persoal de Servizos Sociais.
- 8.- Aprobar gastos que non excedan de 12.000€ para a atención de persoas físicas ou núcleos familiares en situación de necesidade social, con cargo ás partidas orzamentarias que a súa xestión lle corresponda, sen prexuízo das facultades atribuídas en materia de axudas e subvencións a outros órganos municipais.
- 9.- Resolver as solicitudes de prestación do servizo de teleasistencia e axuda no fogar e as solicitudes de prestacións individuais para prevención, asistencia e promoción social dando conta diso á Xunta de Goberno Local.
- 10.- Iniciación de expedientes de solicitude de subvencións ou axudas a outras Administracións Públicas.
- 11.- Dirixir a xestión e mantemento da base de datos dos usuarios da área e dispoñer de cantas medidas de carácter organizativo e tecnolóxico sexan precisas para a súa correcta alimentación polas unidades desconcentradas.
- 12.- Prever plans municipais de actuación, ó obxecto de adaptar as vías públicas, parques e xardíns á Lei de Accesibilidade, concertando coa Concelleira Delegada da Área de Economía e Facenda a porcentaxe do orzamento destinada a estes fins.
- 13.- Adaptar, en coordinación coa Concellería de Área de Mobilidade e Seguridade, as medidas axeitadas para facilitar o estacionamento de vehículos automóbiles pertencentes a minusválidos con problemas graves de mobilidade.
- 14.- Dirixir e xestionar o Centro de Drogodependencias (CEDRO).
- 15.- Ostentar a Presidencia do Consello Sectorial de Benestar Social.
- 16.- Ostentará a representación do Concello de Vigo á hora de xestionar as actuacións do

Consortio Galego de Servizos Sociais, nomeadamente toda a xestión que ten que ver coa construción de centros de día e Galescolas na cidade.

- 17.- Representación do Concello nos órganos reitores do Consorcio de Servizos Sociais ó que este Concello está incorporado (Acordo Plenario de data 28.12.06 e DOG nº 53 de 15 de marzo de 2007.
 - 18.- Todas aquelas competencias derivadas dos Convenios asinados polo Concello e Caixa Galicia de datas 13.03.2002 e 10.04.2006, para facilitar o acceso a persoas maiores deste Concello a prazas residenciais e de atención diúrna do Centro Xerontolóxico Euxa-Vigo.
 - 19.- Aquelas competencias derivadas dos convenios de cooperación social e desenvolvemento.
- b) En materia de igualdade e promoción da muller:
- 1.- Esta Concellería terá adscritos, sen prexuízo dos que se poidan crear no futuro, os seguintes servizos:
 - a) Oficina da Muller
 - b) Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.
 - c) Casa de Acollida (baixo concesión administrativa)
 - d) Piso tutelado (baixo concesión administrativa)
 - e) Dous puntos de información conveniados con dúas asociacións de mulleres.
 - f) Casa das Mulleres
 - g) Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia.
 - 2.- Apoiar e fomentar a participación activa das mulleres en todos os ámbitos sociais consolidando programas que desenvolvan actividades nas áreas educativas, culturais e cidadás.
 - 3.- Apoiar o desenvolvemento do movemento asociativo de mulleres e das vocalías veciñais a prol da igualdade.
 - 4.- Promover que nos estudos e informacións os datos estean desagregados por sexo.
 - 5.- Propoñer e impulsar medidas, tanto preventivas como integradoras, tendentes a eliminar as situacións de desigualdade e desvantaxe social das mulleres.
 - 6.- Promocionar, desenvolver e difundir no ámbito municipal toda clase de accións tendentes a incrementar a presenza das mulleres nos distintos ámbitos da vida social e nos procesos de toma de decisións.
 - 7.- Detectar posibles discriminacións indirectas por razón de sexo no persoal ó servizo do Concello e propoñer estratexias para a súa eliminación.
 - 8.- Fomentar os proxectos de iniciativa social promovidos polas Asociacións de Mulleres.
 - 9.- Manter contacto con Institucións e organismos públicos e privados que desenvolvan actividades e programas especificamente relacionados coa muller.
 - 10.- Propoñer e impulsar actuacións que favorezan a erradicación da violencia de xénero.
 - 11.- Xestionar a programación, implementar e avaliar as políticas de igualdade que fixa a

Corporación municipal.

- 12.- Convocar e presidir o “Consello Municipal da Muller” segundo o seu Regulamento executando os seus acordos e demais competencia que lle confire tal Regulamento.
- 13.- Execución e coordinación das medidas e accións expostas no “Plan municipal para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Vigo 2005/2007” aprobado na Xunta de Goberno Local o día 27 de decembro de 2004.
- 14.- Execución e coordinación das medidas e accións expostas no “Plan de Acción Municipal para combater a violencia contra as mulleres 2004/2007” aprobado no Pleno da Corporación municipal o día 27 de decembro de 2004.
- 15.- Impulsar e poñer en marcha medidas e servizos na procura da conciliación da vida persoal e laboral, entre elas as Galescolas.
- 16.- Impulsar a aplicación de medidas que promovan a incorporación da perspectiva de xénero en tódolos departamentos e a tódolos niveis no ámbito municipal (principio de transversalidade).
- 17.- Diseñar, dirixir, coordinar e avaliar as políticas municipais de igualdade e de promoción das mulleres a desenvolver polo Concello de Vigo.

c) En materia de normalización lingüística:

- 1.- Acada-los seguintes obxectivos:
 - Conseguir a normalidade lingüística.
 - Garantir os dereitos lingüísticos das e dos cidadás.
 - Recuperación do patrimonio inmaterial galego.
- 2.- Planificar as actuacións dinamizadoras e determinar os criterios de política lingüística que asumirá o Concello partindo sempre do marco lexislativo existente e de realidade sociolingüística.
- 3.- Xestionar e dirixir campañas de dinamización lingüística nos sectores socioeconómico, socioeducativo, sociolaboral, sociocultural, nos ámbitos das novas tecnoloxías da información; e especialmente aquelas dirixidas á mocidade e á poboación infantil.
- 4.- Xestionar e dirixir actividades tendentes a facilitar o coñecemento da lexislación lingüística: dereitos e deberes, galeguización de nomes e apelidos...
- 5.- Xestionar e dirixir actuacións desenvolvidas para un maior e mellor coñecemento da lingua galega e da súa realidade sociolingüística: obradoiros de lingua, obradoiros de comunicación oral, obradoiros de dinamización sociolingüística. Cursos de lingua galega. Edición de léxicos, cartaces e outros soportes de difusión terminolóxica.
- 6.- Xestionar e dirixir as publicacións do Servizo de Normalización Lingüística (SNL), entre elas do Boletín Lingua Viva.
- 7.- Xestionar e dirixir as actuacións publicitarias tendentes a dar a coñecer o SNL, o seu

traballo e ofertar a súa colaboración. Garantir a presenza do SNL nos foros de debate, simposios, seminarios ou congresos que teñan como eixo a dinamización das linguas minorizadas e/ou minoritarias en situacións de anormalidade lingüística.

- 8.- Actuar como interlocutor diante/con outras administracións, institucións, asociacións..., acadando convenios e acordos para desenvolver actuacións normalizadoras no ámbito municipal vigués.
- 9.- Impulsar a xestión cara á realización de encontros, intercambios e outras actividades que permitan o achegamento entre concellos, cidadáns (en particular mozas e mozos) e centros de ensino do ámbito lusófono, en especial da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e do Eixo Atlántico.
- 10.- Actuar como interlocutor coa sociedade viguesa, coas asociacións, institucións, e con outras administracións para consensuar todas estas actuacións no marco da Comisión Cidadá de Normalización Lingüística.
- 11.- Desenvolver estes mesmos labores no ámbito interno da administración a través da Comisión Interdepartamental de Normalización Lingüística.
- 12.- Impulsar a elaboración dun Plan de Normalización Lingüística como marco da política e planificación lingüística do Concello de Vigo

IV.- ÁREA DE EMPREGO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ E VOLUNTARIADO, corresponderanlle as atribucións que, a continuación se citan:

a) En materia de promoción económica e emprego:

- 1.- O deseño e dirección das políticas de promoción económica local e das políticas activas de emprego a desenvolver polo Concello de Vigo, así como daquelas outras tendentes á posta en valor dos recursos endóxeos e ao desenvolvemento económico local, especialmente dos tendentes á mellora da ocupabilidade dos desempregados (orientación, formación e inserción laboral), á adquisición de experiencia laboral e o apoio ás iniciativas empresariais e de autoemprego do ámbito local.

b) En materia de Participación Cidadá:

- 1.- Dirixir e impulsar a política municipal referida ó Asociacionismo e a Participación Cidadá en orde a canalizar e promover a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da Comunidade Veciñal propoñendo, a estes efectos, o Concello-Pleno a aprobación dun novo Regulamento Orgánico.
- 2.- Dirixir, xestionar os servizos de Participación Cidadá e Atención Cidadá así como a Oficina Municipal de Voluntariado que se deberá coordinar co primeiro deles.
- 3.- Tramitar, resolver as solicitudes de inserción no Rexistro Municipal de Asociacións.
- 4.- Xestionar ata a súa resolución calquera incidencia ou modificación de datos que deba facerse constar no Rexistro Municipal de Asociacións.

- 5.- Presidir o Consello Sectorial de Participación Cidadá, impulsar, a través da Xunta de Goberno Local, aqueles Consellos Sectoriais non constituídos e coordinar, cos respectivos Presidentes, a eficacia no funcionamento dos xa existentes procurando a súa efectiva participación e asesoramento nos distintos sectores.
- 6.- Impulso, coordinación e supervisión dos proxectos construtivos de inmobles promovidos polo Servizo (Centros Cívicos e outros) que sexan redactados pola Oficina Municipal de Obras e Proxectos da Xerencia Municipal de Urbanismo.
- 7.- Coordinar e xestionar a base de datos de información xerada pola Administración Municipal, así como toda aquela de interese para o cidadán.
- 8.- Dirixir e organizar os distintos servizos de información a nivel presencial ou telefónico a través do teléfono 010 e do control telefónico e de Internet por medio da páxina web da Concellería.
- 9.- Coordinar a desconcentración dos servizos de atención municipal co fin de facela máis próxima, comprensible e accesible aos cidadáns.
- 10.- Crear, manter e difundir a guía cidadá.
- 11.- Centralizar, supervisar, distribuír e realizar un seguimento das queixas e suxestións xeradas nos distintos niveis.
- 12.- Xestionar a páxina web da Concellería nos módulos de información de asociacións, cidadáns, voluntariado e emigración.
- 13.- Promover a formación cidadá en novas tecnoloxías e fundamentalmente en Internet nos Centros Cívicos de Coruxo, Teis, Casco Vello, Saiáns e calquera outro que se poña en funcionamento así como en colaboración coas asociacións cívicas.
- 14.- Tramitar, solicitando das respectivas xefaturas os preceptivos informes ou documentos, tódalas queixas que os cidadáns presenten ante o Defensor do Pobo, Valedor do Pobo ou Valedor do Cidadán e que eses comisionados remitan para o seu informe ó Concello, dando conta diso e das suxestións ou recomendacións que recaian á Xunta de Goberno Local.
- 15.- Administración do Rexistro Municipal de Parellas de Feito, segundo o seu Regulamento.
- 16.- Facer á Concellería Delegada de Xestión Municipal as propostas que considere axeitadas ao obxecto da implantación das previsións contempladas na Lei 11/2007, de 22 de xuño de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos.

V.- AREA DE INDUSTRIA, TURISMO, CULTURA E FESTAS corresponderalle as atribucións que, a continuación se citan:

a) En materia de Industria:

- 1.- A relación con organismos, entidades e institucións públicas e privadas para a execución da política municipal en materia de industria.

2.- Promover actuacións conxuntas coa “Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo” ó obxecto de colaborar na consecución dos fins propios dese ente.

b) En materia de Turismo

1.- A planificación e execución da política municipal de fomento do turismo na cidade mediante inversións directas, axudas e publicidade, así como a promoción turística da cidade e a súa imaxe turística en tódolos ámbitos.

2.- A relación cos organismos da Administración Central, Autonómica e Provincial competentes nesta materia especialmente coa Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia S.A. (Turgalicia S.A.) e o Padroado de Turismo Rías Baixas.

c) En materia de cultura:

1.- Establecer as directrices xerais e a política municipal da Área, conformar os programas anuais e plurianuais de xestión, determinando os obxectivos e os recursos materiais e persoais necesarios para o funcionamento dos equipamentos, servizos e programas.

2.- Exercer as competencias municipais en relación coa dirección, de acordo coas normas específicas que regulan cada un deles, dos equipamentos culturais do Concello, como Casa das Artes, Biblioteca Central, Biblioteca Neira Vilas e Casa Galega da Cultura, agás no que as normas específicas de cada un atribúan as competencias á Alcaldía-Presidencia u outro órgano municipal.

3.- O impulso, promoción, xestión e coordinación dos Museos da cidade, en particular:

- Museo Quiñones de León, especialmente no que se refire á colección arqueolóxica
- Pinacoteca
- Verbum-Casa das Palabras
- Centro de Artesanía Tradicional (CAT)

4.- Representar ó Concello de Vigo nos seguintes órganos, entidades ou institucións:

- a)Padroado da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo (Vicepresidencia).
- b)Padroado do Museo Municipal de Castrelos (Presidencia).
- C)Órganos de goberno do IFEVI

5.- Centralizar o rexistro de peticións de ISBN que realicen as unidades do Concello para a súa publicación, así como conservar un exemplar de cada unha das obras publicadas nas bibliotecas municipais.

6.- Planificar, dirixir, e xestionar as accións precisas para garantir a conservación, mantemento, reparacións, vixilancia, limpeza, e subministracións das dependencias adscritas á área.

7.- Manter contacto permanente cos órganos da Administración autonómica, estatal ou europea, así como con outras entidade públicas ou privadas que desenvolvan actividades e programas relacionados coas competencias delegadas en materia de

cultura.

- 8.- Establecer medidas de seguimento e avaliación, estudos de custos e elaboración de memorias relativas á xestión da Área de Cultura, das súas unidades, equipamentos, servizos e programas.
- 9.- Xestión de convenios de colaboración e/ou patrocinio das actividades propias da Concellería por parte de empresas ou entidades, así como a resolución dos textos dos convenios que se propoñan para a súa aprobación e a súa sinatura, sen prexuízo do sinalado no apartado l.e)1.
- 10.- Sinatura de convenios de colaboración con entidades para programación complementaria da Concellería de Cultura e de contratos para a prestación de servizos de actuación artística, sen prexuízo do sinalado no apartado l.e)1.
- 11.- O fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística, así como a programación de exposicións e outras expresións plásticas.
- 12.- O fomento da creación literaria e a promoción do hábito da lectura, así como o fomento e xestión dos servizos bibliotecarios municipais.
- 13.- O fomento, a promoción e axuda de entidades, institucións e asociacións artísticas e culturais.
- 14.- A promoción, difusión e extensión da cultura en calquera das súas manifestacións.
- 15.- Elevar ó Concello-Pleno, en colaboración cos servizos de Cartografía e Estatística, a denominación das vías públicas, prazas e parques municipais instruíndo, a estes efectos, os expedientes que correspondan.
- 16.- Elevar ao Concello-Pleno, previos os trámites regulamentarios correspondentes, a concesión de medallas, honores e distincións.
- 17.- Canalizar a difusión cultural do Concello centralizando a información dispoñible sobre programas, servizos, equipamentos etc., mesmo en fase de proxecto ou preparación, coordinando as diversas unidades administrativas que aborden a oferta cultural.

d) En materia de festas e animación sociocultural

- 1.- Programar e xestiona-la celebración de actividades festivas e de animación sociocultural, de lecer e de tempo libre e promover todo tipo de programas, plans, actividades e servizos que contribúan á animación sociocultural e socioeducativa dos cidadáns.
- 2.- Por delegación específica, asinar os informe-proposta e contratos correspondentes ós espectáculos e actividades do programa Festas do Cristo da Victoria, nos termos que acorde a Xunta de Goberno Local.
- 3.- Sinatura da conta de habilitación “Festas e Animación Sociocultural”, utilizada para os pagamentos derivados dos contratos de actividade e espectáculos organizadas pola Concellería.
- 5.- Promover a creación de institucións de animación sociocultural.

- 6.- Manter contacto permanente cos órganos da Administración autonómica, estatal ou europea, así como con outras entidades públicas ou privadas que desenvolvan actividades e programas relacionados coas competencias delegadas en materia de festas e animación sociocultural
- 7.- A xestión do Auditorio ó aire libre do parque de Castrelos e o Auditorio Municipal da Casa do Concello incluíndo a programación que neles se desenvolve e/ou a xestión de solicitudes de utilización.
- 8.- No referente ao Pazo-Auditorio “Mar de Vigo”:
 - a) O seguimento da xestión inmediata e material dos usos do inmovible que incluírá a asunción dos gastos necesarios para a posta en valor e avaliación da proxección futura do inmovible.
 - b) O seguimento da xestión cultural e da programación que, na zona pública do Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo”, leva a cabo a mercantil concesionaria “Pazo de Congresos de Vigo, S.A.” co obxecto da súa coordinación coa que, nos mesmos espazos da dotación, realiza directa ou indirectamente (cesión de uso) o Concello de Vigo en virtude da utilización gratuíta que lle corresponde.
 - c) A emisión de resolucións administrativas nas anteriores materias, así como a tramitación e aprobación dos distintos gastos derivados da utilización municipal do Pazo-auditorio, incluíndo a contratación dos Plans de Autoprotección e Seguridade nos distintos eventos.

VI.- AREA DE FOMENTO E CONTRATACIÓN, corresponderalle as atribucións en materia de Vías e Obras; Parque Móbil e Parque Central; Electromecánicos; Oficina de Supervisión de Proxectos; así como o seguimento da xestión dos servizos públicos con especial incidencia en aqueles que se xestionan indirectamente a través de empresas concesionarias. Impulsar, dun xeito eficaz, as previsións contempladas na Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns ós Servizos Públicos dirixindo e planificando os procesos que para elo dende o Servizo de Informática teñan que levarse a cabo; corresponderalle así mesmo as atribucións en transporte e Contratación.

- a) En materia de Vías e Obras:
 - 1.- Propoñer á Xunta de Goberno Local u órgano competente a aprobación dos Plans de Investimento para a mellora e mantemento, conservación e, no seu caso, construción ou apertura de rúas e viais públicos de titularidade municipal.
 - 2.- Propoñer á Xunta de Goberno Local ou órgano competente a aprobación de Plans de Investimento para o mantemento, conservación e, no seu caso, construción das redes de infraestruturas de servizos públicos municipais, en especial as referidas ao abastecemento, evacuación e depuración de augas así como calquera outra obra de infraestructura básica ou instalación destinada a un uso ou servizo público.
 - 3.- Propoñer á Xunta de Goberno Local ou órgano competente a aprobación dos convenios que se poidan subscribir con outras Administracións Públicas para obras de mantemento, conservación ou construción de viais ou redes de infraestructura básicas municipais, así como a participación municipal en Plans ou Programas desas outras Administracións.

- 4.- Planificar a estratexia, o desenvolvemento e o financiamento dos Plans Directores de Abastecemento e Saneamento que se poidan contemplar no planeamento xeral e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.
- 5.- Impulsar as relacións cos distintos departamentos da Administración Estatal e Autonómica con competencias nas materias sinaladas co obxecto de acadar os recursos necesarios para lograr os obxectivos previstos nos Plans de Investimento ou Estratéxicos.
- 6.- Asinar as actas previas de ocupación e as de pagamento en materia de expropiación forzosa.
- 7.- Dirixir, administrar e xestionar os talleres-almacéns centrais de Santa Cristina de Lavadores.
- 8.- Colaboración coas distintas administracións para velar polo mantemento dos viais da súa titularidade ao obxecto de que en todo momento se atopen en perfecto estado de uso.
- 9.- A inspección permanente do servizo de conservación e mantemento de viais especialmente no suposto de que sexa acordada.

b) En materia de parque móbil:

- 1.- Control e supervisión da ordenación, xestión e administración da flota de vehículos do Parque Móbil municipal, incluídos os destinados ao servizo da Policía Municipal procurando o seu dimensionamento adecuado con criterios de rendibilidade e eficacia.
- 2.- Impulso, para a debida coordinación co Inventario Municipal de Bens, da confección dun Rexistro de Vehículos en soporte informático onde se inscriban as altas, baixas, adscricións e incidencias dos distintos vehículos debendo figurar nos asientos de alta a data de adquisición ou arrendamento (acta de recepción); referencia ó expediente e acordo de contratación; marca e modelo do vehículo; número de bastidor; matrícula; data de matrícula e referencia á póliza do seguro contratado. O asiento de baixa fará referencia á data, e motivo da mesma así como ó destino do vehículo.

c) En materia de electromecánicos:

- 1.- Propoñer á Xunta de Goberno Local ou órgano competente a aprobación do Plan de Investimento para o mantemento, conservación e, no seu caso, construción de redes de alumado público así como o seguimento e control das contratacións que se realicen con estes fins
- 2.- A supervisión e informe dos proxectos técnicos de alumado público no suposto de que estes sexan redactados mediante asistencia técnicas externas.
- 3.- O estudo, e no seu caso petición, das axudas e subvencións que para a mellora e ou ampliación de redes de alumado público poidan convocarse pola Deputación Provincial ou a Consellería de Industria.
- 4.- O control, estudo e supervisión da facturación xirada polas compañías

subministradoras de enerxía eléctrica procurando a optimización das tarifas.

- 5.- A contratación e alta de novos subministros e a confección dos pregos de condicións de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que poidan rexer nos procedementos de contratación que se liciten a consecuencia do proceso de liberalización do subministro eléctrico.
- 6.- Confección e execución de estudos de aforro enerxético optimizando e calibrando os consumos.
- 7.- O mantemento e reparación dos equipos de bombeo nas fontes ornamentais públicas.
- 8.- A realización e aplicación de programas para o mantemento e conservación da Casa Consistorial en coordinación coa Concelleira Delegada da Área de Xestión Municipal (Réxime Interior).
- 9.- O impulso dos traballos necesarios para o mantemento eléctrico das grandes redes de infraestrutura viaria municipal, en especial o Túnel do Areal, Pasos Subterráneos e Primeira Ronda de Circunvalación.
- 10.- Inspeccionar permanentemente o funcionamento dos servizos de mantemento de electromecánicos que sexan xestionados indirectamente por empresas concesionarias co obxecto de garantir a súa prestación de acordo co previsto nos pregos de condicións que rexen no contrato.

d) En materia de seguemento de empresas concesionarias de servizos públicos:

- 1.- Coordinar as diferentes Áreas na inspección permanentemente do funcionamento dos servizos xestionados indirectamente por empresas concesionarias para garantir a súa prestación de acordo cos correspondentes pregos de condicións que rexen en cada contrato impulsando a estes efectos, o funcionamento eficaz da Oficina de Control de Empresas Concesionarias dotándoa convenientemente de medios materiais e persoais.
- 2.- Coordinar coa Área de Contratación e coa que sectorialmente corresponda a confección dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Condicións Técnicas que se refiran á xestión indirecta da xestión dos servizos públicos co obxecto de homoxeneizar o seu contido e facilitar a súa posterior inspección.
- 3.- Colaborar nas tarefas de inspección cando polas súas características técnicas ou pola falta de medios tal actividade non pode ser realizada por cada Servizo dentro da inspección permanente que lle corresponde.

e) En materia da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de obras.

- 1.- Supervisión, informe e proposta de aprobación técnica, se procede, dos proxectos de obras redactados por outras administracións e que posteriormente serán realizadas dentro do termo municipal do Concello de Vigo.
- 2.- Revisión e informe dos proxectos de urbanizacións tanto de iniciativa pública como

privada, que posteriormente pasarán a ser competencia municipal, coa posterior inspección durante a execución das obras e a súa recepción ó remate das mesmas.

3.- Asumir as funcións previstas no artigo 136 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e que son as seguintes:

-Verificar que nos proxectos obxecto de supervisión contemplan as disposicións legais e regulamentarias así como a normativa técnica que en cada caso resulten de aplicación.

-Propoñer ó órgano de contratación criterios e orientacións de carácter técnico para a súa inclusión, no seu caso, na norma ou instrución correspondente.

-Examinar que os prezos dos materiais e das unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato.

-Verificar que o proxecto contén o estudo de seguridade e saúde, ou, no seu caso, o estudo básico de seguridade e saúde.

-As demais funcións que lle encomende a Xunta de Goberno Local.

f) En materia do Parque Central:

- 1.- Controlar as existencias de materiais e equipos dos diferentes servizos de área.
- 2.- Control de todo o persoal durante a súa permanencia no recinto do parque, velando polo cumprimento da xornada e horarios, e dando conta á Unidade de Persoal das incidencias que se produzan.

g) En materia de transporte:

- 1.- Planificar, dirixir e executar a política municipal en materia de Transporte.
- 2.- Ditar as disposicións que esixa o mellor funcionamento dos servizos de auto-taxi e o control deste servizo.
- 3.- Ditar as normas reguladoras de transporte de viaxeiros e mercadorías.
- 4.- Control, xestión e resolución en todas as materias relacionadas co transporte urbano colectivo e servizos interurbanos dentro do termo municipal ou intermunicipal, sen prexuízo do que dispoña a lexislación sectorial sobre ditas competencias.
- 5.- Iniciar, impulsar e resolver, mesmo sancionar, e a supervisión, control e fixación de toda clase de ordes e instrucións que deban ser cumpridas polos concesionarios dependentes da área (aparcadoiros e transporte urbano colectivo), segundo a lexislación xeral e os prezos das súas respectivas concesións.
- 6.- Realizar o seguimento dos contratos adxudicados para a construción dos aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade ao obxecto de que se leven a cabo nos prazos previstos procurando con elo minimizar a incidencia do tráfico rodado nos diferentes ámbitos.

7.- Outorgar as autorizacións en materia de transporte escolar.

b) En materia de Contratación.

- 1.- Velar polos principios de publicidade e concorrncia na contratación administrativa, agás as excepcións sinaladas na lei, impulsar os procedementos de contratación e ordenar a publicación de anuncios.
- 2.- Presidir as Mesa de Contratación do órgano de contratación do Concello (Xunta de Goberno Local).
- 3.- A formalización e asinamento das escrituras e contratos de calquera natureza e, en xeral, dos documentos públicos ou administrativos nos que se concrete calquera negocio xurídico nos que interveña o Concello agás os convenios de colaboración.
- 4.- Realizar os estudos de viabilidade e conveniencia e propoñer, no seu caso, a constitución dunha Xunta Municipal de Contratación nos termos previstos na lexislación aplicable.
- 5.- Dirixir o Almacén Municipal.

VII.- ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E XUVENTUDE, corresponderalle as atribucións que, a continuación se citan:

a) En materia de Medio Ambiente:

- 1.- Planificar a política municipal nesta materia e coordinar a actuación dos servizos a ela adscritos co fin acadar os obxectivos e fins que se propoñan en dita planificación.
- 2.- A adopción das Ordes de Execución que proceda por razón de salubridade, e a súa execución forzosa en caso de incumprimento, polos medios legalmente previstos.
- 3.- Acometer o conxunto de accións e medidas concretas para conseguir o obxectivo do Desenvolvemento Sostible da cidade, plasmado na Axenda 21 Local.
- 4.- Desenvolver o Proxecto Municipio Turístico Sostible, co fin de implantar o sistema de xestión medioambiental como instrumento fundamental para executar a política medioambiental do Concello, sen prexuízo e en coordinación coas atribucións da Concellería competente en materia de Turismo.
- 5.- Procurar a incorporación da finalidade medioambiental nos plans e proxectos de obras con repercusión física sobre o territorio municipal, velando pola emisión dos informes previos de carácter medioambiental previstos na lexislación xeral e sectorial, polo sometemento aos procedementos de avaliación de impacto ambiental das accións que deban estar de acordo coa normativa vixente, e presentando as suxestións e alegacións que proceda nos casos de accións, plans e obras a desenvolver no termo

municipal que estean suxeitos a algún dos procedementos de impacto ambiental.

- 6.- Fomentar e velar pola regularización das actividades industriais, mercantís, comerciais e análogas co obxecto de controlar preventivamente e de cara ao futuro o funcionamento desas actividades, acadar unha descontaminación gradual e evitar os vertidos incontrolados á rede de sumidoiros, ás augas e ás costas, no ámbito das competencias municipais. Con este mesmo fin, colaborar e recabar a cooperación activa das Administracións Públicas e Organismos Autónomos competentes, propoñendo e asinando os convenios e concertos que proceda.
- 7.- Colaborar coas Administracións e Organismos Autónomos competentes co fin de manter e controlar os recursos hídricos e as marxes e canles dos ríos e regatos que transcorren polo termo municipal.
- 8.- Velar polo control da contaminación atmosférica no ámbito das competencias locais.
- 9.- O control da contaminación sonora e por vibracións, mediante a continuación do proxecto de implantación dun sistema de medición de ruídos de ser o caso, ou mediante o cumprimento de calquera das obrigas encomendadas á Administración municipal pola normativa vixente.
- 10.- Exercitar as medidas precisas para evitar o abandono incontrolado de residuos no termo municipal.
- 11.- A xestión dos servizos de temporada que poidan establecerse nas praias, e o mantemento das praias e lugares públicos de baño en condicións de limpeza hixiene e salubridade, así como, vixiar a observancia das normas sobre salvamento e seguridade das vidas humanas e, asemade, calquera outra competencia que en materia de costas estea atribuída á competencia municipal e non corresponda a ningunha outra área delegada.
- 12.- Colaborar coas outras Administracións para a dotación das brigadas de incendios na campaña estival.
- 13.- Velar pola limpeza e mantemento dos carreiros que transcorren polo termo municipal e valorar a conveniencia e oportunidade de crear novos carreiros.
- 14.- Velar polo mantemento e conservación dos recursos naturais existentes en todo o termo municipal e en particular relativa ás especies naturais e a flora e fauna silvestre, no eido do marco de competencias municipais.
- 15.- A responsabilidade superior na defensa e protección dos animais do termo municipal, a responsabilidade do servizo de recollida dos animais abandonados, e calquera outra atribución relativa aos animais domésticos e salvaxes en cativeiro.

- 16.- As atribucións que corresponden ao alcalde en relación coas reses mostrencas dentro do termo municipal.
- 17.- Elaborar e deseñar os plans de emerxencia que proceda, procurando a coordinación e colaboración entre as distintas áreas co fin de facer fronte ás situacións de risco ambiental que se poidan presentar.
- 18.- Dirixir e planificar os servizos de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos propondo as melloras e revisións convenientes do sistema actual.
- 19.- Propoñer as actuacións e medidas necesarias para conseguir a redución dos residuos sólidos urbanos (RSU) e a súa valorización fomentando a colaboración na recollida selectiva.
- 20.- Fomentar a diminución do uso en embalaxes innecesarias.
- 21.- Desenvolver programas e campañas de información, sensibilización e concienciación social que susciten a participación e colaboración activa dos cidadáns, empresas e produtores no proceso de residuos sólidos urbanos.
- 22.- Concienciar á cidadanía das consecuencias nocivas que para o medio ambiente e para a convivencia social implica o uso incorrecto de produtos e o depósito irregular e inaxeitado de RSU.
- 23.- Propoñer a rexeneración daqueles lugares que sexan ou foran obxecto de vertidos incontrolados.
- 24.- Manter as relacións necesarias coa Sociedade Galega de Medio Ambiente co obxecto de optimizar o uso e funcionamento da Planta de Transferencia de Guixar.
- 25.- Xestionar, a fin de minorar-la afección paisaxística, cos órganos competentes da Administración Autonómica, o axeitado depósito, vertido, e no seu caso, tratamento dos residuos procedentes de construcións e obras evitando a súa descarga incontrolada.
- 26.- Inspeccionar permanentemente o correcto funcionamento medioambiental dos servizos xestionados indirectamente por concesionarios para garantir que se presten de acordo cos correspondentes Pregos de Condicións e con observancia da normativa técnica sectorial aplicable en cada caso.
- 27.- Ostentar a Presidencia do Organismo Autónomo Municipal "Parque Natural das Ciencias-Vigo Zoo", dirixíndoo e xestionándoo de acordo cos Estatutos os servizos e actividades que presta e realiza.

b) En materia de Sanidade e Consumo:

- 1.- Efectuar o seguimento na cidade do Plan de Saúde da Administración Autonómica propoñendo á mesma, a través da Xunta de Goberno Local, a ampliación ou mellora dos servizos sanitarios que sexan insuficientes.
- 2.- Establecer as liñas xerais de actuación no ámbito da hixiene e saúde pública, o consumo, a salubridade pública e a ordenación alimentaria.
- 3.- Coordinar coa Área de Persoal tódalas cuestións relativas á saúde laboral do persoal ao servizo da Administración Municipal.
- 4.- Coordinar coa Administración Autonómica a inspección hixiénica e de consumo de todo tipo de produtos alimenticios que se ofrezan ao consumidor nos establecementos comerciais e especialmente nos mercados municipais de abastos.
- 5.- Xestionar, coa Administración Autonómica, a acción de policía sanitaria de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana, especialmente nos centros de alimentación, perruquerías, saunas e centros de hixiene persoal, hotéis e centros residenciais, escolas, campamentos turísticos e áreas de actividade físico-deportivas e de lecer.
- 6.- Colaborar coa Administración Autonómica nas campañas de vacinación escolar.
- 7.- Fomentar a educación sanitaria dos consumidores e empresarios en materia de consumo e hixiene alimentaria.
- 8.- Manter contacto permanente cos órganos das restantes Administracións Públicas que desenvolvan e exerzan funcións relacionadas coa saúde, a hixiene dos alimentos, a salubridade pública e a protección ó consumidor.
- 9.- Información aos consumidores e usuarios. Recepción, tramitación e resolución a través da Oficina Municipal ó Consumidor (OMIC) das consultas e reclamacións relacionadas cos bens, produtos e servizos postos á súa disposición dentro do ámbito das súas competencias e a remisión destas, no seu caso, ás entidades ou organismos competentes.
- 10.- Edición de publicacións dirixidas aos cidadáns para lles subministrar información sobre temas relativos á saúde.
- 11.- Dirixir, impulsar e procurar a mellora dos medios do Laboratorio Municipal, sen prexuízo das funcións propias do Técnico Superior responsable.
- 12.- Inspeccionar os aspectos sanitarios vinculados ás actividades relacionadas cos servizos funerarios e cemiterios no ámbito da competencia municipal.
- 13.- Instruír e resolver os expedientes sobre transmisión de panteóns, nichos, cinceiros.
- 14.- Instrución e resolución dos expedientes de solicitude de autorización para o exercicio da actividade funeraria dentro do termo municipal de Vigo, agás as que se refiren ó exercicio de dita actividade con establecemento.

c) En materia de Xuventude:

- 1.- Elaborar, propoñer e desenvolver a política municipal e os plans ou programas de actuación en materia de Xuventude.
- 2.- Revisión e valoración continuada das necesidades xuvenís en colaboración coas demais Administración Públicas competentes.
- 3.- Promoción de estándares de calidade de vida e saúde na xuventude.
- 4.- Promoción da igualdade de oportunidades nos mozos e mozas.
- 5.- Promoción do asociacionismo xuvenil.
- 6.- O desenvolvemento de actuacións que faciliten o acceso da xuventude á información, documentación e asesoramento en materias do seu interese.
- 7.- Calquera acción ou decisión relacionada coas políticas de desenvolvemento, promoción xuvenil e a súa integración no mundo laboral e social.

VIII.- ÁREA DE DEPORTES, corresponderalle as atribucións que, a continuación se citan:

- 1.- O deseño, programación, desenvolvemento e execución da política deportiva municipal mantendo, ó efecto, relación con organismos, clubs, entidades e institucións públicas e privadas para a correcta execución de dita política.
- 2.- O apoio e promoción das asociacións deportivas en coordinación coa Fundación Vigo en Deporte (VIDE), ostentando a Presidencia Delegada do Padroado deste ente.
- 3.- A Presidencia do organismo autónomo municipal “Instituto Municipal de Deportes” (IMD) coa totalidade das competencias que os Estatutos recoñecen a ese órgano.
- 4.- Dirixir e xestionar as actuacións necesarias para o mantemento e conservación das instalacións deportivas municipais non adscritas ó IMD, en especial o Estadio Municipal de Balaídos propoñendo con referencia ó mesmo as actuacións axeitadas que se estimen convenientes que deberán ser estudadas e debatidas no seo da correspondente comisión.
- 5.- Formular un Plan de Investimentos en infraestruturas deportivas tramitando os expedientes que del se deriven efectuando o seguimento das obras.
- 6.- A execución, coordinación e tramitación dos expedientes relativos á contratación administrativa, axudas, subvencións e convenios relativos á promoción e práctica do deporte.
- 7.- Coordinar a actividade deportiva municipal cos clubs e entidades deportivas existentes no Municipio.

IX.- ÁREA DE DISTRITOS, PARQUES, XARDINS, LIMPEZA E COMERCIO, corresponderanlle as atribucións que, a continuación se citan:

a) En materia de Distritos:

- 1.- Elaborar os estudos precisos para que dende a racionalidade organizativa municipal, homoxeneidade demográfica, localización física do territorio e eficacia administrativa se propoña no seu día ao Pleno do Concello a división territorial do termo municipal en Distritos que faciliten, a través dos seus respectivos órganos, a xestión desconcentrada dos asuntos municipais, todo elo sen prexuízo de establecer en posteriores resolucións os mecanismos de coordinación e posta en marcha que, no seu caso, resulten necesarios.
- 2.- Froito do estudo referido no primeiro punto, e en coordinación co resto dos asuntos das distintas áreas que se estimen necesarios desconcentrar, facer chegar aos cidadáns os servizos locais.
- 3.- Servir de canle de comunicación das diferentes áreas delegadas recollendo, distribuindo e facendo o seguimento das informacións, queixas e suxestións que as comunidades veciñais, cidadás, demais colectivos de barrios e parroquias dos ámbitos urbanos e periurbanos desexen facer chegar ao Concello.

b) En materia de parques e xardíns:

- 1.- Elaborar e propoñer ao órgano competente a súa aprobación e, posteriormente, dirixir e xestionar un Plan Director de Melloras para a Xestión e Conservación dos Parques, Espazos libres e Zonas Verdes.
- 2.- Elaborar e propoñer ao órgano municipal competente -Pleno do Concello- a aprobación dun Regulamento de Protección de Zonas Verdes e Espazos Naturais no que se prevexan as accións necesarias para a defensa das zonas verdes urbanas e periurbanas, das árbores e das especies vexetais nas rúas, prazas e demais bens que integran o dominio público municipal.
- 3.- Manter actualizado o catálogo de zonas verdes e espazo naturais existentes no Concello.
- 4.- Dirixir e xestionar as actividades e servizos do Viveiro Municipal.
- 5.- Inspeccionar permanentemente o funcionamento dos servizos de mantemento de parques e xardíns que sexan xestionados indirectamente por empresas concesionarias ao obxecto de garantir a súa prestación de acordo co previsto nos Pregos de Condicións que rexen no contrato.

c) En materia de limpeza, recollida e xestión de RSU.

Inspeccionar, controlar e xestionar todo o relativo a:

- 1.- Recollida selectiva (papel, cartón, envases, plásticos, vidro, etc.)
- 2.- Recollida de R.S.U.
- 3.- Limpeza viaria e de praias.
- 4.- Instalación, mantemento e reposición de colectores e papeleiras.
- 5.- Traslado á pranta de transferencia de Guixar e transporte a SOGAMA dos RSU e

residuos de envases.

- 6.- Limpeza de camiños no rural e de fincas municipais.
- 7.- Mantemento da estación Biogás e a superficie da cuberta do vertedoiro do Zondal.
- 8.- Inspeccionar permanentemente o funcionamento dos servizos de mantemento que sexan xestionados indirectamente por empresas concesionarias ao obxecto de garantir a súa prestación de acordo co previsto nos pregos de condicións que rexen no contrato.

d) En materia de Comercio:

- 1.- Dirección das actuacións en materia de promoción, fomento e desenvolvemento do pequeno e mediano comercio da cidade, principalmente en canto a formación, asociacionismo, etc. así como a xestión das axudas destinadas a estes fins.
- 2.- A interlocución coas Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Vigo.
- 3.- O impulso das actividades feirais.
- 4.- Promover a participación institucional do Concello en feiras, exposicións e certames.
- 5.- O impulso e a xestión dos Mercados Municipais.
- 6.- A tramitación, impulso e instrución do expediente de contratación da xestión indirecta do Mercado do Progreso e posta en marcha do proxecto funcional do Mercado Municipal do Berbés.

X.- ÁREA DE EDUCACIÓN, corresponderalle as atribucións que a continuación se citan:

- 1.- Promover a cooperación coas Administracións educativas co obxecto de lograr unha maior eficacia dos recursos destinados a educación. Elevar, a través do Consello Escolar Municipal, as propostas que considere oportunas para un mellor funcionamento e calidade do sistema educativo. Intervir, por medio dos representantes municipais, nos consellos escolares de centro e nas comisións económicas, para mellorar a vida escolar e colaborar na atención das demandas da comunidade educativa.
- 2.- Planificar, dirixir e xestionar as accións precisas para garantir a conservación, mantemento, vixilancia, limpeza, abastecemento de auga, saneamento, luz e calefacción dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil, primaria e especial propiedade do municipio.
- 3.- Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, en colaboración coa área de benestar social e intervenir na programación das bolsas e axudas para escolares que acorde o Concello.
- 4.- Cooperar coa administración educativa na creación, construción e sostemento dos centros públicos, impulsando e coxestionando en colaboración co Servizo de Patrimonio e a Xerencia Municipal de Urbanismo, a posta a disposición ou cesión de terreos para as novas construcións educativas.

- 5.- Impulsar a realización de actividades extraescolares nos centros públicos, así como o establecemento de comedores e programas de acollemento de mañá no colexio ou escola e, en xeral, todas aquelas actividades que melloren a compatibilidade da vida laboral e familiar de pais e nais e permitan unha vida máis feliz a nenas e nenos.
- 6.- Potenciar a utilización das instalacións escolares fóra de horario lectivo e supeditadas á programación de actividades dos centros, para o seu uso deportivo, cultural, social e/ou educativo.
- 7.- Fomentar a participación de nais e pais na escola e apoiar á comunidade educativa de cada centro.
- 8.- Facilitar a todos os colexios e escolas de Vigo programas que melloren o coñecemento e a interrelación co contorno socioeconómico e natural no que desenvolven o seu labor educativo, fomentando a asunción dunha cidadanía activa. Coordinar cantas intervencións educativas acometan outras áreas municipais, en orde á dotalas de coherencia e economía de medios e integralas baixo a concepción de Vigo como cidade educadora.
- 9.- Promover, dirixir e xestionar as escolas infantís municipais, especialmente de primeiro ciclo, en convenio coa Comunidade Autónoma. Ordenar o proceso de acceso, baremación e matriculación, así como aprobar as listas de admisións de alumnado para cada período.
- 10.- Dirixir e xestionar as escolas municipais de música e teatro, así como aquelas outras que o Concello considerase necesario crear, baixo este nome e ámbito ou outro. Ordenar o proceso de acceso, baremación e matriculación, así como aprobar as listas de admisións de alumnado para cada período.
- 11.- Diseñar, dirixir e xestionar accións formativas dirixidas á alfabetización de persoas adultas.
- 12.- Impulsar accións de orientación académica e profesional, especialmente no que se refire ás distintas opcións educativas, así como á mellor coordinación cos programas de inserción laboral que promova a correspondente área do Concello e os programas de garantía social.
- 13.- Cooperar coas outras administracións con competencias educativas na creación e xestión de unidades de formación do profesorado e centros de recursos de ámbito inferior á provincia.
- 14.- Promover a firma de convenios de colaboración coa Universidade de Vigo para a realización dos programas de investigación en materias propias da área e sobre Vigo como cidade educadora. Establecer convenios de colaboración con outras entidades locais e entidades sen ánimo de lucro para promover en conxunto programas educativos ou de mellora da xestión das competencias municipais nesta área.
- 15.- Establecer, a través da propia Concellería, ou en colaboración con outras entidades premios e concursos de carácter municipal destinados a alumnos, profesores e

centros escolares.

- 16.- Xestión da Escola Municipal de Danza: programa de ensino, xestión da matrícula da escola e alumnado, actividades complementarias, etc.
- 17.- Ostentar a Presidencia do “Organismo Autónomo Municipal da Escola de Artes e Oficios”, dirixindo e xestionando, de acordo cos Estatutos, os servizos e actividades que presta e realiza.
- 18.- Ostentar a Presidencia do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV).

Cuarto.- Así mesmo, os concelleiros/as delegados/as de cada Área e demais delegados ostentarán pola miña delegación, ademais das atribucións delegadas no apartado anterior, as seguintes:

- 1.- A dirección, xestión, organización, planificación e coordinación da actuación na área a fin de acadar os obxectivos previstos incluso a redistribución de efectivos do persoal adscrito ós postos non singularizados da súa Área dando conta ao concelleiro delegado de Área de Xestión Municipal.
- 2.- Cumprir e facer cumprir as ordes emanadas da Alcaldía, as ordenanzas e regulamentos municipais e, en xeral, todas as disposicións legais que afecten ás competencias da súa área.
- 3.- Promover a implantación, actualización ou modificación das ordenanzas e regulamentos relativos ás competencias na súa área redactando o correspondente proxecto normativo.
- 4.- A sinatura de documentos de trámite, propostas de resolución, comunicacións e a orde e visto e prace das certificacións que se dirixan a autoridades, organismos públicos ou cidadáns nas materias relacionadas coa súa área.
- 5.- Decretar a incoación de expedientes en materias relacionadas coa Área sinalando o funcionario encargado da súa tramitación, impulsando a instrución completa e adecuada dos mesmos e procurando a súa resolución en prazo, adoptando as medidas provisionais precisas que se estimen oportunas e ordenando, no seu caso, a mellora das solicitudes presentadas e a acumulación daquelas que garden identidade substancial nos termos previstos na Lei.
- 6.- Incoación, tramitación e resolución de cantos expedientes deriven do exercicio da potestade sancionadora que lle fosen legalmente atribuídos a esta Alcaldía.
- 7.- Solicitar en tempo e prazo, os informes ou ditames que se estimen precisos para a adecuada instrución e resolución do expediente.
- 8.- Acadar a inadmisibilidade e arquivo de actuacións nas solicitudes ou denuncias nos supostos previstos na lexislación vixente.
- 9.- Elevar á Alcaldía, á Xunta de Goberno Local ou á Comisión Delegada do Pleno que corresponda, segundo cal sexa o órgano competente, os expedientes tramitados e conclusos conformando, mesmo en vía de urxencia, o informe-proposta que, en todo caso, para resolver, e cos extremos sinalados no art. 175 do RD 2568/1986, deberá

constar no mesmo.

- 10.- Decretar o arquivo dos expedientes que se refiran a materias propias da competencia da Área e aparezan ultimados en todos os seus trámites.
- 11.- A resolución dos recursos de reposición e extraordinarios de revisión que poidan interpoñerse contra acordos adoptados no exercicio das atribucións delegadas.
- 12.- Propoñer á Concelleira Delegada da Área de Economía e Facenda, mediante escrito remitido en tempo e forma, a consignación das partidas orzamentarias precisas para o adecuado funcionamento e planificación dos obxectivos da Área para cada anualidade ós efectos da súa consideración e inclusión, no seu caso, no proxecto de orzamentos de gastos do Concello.
- 13.- Propoñer á concelleira delegada da Área de Economía e Facenda a incoación de expedientes de modificación orzamentaria cando haxa de se realizar algún gasto que non se poida demorar ata o exercicio seguinte e non exista no orzamento crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado.
- 14.- Propoñer ao órgano municipal competente a formulación de solicitudes e a aprobación dos proxectos que se prevexan en convocatorias públicas de calquera Administración e/ou Institución pública estatal, provincial, autonómica ou europea en orde á participación en Plans ou Programas de colaboración e cooperación económica, técnica ou administrativa para o impulso de servizos locais ou outros asuntos de interese municipal.
- 15.- Propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación das bases específicas reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axuda municipal destinada ao fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a proposta de resolución dos expedientes incoados.
- 16.- Propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación de convenios de colaboración que deban subscribirse con particulares ou entidades privadas e que teñan por obxecto a concesión dunha subvención municipal que financie en parte unha iniciativa, proxecto ou actividade de interese público municipal que complementa os servizos municipais.
- 17.- Propoñer ao órgano municipal competente a aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividades e/ou servizos de competencia municipal que se realicen para a dirección e impulso das Áreas.
- 18.- Propoñer ao órgano competente a aprobación dos convenios de colaboración que se deban formalizar con outras Administracións Públicas e organismos públicos dependentes ou vinculados ás mesmas en orde á consecución de fins de interese común xeral.
- 19.- Coordinar a actuación dos servizos adscritos á súa Área ditando respecto dos mesmos as resolucións que afecten a terceiros.
- 20.- Prestar a súa conformidade ás certificacións de obras ou a calquera outro documento xustificante da entrega de subministracións ou de prestación de servizos ou asistencias técnicas relacionadas directamente coa xestión da súa Área.

Quinto.- As atribucións e facultades que para as distintas Áreas se establecen na

presente Resolución referidas a unha materia ou sector de actividade enténdense outorgadas sen prexuízo daquelas outras non especificadas que sexan necesarias para unha correcta planificación da Área e para a consecución dos obxectivos e fins xerais dese ámbito.

Sexto.-As presentes delegacións fanse sen prexuízo das especiais que se poidan acordar en calquera Concelleiro/a ou membro da Xunta de Goberno Local relativas a proxectos ou asuntos determinados que poderán conlevar a facultade de emitir actos que afecten a terceiros, conforme ó establecido no artigo 43.5.a do RD 2568/1986.

Sétimo.- Deixar sen efecto calquera Resolución anterior que teña sido ditada pola Alcaldía sobre delegacións de atribucións en concelleiros/as.

Oitavo.- As facultades que poderán exercer os concelleiros/as delegados/as e demais delegados/as en relación coas atribucións obxecto de delegación serán as que correspondan ao órgano delegante reservándose, non obstante, esta Alcaldía, conforme co establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de avocar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

Noveno.- As resolucións administrativas que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas polo órgano delegante.

Décimo.- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 a 118 do RD 2568/1986, agás no relativo aos recursos de reposición ou extraordinarios de revisión que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados que serán resolto polos propios delegados de Área.

Décimo primeiro.- Esta Alcaldía deberá recibir información detallada da xestión das competencias encomendadas e dos actos ditados en virtude das delegacións conferidas, así mesmo deberá ser informada previamente á adopción de decisións de transcendencia.

Décimo segundo.- Notificar a presente Resolución a todos os concelleiros e membros da Xunta de Goberno Local afectados.

Décimo terceiro.- Comunicar a presente Resolución aos xefes das diferentes Áreas e Servizos Municipais para o seu coñecemento e efectos.

Décimo cuarto.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986.

Décimo quinto.- Da presente Resolución de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación aos efectos de que quede informado da mesma.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO

REGULAMENTO DO PLENO.

3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non se realizaron.

4.- MOCIÓNS.

4.1(156).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A RECUPERACIÓN DAS CASETAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA EN LUGARES EMBLEMÁTICOS DA CIDADE E NAS TERMINAIS DE TRANSPORTES COLECTIVOS. EXPTE. 927/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de agosto de 2014, número 927/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Álvarez Pérez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Grupo Municipal do PP mantén que o turismo é unha peza fundamental para o desenvolvemento da cidade de Vigo. A promoción e a información turísticas constitúen un eixo importante nese senso.

O Grupo Municipal do Partido Popular xa reclamou, en varias ocasións, a necesidade de modernizar a sinalización turística da cidade co fin de que os visitantes que chegan a Vigo poidan coñecer onde se atopan os lugares máis relevantes e atractivos.

Outra peza fundamental son os puntos de información turística nos que se poidan resolver as dúbidas dos visitantes. Soamente hai un punto de información municipal na cidade, claramente insuficiente.

Por todo elo propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Que o goberno municipal adopte a decisión de recuperar as casetas de información turística en lugares emblemáticos da cidade e nas terminais dos transportes colectivos: ferrocarril, avión, etcétera”

Con data 21 de xullo de 2014, a Comisión Informativa de Industria, Comercio, Turismo e Pemes ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Presentamos esta moción para demandar a apertura, instalación, acondicionamento das casetas, quioscos, postos de información turística da cidade, que existían en puntos estratéxicos, en enclaves emblemáticos, estamos a falar do Aeroporto, da estación de tren, da praza de España, da praza do Rei, actualmente só queda un aberto o da estación de Monteros Ríos, e estes postos son importantes porque nos permiten informar aos turistas, promocionar a cidade, temos aos turistas, a min dóeme na alma cando os vexo perdidos como zombis que non saben que facer, non saben a onde ir, é importante o poder acoutar este tipo de situacións.

Presentamos esta moción en setembro para que se dean conta da importancia que é desestacionalizar o turismo, é dicir, o turismo non só ten que existir en xullo e en agosto, o turismo ten que existir os 365 días do ano nesta cidade e iso podémolo facer co esforzo de todos. O turismo representa o 11% do valor engadido bruto na cidade de Vigo, en Pontevedra, na provincia, representa o 14%, estamos a tres puntos, eses tres puntos temos que recuperalos e para iso é vital emprender este tipo de accións. Entendemos que o que é a apertura dunhas casetas de información turística é algo relativamente sinxelo, nós levamos xa moitas propostas ao longo destes tres anos e pico, entendemos que isto é algo sinxelo para que o poidan acometer, sabemos que só quedan uns meses para que deixen o goberno, pero aínda así lles pediríamos que intenten facer algo positivo nese sentido.

Estas casetas de información turística serven tamén para promocionar os nosos grandes eventos, grandes eventos que practicamente non existen nesta cidade, igual debería explicar tamén por que? Serven para promocionar as nosas exposicións internacionais, case non hai, serven para promocionar e informar acerca dos congresos internacionais que tamén practicamente non hai, como todo, é dicir, acordos que fan con cidades a destempo a nivel de promoción, é dicir, dan a sensación de que queren destruír o turismo nesta cidade, pero resístome a pensar iso, a que lle queren facer dano a esta cidade. Xa non nos vale a frase “non fixemos os deberes”, non estamos agora para discursos baleiros neste sentido, é

hora, tarde por certo, de moverse e facer algo nese sentido, porque non podemos esperar mais a que fagan algo.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Libros de texto gratuítos para os rapaces, non, centros de saúde, non, médicos pediatras, non, casetas de información si, imos polas casetas de información.

De verdade, con todo o respecto, case podíamos utilizar as casetas para repartir os libros de textos dos nenos, para repartirlles os medicamentos e demais. Vostede acaba de dicir, eventos importantes nesta cidade non hai, exposicións importantes non hai, planificación turística non hai, cousa na que podemos estar de acordo, para que queremos informar? De que imos informar aos turistas? Para que queremos as casetas de información?

A verdade e que me parece cando menos frívola esta moción, e vou explicar por que, primeiro porque a planificación turística dunha cidade non é o fundamental as casetas de información, vostede citaba certos puntos e eu pódolle dicir que hai certos puntos da cidade que se ten comprobado estatisticamente que non chegaban ós usuarios, e de feito houbo algunhas destas casetas que deixaron de funcionar porque as estatísticas nos dicían que as casetas de información teñen que estar onde están os fluxos dos visitantes que veñen. Dicir que os turistas que veñen andan como zombis paréceme un pouco esaxerado, entre outras cousas porque creo que eles si se decatán das cousas, ao mellor os do Bloque Nacionalista Galego non nos decatamos pero seguro que os turistas que veñen a nosa cidade se se decatán das cousas.

O importante non son as casetas, o importante, e está aquí o Concelleiro de Turismo, é a planificación turística que nesta cidade e niso si concordo, está moi por debaixo do nivel que tiña que estar nunha cidade como a de Vigo.

Funciona o fluxo turístico independentemente dos esforzos, que non os estamos vendo do Goberno Local porque Vigo por si, xa ten unha serie de fluxos turísticos, chámense a través da chegada dos cruceiristas, da nosa gran marabilla que se chama as Illas Cíes, etc.

Hai un centro de información de recepción aos visitantes, un dos máis modernos de toda España, e non é por falsa modestia, pero é certo que deixou feito o Bloque Nacionalista Galego, ese centro de recepción de visitantes, logo complementado co

centro de interpretación, iso é o que temos que potenciar, temos que encher de contido ese centro, pero temos que enchelo de contido con planificación turística. Nós non imos apoiar esta moción, ímonos abster entre outras cousas porque se é certo que no ferrocarril, no aeroporto deberíamos ter información turística, pero non o podemos apoiar porque o máis importante nunha planificación turística non son as casetas de información, é precisamente que haxa información que dar aos visitantes porque iso suporía que hai unha planificación turística e que se poñen en valor non só os atractivos de que por si xa o teñen senón outros atractivos, por exemplo, non se está poñendo en valor a gran infraestrutura que hoxe Vigo ten a nivel cultural, chámense museos, non se están poñendo en valor. A pinacoteca, non se informa en ningún sitio de que temos a colección de cadros máis importante de pintura contemporánea galega que existe no mundo, non se está poñendo en valor, non se poñen en valor tódalas musealizacións que se teñen feito nos últimos anos, chámase O Castro, Toralla, a ver se agora con ese novo centro que nos felicitamos porque por fin esta ese centro de interpretación na “Villa de Toralla”, non se está poñendo en valor, non se pon en valor o atractivo que noutros momentos Vigo tiña de ocio e de lecer. Non se pode poñer, nin informar porque por exemplo, se falamos de festas e de grandes eventos neste verán non houbo absolutamente nada. Polo tanto, nós pensamos que esta moción é frívola porque o que hai que esixirlle a este Goberno Municipal e así llo esixe o Bloque Nacionalista Galego e que haxa unha verdadeira planificación turística nesta cidade, planificada no tempo, poñendo en valor aqueles recursos que xa a cidade ten e despois informar deles nos puntos máis axeitados.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Eu creo que si hai planificación, porque seguimos a folla de ruta que o Sr. Domínguez Olveira, como responsable da área de Turismo na anterior lexislaturas fixo, e seguimos, non só esa folla de ruta a través do Plan de Competitividade turística que xa rematou, senón que puidemos salvarlo o que estaba case paralizado totalmente.

Polo tanto, si hai esa folla de ruta, que eu creo que é unha boa folla de ruta trazada na anterior lexislatura e a seguimos ata que o Plan concluíu.

Eu creo que a proposta que fai o Partido Popular a través desta moción é un pouco antiga, eu creo que o tema das casetas utilizando o nome que se utilizou na

moción, xa non hai un modelo de información de casetas, é un modelo totalmente superado. Hoxe hai que votar man das tecnoloxías e harmonizar o modelo clásico das casetas a través dunha información directa con o usuario, con outra información especializada.

En primeiro lugar, permítame dicirlle que se equivoca, hai dous puntos de información turística dependendo deste Concello, un o Centro de Recepción de Visitantes magnífico exemplo do que se realizou na anterior lexislatura, o centro máis moderno de Galicia, sen algunha dúbida, e de gran utilidade, e outro o que existe na planta décima deste Concello. Ademais existen outros puntos de información, a parte do autonómico, por certo, levamos tres anos reclamando da responsabilidade máxima de turismo de Galicia que podamos xestionar conxuntamente os dous puntos de información turística, porque neste momento é un sen sentido a dispersión de recursos que existe para informar do mesmo, aínda que haxa algunha competencia diferente. Outra cousa da que non se debe esquecer vostede, que é que Vigo como Concello ten as competencias que ten que é para información turística do ámbito municipal.

Polo tanto, hai ámbitos de información turística que están fora do ámbito local, e polo tanto, non lles corresponde a estes puntos, refírome que se no Aeroporto ten que haber un punto de información turística que xa existía, ese punto non pode ser competencia deste Concello porque aí se trasladan viaxeiros cuxo punto de interese non so é Vigo, senón outros ámbitos da provincia e da comunidade. Igual pasa na estación de ferrocarril, e en menor medida no ámbito da estación de autobuses.

Polo tanto, son ámbitos que non lle corresponde ao Concello de Vigo poñer puntos de información turística aí porque o viaxeiro xa non só lle interesa o ámbito de Vigo ex profeso e si que lle corresponde como recoñece a propia Deputación, instalando e volvendo a instalar o punto de información turística da Deputación.

Simplemente comentarlle que ademais destas dúas oficinas de información turística temos outras a través de convenios privados, convenios da información turística de cruceiros, cunha empresa privada, cos taxis, da información de turismo a través de Convention Bureau na propia estación marítima, etc. e a nosa idea e seguir aumentando estes puntos de información conveniando con puntos estratéxicos doutros ámbitos por exemplo, do comercio de Vigo, onde realmente se

poden converter en elementos esenciais da información turística de Vigo e do seu entorno.

Polo tanto, si que realmente non só centralizamos neste punto, xa o fixo a anterior lexislatura senón que desenvolvemos puntos diferentes coa iniciativa privada como por exemplo a información turística que desenvolve a empresa privada na estación marítima, punto esencial para o tema da recepción de visitantes que o fan a través de cruceiros.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Sr. Domínguez, ten unha habilidade innata para enfangarse, a ignorancia non é un delito, de sabios é rectificar e de necios perseverar no intento. Como se pagan os libros e os hospitais neste país? Leccións básicas de economía, a través da actividade económica, e esta actividade económica que xera ingresos a través dos impostos obtense o estado de benestar.

É algo bastante simple, así que lle pediría por favor que non se “cachondee”, que é o que fixo dos hostaleiros, dos camareiros, de todas aquelas persoas que traballan cara o turismo, porque frivlizou totalmente nesta moción e o fixo, e riuse de todos. A continuación voules ensinar a folla de ruta que planificaron vostedes, é esta, unha folla en branco, esta é a súa folla de ruta de cara o turismo e nela realizaron unha cronoloxía exhaustiva ao longo destes tres anos e medio, isto é arte, auténtico arte.

Sr. Rodríguez Escudero, tecnoloxía, fala que hoxe en día as casetas non teñen sentido porque o turista, sobre todo o estranxeiro que ven aquí, claro como hai tarifas de rooming de datos o máis habitual é utilizar esas tarefas que saen caras para obter información e claro como temos unha extensión moi ampla de wifis gratis públicas nesta cidade, poñemos toda a facilidade para que os turistas se poidan conectar, iso non é viable, Sr. Rodríguez Escudero, vostede, eu, todos cando imos ao estranxeiro de visita non podemos utilizar eses medios por unha cuestión de custe, por iso as casetas, ao método tradicional que son tan importantes.

Despois tamén me gustaría que me contara como se acceda á planta décima polo tarde, para ter información turística iso tamén sería bastante importante, nós fixemos máis de vinte propostas ao longo destes tres anos e pico en turismo, non entendemos porque non nos fixeron caso en ningunha e sabe que para o turismo si teñen competencias porque teñen que empezar a traballar na infraestrutura

turística, teñen que seguir traballando na dotación de servizos, en tódalas actividades que proporcionan eses servizos, na promoción e na explotación da nosa ría, da nosa auga, da nosa gastronomía, dos nosos montes, turismo industrial que tamén existe importante, elementos tractores vinculados ao comercio que se esqueceron por completo, hai moitas cousas e nós sempre lles ofrecemos a nosa axuda.

Nós xa temos ultimado o Plan director de turismo que me gustaría sentarnos con vostedes para que podamos poñelo en práctica antes de que en xuño empecemos a gobernar e teñamos algo sobre a mesa no que poder traballar.

PRESIDENCIA: O de que gobernan a partir das eleccións seguinte quedoulle fora de tempo.

VOTACIÓN: Con once votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, once abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 16.07.2014 (Rex. Nº 927/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Álvarez Pérez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.2(157).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

MANIFESTANDO A VONTADE DESTA CORPORACIÓN PARA QUE SE ADOPTEN MEDIDAS LEGAIS QUE GARANTAN QUE A LISTA MAIS VOTADA NAS ELECCIÓNS LOCAIS EXERZA A ALCALDÍA. EXPTE. 956/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de agosto de 2014, número 956/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O artigo 140 da Constitución establece: “A Constitución garante a autonomía dos municipios. Estes gozarán de personalidade xurídica plena. O seu goberno e administración correspóndelles ós seus respectivos concellos, integrados polos alcaldes e mailos concelleiros. Os concelleiros serán elixidos polos veciños do municipio mediante sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto, na forma establecida pola lei. Os alcaldes serán elixidos polos concelleiros ou polos veciños. A lei regulará as condicións nas que proceda o réxime de concello aberto.”

Polo tanto, dende este grupo municipal consideramos que debe reforzarse a lexitimidade democrática e representativa dos alcaldes, polo que elevamos ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Manifestar a vontade desta Corporación Municipal de que se adopten as medidas legais oportunas que garantan o respecto á vontade maioritaria dos cidadáns, de tal xeito que a lista máis votada nas Eleccións Locais exerza a alcaldía.”

Con data 1 de setembro de 2014, a Comisión Informativa de Xestión Municipal ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SR. FIGUEROA VILA: Hoxe traemos a Pleno unha moción que consideramos importante para o futuro do noso país, de Vigo e para o futuro de tódolos veciños/as e concidadáns. Trátase de facer unha reforma electoral cunha serie de medidas que garante que a lista máis votada nas eleccións locais exerza a Alcaldía. Este debate é vello, eu teño aquí algúns recortes onde xa no ano 2004 o Partido Socialista cun slogan “merecemos unha España mellor” falaba na súa páxina 33 de elección directa dos Alcaldes, despois no ano 2011 tamén o propuxo dentro do seu

programa electoral “reformaremos o sistema electoral para garantir unha democracia máis representativa, proporcional, transparente e aberta”, e tamén o Partido Popular, nas últimas eleccións xerais, contemplaba esta opción a través da páxina 74 no seu punto 9 “promoveremos a reforma do sistema electoral municipal para respectar a vontade maioritaria dos veciños garantindo ao mesmo tempo a estabilidade dos concellos”.

Polo tanto, os dous partidos maioritarios deste país, xa entenden nalgún momento determinado que esta reforma de elección directa dos alcaldes polos cidadáns é positiva, necesaria e afirma que é o verdadeiro sentido da democracia que governe o que teña máis votos, é dicir, aqueles que teñan os votos suficientes para poder facelo, que gobernen e que tamén os cidadáns coñezan antes das votacións que partidos e que coalicións representa cada un das listas que se presentan ás eleccións xerais, ou neste caso municipais ou calquera outro tipo de eleccións.

Por iso, o Partido Popular propón esta reforma electoral, para cumprir unha parte do noso programa pero volvo repetir, que este tema non só é do Partido Popular senón que no ano 2004 e 2011 o Partido Socialista fixo esta proposta.

Os que lembramos a historia desta cidade e só fai falla darlle uns anos para atrás, aquí nesta cidade sucederon moitas cousas por non ter as veces a estabilidade para poder gobernar en solitario e para poder exercer a maioría dos votos, eu creo que un dos grandes problemas que tivo esta cidade se a comparamos con outras é que mentres en outras houbo estabilidade para poder gobernar nesta cidade por diversos avatares, que non vou a entrar agora neles, pero si que se produciu unha situación de desestabilidade onde a cidade as veces non avanzaba por esas diferencias, vostedes acordaranse que houbo un pacto no seu momento co Sr. Víctor Moro e compañía, lembraranse vostedes que aquí un alcalde foi forzado a marchar porque o outro grupo non querían que fora alcalde, como foi o Sr. Soto que tivo que deixarlle o sitio ao Sr. Príncipe para marchar, despois houbo unha moción de confianza porque unha parte do goberno non apoiaba á outra parte e houbo unha moción de confianza, e a partir de aí houbo unha serie de estabilidades que o que tiña a lista máis votada non gobernaba e iso se reflicte en tódalas municipais do 2003, onde o Partido Popular sempre obtivo a maioría de votos, preto da maioría absoluta, no ano 2007 sucedeu igual, no ano 2011 sucedeu igual.

Polo tanto, nós entendemos que é unha forma de darlle estabilidade a aquela lista

que sexa a máis votada, e o que se pretende agora é facer unha proposta dun debate aberto, onde cada un poida facer as súas propostas para poder quitar adiante este tema. Eu creo que debería ser un tema de consenso de tódolos grupos políticos porque é unha cuestión que ao final quen se vai a ver beneficiado é o veciño/a que vai ter a persoa que o representa, a persoa máis votada e isto xera confianza, estabilidade política, o que pasou agora neste mesmo mandato onde vostedes conseguiron a Alcaldía con tres concelleiros do Bloque Nacionalista Galego e a partir de aí o Bloque Nacionalista Galego non lle deu tódalas maiorías de tódolos anos.

SRA. VELOSO RÍOS: Atopámonos con esta proposta do Partido Popular que si efectivamente está recollida no programa electoral porque sabemos ben que o Partido Popular está buscando reforzar todo o que poida as súas maiorías e conseguir coas reformas lexislativas o que non consegue nas urnas, democraticamente.

Está facendo unha proposta que é precisamente unha anomalía no sistema electoral, porque é unha anomalía a elección directa dun órgano unipersoal, neste caso para reforzar un órgano unipersoal, para reforzar as competencias e os poderes dun alcalde, algo que por certo lles molesta moito cando o alcalde non é dou seu partido e critican de maneira frecuente, cando non é do seu partido, pero que lles parece moi democrático cando é do Partido Popular. Cando o alcalde ten máis poder sendo do Partido Popular a vostedes lles parece moi democrático.

O que están propondo é que os votos duns cidadáns vallan máis que os de outros, e que vallan máis os votos dos seus votantes, iso é o que están propoñendo.

Despois xa de trinta anos de manter no Estado español certos elementos básicos do sistema electoral, vostedes non se preocupan de corrixir os problemas de proporcionalidade que existen no sistema electoral actual, vostedes do que se preocupan é de reforzar as súas posibles alcaldías. Ademais utilizando argumentos que son falsos porque utilizan intencionadamente as palabras dunha maneira equívoca. Cando vostedes falan do que teña a maioría, non se corresponde coa proposta que vostedes están facendo, porque un alcalde que teña o 30% dos votos, se ten máis votos que o resto dos candidatos/as tería a alcaldía, exactamente igual que un que tivese o 70% dos votos.

O 30% non é o 51%, o 30% dos votos no é a maioría dunha cidade ou dunha vila, nun concello o 30% non é a maioría e o 40% tampouco, que teña máis votos non confundan intencionadamente, non é o que ten a maioría, non é o que representa a maioría da vontade democrática dos cidadás/ás cando votan nunha seleccións municipais. Están vostedes utilizando as palabras e os argumentos para dicir cousas que non son certas, nesta proposta vostedes non están buscando unha maior proporcionalidade, unha mellor representación da vontade democrática, non están buscando nada diso, están buscando reforzar o papel dos alcaldes e os posibles resultados electorais cos que vostedes contar ter no momento das eleccións municipais do vindeiro ano. Isto é claramente unha tentativa de lexitimación da concesión dun poder absoluto a órganos unipersonais, que evidentemente reforzan o presidencialismo e restan pluralidade e restan participación democrática, que precisamente é o que está demandando a sociedade. A participación democrática, a transparencia e a pluralidade son precisamente ferramentas básicas para loitar cun dos graves problemas para unha boa parte da cidadanía española como é, a corrupción política. Vostede van precisamente polo camiño contrario, menos participación, menos representación da vontade democrática, o Bloque Nacionalista Galego sempre defendeu a representación democrática, a proporcionalidade e que os votos sirvan e vaian todos o mesmo, porque non podemos deslexitimar a uns representantes, a uns cargos públicos fronte a outros, que é o que pretenden facer precisamente vostedes.

Nós opoñémonos rotundamente a esta proposta de reforma da lexislación electoral que fai o Partido Popular porque dende logo para nós, o camiño é absolutamente o oposto, é absolutamente o contrario, o que hai que buscar é unha maior representación da vontade cidadán, e dende logo pretender enganar dicindo que o que teña máis votos representa a maioría non é o camiño para mellorar a proporcionalidade e a representación democrática dos cidadás/ás.

SR. LÓPEZ FONT: Adopta o Sr. Figueroa unha forma tranquila de presentar este tema, fala que é un tema importante e parece como se sempre houbésemos estado de acordo, non saque de contexto, acordo co Partido Socialista ningún porque se falamos de reforma do sistema electoral primeiro, é dende hai trece anos e

segundo, de elección directa nunca e en todo caso de segunda volta, co cal convén deixar isto claro porque non se axusta en absoluto.

Quero anticiparlle que aínda pasen o rolo da maioría parlamentaria este tema o teñen perdido ante os cidadáns porque isto é simplemente unha trampa de última hora, é o símil futbolístico intentar cambiar as regras do xogo no último momento. Nós dixémolo con claridade, non imos entrar nisto, porque vostedes non están pensando nunha proposta democrática, vostedes non están pensando nunha rexeneración democrática, é xustamente o contrario. Sr. Figueroa catro anos de maioría absoluta nestes catro anos significaron o maior desprezo do Partido Popular pola política, incumprimento do programa electoral, tremendos recortes e algo importante que afecta aquí, Lei de Administración Local que baleirou de contido aos concellos e perdéronse os servizos.

Isto que vostede está facendo non é unha proposta política democrática en absoluto, isto non é ter respecto pola democracia Sr. Figueroa, é todo o contrario, porque ademais tampouco sabemos cal é a proposta porque adoptan vostedes a fórmula de globo sonda, é democrático entregarlle a maioría absoluta a quen opten o 40,5% dos votos? Que ese é unha das mensaxes que están enviando, a maioría parécenos que non agás vostedes que intentan outras cuestións.

Mire, de verdade, non lles preocupa a democracia no concepto que todos a entendemos, só lle preocupa o seu interese partidista e esta proposta está en función diso, vostedes aquí intentan resolver os seus problemas internos e blindar os que consideran que son os seus feudos tradicionais, pensando que ao mellor van a obter o mesmo resultado.

O que vostede acaba de dicir e o que propón o Partido Popular invalida todo o discurso de potenciación, rexeneración da democracia e apelación ao acordo dos dous partidos máis importantes, a última hora ten que ser así sen buscar consenso, iso si, para dicir que os demais non se queren sentar a dialogar, vostedes non queren dialogar e hai un factor fundamental nisto, teñen que explicarlle á sociedade, e por iso lle dicía antes que estaba perdido, cal son as presas neste tema. Cantos anos levan vostedes gobernando? Canto tempo hai que fixeron o programa electoral e lémbrense agora de Santa Rita? Isto é certo que o único que buscan é o seu interese partidista porque non hai unha demanda social nin política sobre este tema, todo é absolutamente falso.

Con rotundidade, sabe o que vostedes propoñen? Propoñen unha folla de cálculo, vostedes fixeron unha folla de cálculo sobre a súa situación electoral e partir de aí escribiron como se materializa o manter ou intentar manter as alcaldías por esa folla de cálculo, primeiro calcularon e logo escribiron en función dos seus intereses partidistas. O resultado desta folla de cálculo e desta proposta política é certamente unha vergoña.

Nós dende o Partido Socialista dixemos que non nos sentamos porque non se nos pode facer trampas nun tema tan importante, porque non poden pasar vostedes como pretende facer aquí de que este é un tema menor, de que en ocasións parece que estábamos todos de acordo, para que no momento en que a min me interesa haxa que falar e precisamente e co que eu quero dicir, non, aquí está a coherencia do Partido Socialista, e aquí en termos de líder de municipalismo do Partido Socialista o líder é o Alcalde de Vigo na súa condición de presidente da FEMP. Díxoo claro, e explicouno claro o non e precisamente estano defendendo contra o rolo do Partido Popular na FEMP.

Nós rexeitamos esta forma de actuar tramposa e vostede carecen de todo o que presumen, carecen de demócratas porque é absolutamente falso e están pensando en interese de partido, carecen de sentido de Estado nesta proposta porque unha reforma electoral ten que ser consensuada e non hai que levantarse ata que non obteñamos un consenso e vostede apelou a el, e porque vostedes actúan en intereses estritamente de partido. Cren que están xestionando consellos de administración e estes son consellos públicos.

SR. FIGUEROA VILA: Vostedes teñen un problema e é que nunca foron capaces de gañar as municipais nesta cidade, ese é o gran problema que teñen vostedes. O Bloque Nacionalista Galego xa é de risa, porque que digan que o 10% poden gobernar nesta cidade ou influír nesta cidade, se que o fan pero despois veñen as consecuencias, sabe cales son as consecuencias? Que no último ano non son capaces de pactar o Orzamento e deixan ao Goberno tirado, esas son as consecuencias. Sabe que ten que facer o Partido Popular? Nun xesto de compromiso coa cidade e con vostedes quitar adiante os temas importantes e iso é o que estamos a facer.

A pregunta é, por que o Bloque Nacionalista Galego co 10%, dalle a vostedes a

investidura do Alcalde co 33% e unha forza co 44%, como somos nós, quedamos na oposición? Pois esa é a situación, e aínda a entendería, sería capaz de entender se o Bloque Nacionalista Galego actuase con coherencia, é dicir, vota a un alcalde e continua co alcalde todo o mandato apoiándoo no goberno. Esa é a cuestión, porque Vigo poderíase ter quedado sen Orzamento se non fose polo Partido Popular adquiriu un compromiso, que se está cumprindo ademais razoablemente ben, e dígo publicamente, e creo que iso é moi positivo para a cidade de Vigo, por que? Porque hoxe acábase de aprobar unha contención dos impostos, unha rebaixa dos impostos, estase falando de transporte metropolitano, outras cuestións importantes como poden ser temas relacionados coa depuradora e outras obras, temas de gasto social, etc. iso sería imposible. Ademais o Partido Popular deu uns mecanismos no ano 2004, que foron importantes a Lei de Grandes Cidades se non houbera esta Lei serían ingobernables as cidades, porque sería totalmente imposible nos Plenos da Corporación, como pasou neste Pleno onde se paraban os Plenos dúas horas para negociar o que ía votar un e o outro, isto vivino aquí, empezaban os Plenos as nove da mañá e terminaban as doce da noite e algún concelleiro paraba o Pleno para negociar co Alcalde os asuntos que viñan na orde do día. Que quere que lle diga máis cuestións? Pois esas cousas sucederon nesta cidade, houbo un alcalde que se tivo que ir porque outro grupo político o forzou, democraticamente presentouse e tivo que marcharse para a súa casa, como é o Sr. Soto que o votou o Sr. Príncipe e despois renegou del.

Que máis cousas quere que lle diga? Por iso se quere cambiar a Lei e reformala e queremos facelo con consenso, volvo repetilo, é importante o consenso e vostedes ademais están nesta dirección. Polo tanto, creo que é bo o primeiro paso de sentarse a falar e a partires de aí veremos ata onde as propostas de cada un poden sumar para facer unha proposta conxunta e consensuada.

Iso é o que quere o Partido Popular.

VOTACIÓN: Con once votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e catorce votos en contra dos membros do

grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 26.08.2014 (Rex. Nº 956/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.3(158).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO LOCAL QUE APOIE DECIDIDAMENTE A RECUPERACIÓN DO AREAL DE SAMIL E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 958/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 27 de agosto de 2014, número 958/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O goberno municipal está a piques de adxudicar a explotación da antiga cafetería Jonathan na praia de Samil hasta o ano 2044.

O Grupo Popular considera que dita adxudicación hipotecaría o proxecto de recuperación do principal areal da cidade e impediría, na práctica, a rexeneración da praia, que os expertos consideran absolutamente necesaria e que se inclúe no Plan Xeral en vigor.

No pleno do mes de abril o Grupo Popular presentou unha moción para constituír unha comisión na procura do maior consenso político e cidadán en torno a rexeneración de Samil. Foi aprobada por unanimidade pero aínda non se fixo nada.

Por todo elo propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

“Que o goberno municipal apoie decididamente a recuperación do areal de Samil e a rexeneración do seu entorno”.

“Que se arbitren as medidas oportunas para que as concesións administrativas na praia non impidan a execución de dito proxecto”.

Con data 1 de setembro de 2014, a Comisión Informativa de Fomento ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SR. FIGUEROA VILA: Esta é unha moción que propoñemos e queremos facelo dunha maneira positiva porque estou totalmente convencido, e dígoo así, de que a maior parte dos grupos ou a totalidade dos grupos estamos de acordo coa rexeneración de Samil, por unha cuestión de principios, de histórica e por unha cuestión que ademais nos vai a forzar a natureza, e dicir, que os areas cada día van quedar menos e ao final imos encontrarnos cun problema que non teñamos praia nin area en Samil no futuro.

Por iso, dentro do documento que é o Plan Xeral propúxose a posibilidade da rexeneración de Samil, eu quero dicirlle aos veciños/as que non é que Samil desapareza, porque hai xente que me interpreta que parece que a rexeneración é a desaparición, e non todo o contrario, eu quero explicarlle que é un retranqueo que se fai en primeira liña onde o paseo se leva á zona actual agora mesmo de tránsito e nos 150, 200 metros hai outro vial que será o vial de tráfico normal que está á altura de San Francisco. Esta é a situación, que se fai? Inténtase recuperar tódalas edificacións que hai para a segunda liña e partires de aí, facer a rexeneración. A zona deportiva tamén se situaría noutro lado e polo tanto, niso estamos de acordo todos, en que hai que facer unha rexeneración, que hai que facela paulatinamente, e eu vou facer, quizais a única parte pública que das conversas que tiveren co Alcalde cando foi o pacto ou o acordo de Goberno, onde lle trasladei, díxenlle que estaba preocupado nun día por este tema, estaba preocupado sobre todo polos vencementos das concesións, é dicir, por que? Porque o Camaleón remata no ano 2019, porque o hotel Samil remata no ano 2016, San Remo no ano 2025 e porque o Jonathan o vencemento vai pasar ao 2039. O que propoñemos nós que todos se

leven a mesma data de vencemento, que é o San Remo 2025 e a partir de aí que se poidan chegar a acordos ou prórrogas de contratos coas concesións ata que ese último ano, o 2025 teñamos liberado Samil de todo tipo de edificacións. Iso é o que propoñemos dende o noso grupo, única e exclusivamente porque entendemos que desa maneira non hai que facer indemnizacións, non hai que chegar a acordos con ninguén e segundo se vaia facendo paulatinamente o vencemento desas concesións, evidentemente, vaise facendo igual que se fixo con As Dornas, que por certo, ao marxe, é unha anécdota, eu intervín naquel momento no ano 2006 onde se nos pedía a autorización de obras para a ampliación do prazo do restaurante As Dornas, e denegóuselle, agora non tivo custe ningún e creo que foi moi positivo que As Dornas desaparecesen de aí.

É certo que hai que buscar unha fórmula onde o derribo ou a supresión da actividade en todas estas edificacións se busque unha alternativa para non deixar aos veciños/as que utilizan Samil sen servizo, pero eu creo que isto merece de verdade polo menos unha actitude positiva, merece que se poida estudar.

Eu participei dunha maneira clara na recuperación da duna do Vao, en febreiro do ano 2007 onde se fixo un bo traballo, eu síntome orgulloso dese traballo, que creo que ten que ser algo similar ao que se ten que facer en Samil e polo tanto eu creo que Samil tería mellores condicións, estaría totalmente equipado con infraestruturas, poderíase retranquear o paseo, o areal crecería, creo que son tódalas características que se dan para que todos poidamos estar de acordo.

Polo tanto, nós o que propoñemos é a posibilidade de que o vencemento de tódalas concesións vaian ao ano 2025, cada unha coas características que teñan que ter, dentro da máis estrita legalidade evidentemente, pero parécenos un erro de forma, non digo de fondo, non estamos en contra da adxudicación do Jonathan no concepto como adxudicación, estamos en contra da forma, é dicir, que se ese vencemento se levara ao 2025, gañaríamos tempo cando teñamos que ceder eses terreos para que se recupere, dende o Goberno de España, que nós niso estamos de acordo, que se pidan as consignacións orzamentarias correspondentes para ir facendo as obras paulatinamente, creo que é unha proposta positiva, de consenso, de buscar a colaboración e dende logo non de enfrontamento nin de que nós esteamos en contra do que se quere facer en Samil, senón a favor, pero creo que é un erro levar o vencemento ao ano 2039.

SR. ALONSO PÉREZ: Cando no ano 1982, se ancheou o paseo de Samil e se prolongou ata a praia da Fonte, xa ao Bloque Nacionalista Galego argumentamos que era unha atrocidade ecolóxica meter un paseo polo medio das dunas, daquela alguén atreveuse a dicir que estábamos contra o progreso, hoxe afortunadamente hai outra conciencia ecolóxica e seguramente non se atreverían a dicir tamaña barbaridade.

Eu cando paso por esa zona, que está sepultada pola area e lle comento este feito a algún compañeiro, dime que bárbaros, pero quen foi o bárbaro que fixo iso, está tapado pola area parte do paseo que vai á praia da Fonte, a extensión do paseo.

O mesmo van dicir deste Corporación, bárbaros como non se tomen medidas para rexenerar a praia de Samil, nestes momentos estase perdendo a praia porque as mareas estanse levando a area, e as mareas, o vento e toda a vexetación que había nas dunas só pode facer o seu traballo, recuperar a area e as dunas se non teñen esa muralla artificial que está aí. Aquí estamos xogando a un “paripé” continuo cada un tratando de votarlle a culpa ao outro sen actuar, hoxe hai estudos da universidade e de grupos ecoloxistas e de todo o mundo, que vemos como desaparece unha praia que podía ser un exemplo de praia recuperada e non se está facendo porque hai responsabilidades políticas neste Pleno. O Partido Socialista négase a recuperar a praia de Samil, non sabemos as razóns pero négase, está facendo unha adxudicación que impide recuperar a praia de Samil, e haber que fai cando outras concesionarias rematen, haber que decisión toma.

O Partido Popular está facendo aquí un “paripé”, no Pleno pasado antes de que entrara a concesión administrativa, resulta que presentaron unha moción que pedía unha comisión, e nós presentamos unha emenda clara, para que todo o mundo o tivera claro, a emenda dicía que se paralizara a concesión antes de dala, e o Partido Popular rexeitou a nosa emenda porque o Partido Popular está máis preocupado ao que o Ministerio non invista no que ten que facer, que é a rexeneración de Samil e Alcabre.

Aquí o Partido Popular e o Partido Socialista, son responsables de que Samil non se rexenere, e os “paripés” xa non serven, aquí as cousas claras, nós presentamos primeiro unha pregunta cando se iniciou o debate, non tivemos resposta, despois presentamos unha emenda con toda a claridade, hai que cumprir o PXOM e hai que

paralizar a concesión administrativa, no tivo o apoio dos outros dous partidos desta corporación, que van ser os que sinalen como os bárbaros as futuras xeracións porque Samil vai ir pouco a pouco morrendo.

Agora o Bloque Nacionalista Galego, queremos de novo, con toda a claridade facer unha proposta de emenda, onde por un lado dicimos que se anule a concesión administrativa, que é a única maneira de que existan comisións e falemos, porque unha vez que vaia para adiante todo o procedemento administrativo, de que imos falar? O que hai que falar é que hai que cumprir o PXOM, que está aí, diso é do que hai que falar, e hai que paralizar o proceso administrativo.

Digo máis, como estamos vendo que isto non ten marcha atrás, porque hai unha decisión do Partido Socialista de continuar para adiante co procedemento de perder Samil e o Partido Popular, que non se suma ás posicións do Bloque Nacionalista Galego con claridade e paralizar o procedemento, dicimos que o Partido Socialista, que parece que fala sempre en nome da cidade, que fagan un referendun, que lle pregunten á cidade que dean a participación, a ver se a cidade quere a perder ou non Samil, que paralizen a concesión e que fagan un referendun e lle pregunten aos cidadáns, aos vigueses/as. Esa é proposta do Bloque Nacionalista Galego.

SR. SILVA REGO: Sr. Figueroa agradécello o ton da súa intervención, e vostede ten todo o dereito do mundo a ter a opinión que lle corresponde, eu non coincido para nada, vostede di bastantes cousas que non son certas, e ademais o que vostede oculta que é o máis grave é que a rexeneración da Praia de Samil non se produce porque o Goberno do Sr. Rajoy meteu nun caixón o Proxecto de recuperación da duna, que estaba aprobado, que estaba pagado, eu voulle aconsellar, porque eu non quero facerlle o traballo a ninguén, que lea vostede o Diario de Sesións do Senado, do 24 de xuño de 2013, onde o Secretario do Estado de Medio Ambiente, di que non se vai proceder á realización deste proxecto, repítolle 24 de xuño de 2013, véxao vostede aí e entón comprenderá que non se rexenera a praia de Samil porque o Goberno de España decidiu non consignar os 19 millóns de euros que custa a rexeneración desta praia, esa é a absoluta realidade. Vostede falla a verdade cando di que vostede fixeron un esforzo para que cando en xaneiro de 2007 remataba a concesión das Dornas, non volver a dala, non, vostedes unha inacción total, tivemos que chegar nós para esixir que había rematado a concesión

en xaneiro de 2007 se convertera nunha realidade, e o tivemos que facer a través dun xulgado, porque o Sr. Guerra que era o responsable non o fixera. É máis fomos nós, este goberno, o Goberno Municipal o que tomou a decisión de rexenerar a parte de Samil onde está o Dornas, que por certo non cubriu a area o paseo, nós derribamos o Dornas, recuperamos espacio verde e ademais tomamos medidas para que a duna, hoxe, sexa unha duna extraordinaria nese espacio, o fixo este goberno.

Polo tanto, leccións de rexeneracións de praias ningunha, nin do Partido Popular nin do Bloque Nacionalista Galego que nunca tomou unha decisión de rexeneración na praia de Samil, e gobernaron e tiveron alcalde, na praia de Samil nin unha medida de rexeneración. Polo tanto, non se poden dar leccións de “boquilla”, hai que dalas cos feitos, e os feitos falan de que nós si o facemos.

A praia do Vao, sendo responsable de Medio Ambiente a concelleira Socialista a Sra. Lago, é unha rexeneración da duna que é absolutamente sorprendente, é máis felicítanos a Xunta de Galicia, que xa é difícil que nos feliciten por algo, porque é extraordinaria, non hai nada máis que ir ás fotos.

As imaxes sempre son moito máis serias que calquera palabra baleira de contido, isto era como estaba o Jonathan, unha barbaridade que se fixo nos anos 70 e 80, onde é certo que os conceptos medio ambientais non existían, por certo, para o Sr. Rajoy agora tampouco, lembren todos vostedes que o Sr. Rajoy considera que o cambio climático non existe, díxollo un primo seu que sabe moito disto. Así estaba o Jonathan e quero que o vexan tódolos cidadáns, así é como estaba esta aberración, así.

Así é como vai quedar agora Samil, porque as imaxes falan máis que moitas palabras. Así é como vai quedar agora Samil, absolutamente integrado no entorno e coa rexeneración da duna, e con plantas autóctonas, propias das praias, as que existían en Samil, así é como vai quedar e eu quero que os cidadáns o vexan. É máis, voulles ensinar máis imaxes para que queden claras, ven grandes, para que as poidan ver, así é como vai quedar a praia de Samil, totalmente integrada no entorno e permitindo que a duna poida volver a ocupar o espacio que uns irresponsables evitaron que isto existira convertendo, é certo, a praia nun lugar que hai que rexenerar, por certo con cartos do Goberno de España que é o que ten competencias.

Máis imaxes, así vai quedar a praia de Samil.

Polo tanto, non queiran enganar aos cidadáns, voulle dicir máis, referendum xa o fixo un xornal hoxe, pregunta o xornal: que opina, gústalle como vai quedar a praia de Samil? Vinte mensaxes en contra, por certo a maioría soan a militantes dos partidos que hoxe se opoñen a esta concesión, e saben cantos “me gustan”? Ás nove da mañá 4.806, non enganen á xente esta concesión produciuse cunha enorme transparencia como nunca se fixo unha concesión como consta por parte da Asesoría Xurídica.

SR. FIGUEROA VILA: Sra. Silva, creo que non se decatou de nada do que eu lle quixen dicir, vostede traía preparado o seu discurso e eu faleille doutra cousa totalmente distinta, díxenlle que non ía entrar no debate da concesión, eu só lle digo unha cousa que nós cremos que a mellor forma de defender Samil e rexenerar Samil é que tódalas concesións venzan o mesmo ano, é o único que lle estou dicindo, nada máis, pero non lle estou dicindo nada máis que iso, é máis eu son un defensor do paseo de Samil porque moita xente gozou do paseo da Samil e salváronse as vidas de moita xente, que camiñaba tódalas mañá forzosamente porque a saúde lle obrigaba a facelo, punto.

Samil fixo o seu traballo, tomouse unha decisión de que había que retranquealo e para facelo hai que quitar as infraestruturas que hai aí e haberá que dotala doutras novas, ninguén discute iso. O que eu lle digo é que se vostedes agora fan un adxudicación ata o 2039, hipotecan a posibilidade de facer a rexeneración cando antes.

En terceiro lugar, que o Goberno de España teña que poñer os cartos, tamén o apoio, presente unha moción que a apoio para que o Goberno de España poña os cartos que ten poñer, pero tamén lle digo unha cousa hai que facer o retranqueo e hai que facer o segundo retranqueo para que o vial de tráfico se poida permitir que os cidadáns poidan pasear por alí e poidan levar o seu coche preta da praia, iso é o que lle estou dicindo.

Con respecto á rexeneración, no Vao eu participei dende o inicio, e tamén lle digo que en canto As Dornas aquí está o certificado onde nós impedimos a actividade de As Dornas, pero é igual, ese non é problema agora mesmo, o problema é que vostedes van facer unha adxudicación ata o ano 2039 e que van a hipotecar a

última concesión que remata no ano 2025, e a pregunta é, que se vai facer co Hotel Samil? A nós gustaríanos sabelo, porque é importante, porque As Dornas é importante, o Camaleón é importante, o Jonathan é importante pero co Hotel Samil que vence o ano que ven que se vai facer? O decidirán outros, pois xa está.

Iso é o que lle quero dicir, non sei se o entendeu, vostede vaise por outro discurso que Samil vai ter, xa tivo o Jonathan, o Camaleón, e había xente que estaba a favor e xente que estaba en contra, e eu dígo lle, moita xente gozou de Samil ata agora, e temos que facer que no futuro sega gozando de Samil, ese é obxectivo que temos que perseguir, e eu era o que lle quería dicir aos cidadáns que van seguir gozando de Samil, que aínda que se instalen agora infraestruturas pois cometeremos un erro, haberá que indemnizalos cando chegue o momento, gastarase uns cartos o Concello, iso é o que lle quero dicir.

PRESIDENCIA: Entendo que non se acepta a emenda.

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e máis dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e tres abstencións dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 27.08.2014 (Rex. Nº 958/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓNS URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.

PRESIDENCIA: Hai unha moción urxente proposta polo Grupo Popular sobre o tema da elección do representante deste Concello no Padroado de Caixas de Aforros, quero dicir que a lexislación vixente dá esa competencia de decisión á Xunta de Goberno Local. En todo caso a mi paréceme razoable someter isto a consenso dos grupos e polo tanto eu convocarei aos grupos Popular, do Bloque Nacionalista Galego para conseguir acadar un acordo dos tres grupos sobre a persoa que debe ser designada. Polo tanto, con ese compromiso lle pido ao Grupo Popular que retire a súa moción.

SRA. CENDÓN ALONSO: Sr. Alcalde, levamos un ano pedindo consenso neste tema e dende logo pola nosa parte vai ter tódalas facilidades porque entendemos que hai que conquistar unha persoa que defenda realmente os intereses desta cidade na Fundación, porque estamos moi degustados da política de cadeira baleira.

PRESIDENCIA: Eu estou moi desgustado de que a Xunta de Galicia quixera poñer o Padroado, a capital e a sede desta Fundación en A Coruña, afortunadamente esta cidade conseguiu que esa sede estea en Vigo. Una vez que está conseguido acordaremos o representante polos tres grupos.

5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

Non se realizaron.

6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

6.1(159).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SR. ALONSO PÉREZ, RELATIVO Á MEDIACIÓN NO CONFLICTO LABORAL EN PSA CITROËN.

SR. ALONSO PÉREZ: No Pleno do pasado mes de xullo aprobouse unha moción na que se instaba ao alcalde de Vigo á mediación no conflito laboral que se está a vivir na planta de PSA Citroën, esixindo á empresa a inmediata readmisión dos dous traballadores despedidos. Ademais nos acompañaron durante todo o Pleno, esperando a resposta do Alcalde para saber que xestións fixo, están aquí os dous despedidos, eu rogaríalle ao Alcalde que explicara que xestión fixo ao respecto desta moción.

SR. LÓPEZ FONT: Seguindo a nosa liña de actuación en mediacións, estamos esperando a que se produza a unidade sindical, a proposta conxunta que cando se produza e se faga chegar a este goberno, trasladarase á empresa aos efectos da mediación aprobada neste Pleno.

6.2(160).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SRA. VELOSO RÍOS, E RETIRADA PORQUE XA FOI TRATADA NO PLENO.

SRA. VELOSO RÍOS: Nós tiñamos rexistrada unha pregunta previamente á presentación da moción urxente do Partido Popular sobre a designación da persoa representando ao Concello na Fundación Abanca, pero ante a resposta do Alcalde retiramos a pregunta.

6.3(161).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. CENDÓN ALONSO, RELATIVO Á CONCESIÓN DA LICENCIA PARA INICIAR AS OBRAS NO DESLIZAMENTO DUN TALUD NO HOSPITAL DO MEIXOEIRO.

SRA. CENDÓN ALONSO: No mes de xaneiro con motivo das choivas tan intensas que tivemos nesta cidade houbo moitos problemas no Hospital do Meixoeiro, un

deles foi un deslizamento no talud que o separa da área comercial, un deslizamento que ten moito risco, que está presupostado e íase a iniciar a obra no mes de agosto pero non conceden a licencia aquí na Xerencia de Urbanismo. Entón nós preguntamos se existe algún problema con esta licencia porque hai moito interese en axilizado e se existe problema mediamos para que se poida solventar.

PRESIDENCIA: O estudaremos e lle contestamos por escrito.

SRA. SILVA REGO: Pódolle contestar, houbo certamente un desprendemento, durante moito tempo a Xunta de Galicia tivo un total inactividade, permitindo que continuase esa situación tan grave porque é unha competencia súa actuar para que haxa totais medidas de seguridade, non o fixo, tivemos que dirixirnos á Xunta de Galicia instando que o fixeran de forma inmediata, esixíndollo, constan os papeis desa petición, non nunha ocasión senón en dúas. Tarde, mal e arrastro a pediron e a licencia, non se preocupe vostede, que con toda a axilidade que permite o procedemento. É unha prioridade e váiselle dar unha vez que estean tódolos informes técnicos feitos, porque no se lle pode dar sen que haxa informes técnicos feitos, o que terían vostedes que ter feito dende a Xunta de Galicia é ter actuado cando correspondía non tardar meses en actuar sobre ese talud que tanta inseguridade lles creou aos cidadáns.

6.4(162).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. PÉREZ DÁVILA, RELATIVO AO CUMPRIMENTO DO ACORDO PLENARIO DE CREAR UNHA NOVA LIÑA DE VITRASA PARA OS UNIVERSITARIOS.

SR. PÉREZ DÁVILA: No último Pleno aprobouse unha proposta do Partido Popular para crear unha nova liña de VITRASA de apoio aos universitarios, dende a zona de Teis pola zona norte de Vigo, e quería preguntar cal é o motivo para que o Goberno Local non fixera ningún trámite para dar cumprimento á creación desta nova liña a

pesares de ter sido aprobada en Pleno e que xa comezou o curso.

PRESIDENCIA: Contestamos por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.